

**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
do 24 de Setembro de 2015.**

ACTA Nº 1/2015

ASISTENTES

Alcalde

D. Manuel Cuiña Fernández

Concelleiros

Dna. Ana Luisa González Costa
D. Klaus Brey Montaña
D. Jesús Taboada Lázara
Dna. M^a del Pilar Peón Iglesias
Dna M^a José Fernández Rodríguez
D. José Luis Espiño Espantoso
Dna. Natalia Iglesias Méndez
D. Ignacio Maril Pardo
D. José Antonio Ramos Dobarro
Dna M^adel Carmen Folla González
D. Matías Rodríguez da Torre

SECRETARIO XERAL: Manuel Quintáns Queiruga,
secretario do concello, que da fe do acto.

Na Casa do
Concello de SILLEDA, ás
dez horas do día vinte e
catro (24) de Setembro do
ano dous mil quince
(2015), reúnese o Pleno
da Corporación en
primeira convocatoria de
sesión ordinaria.

1º.- ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES (Do 30-07-2015).

Polo voceiro do BNG se formula protesta polo contido moi resumido da acta, que non recolle adecuadamente o sentido das intervencións, mesmo non constan sequera as respostas as preguntas, e, ademais, polo feito de que levan 5 meses sen recibir una soa acta da XGL e iso atenta contra os seus dereitos ao non poder facer a labor de control que lle corresponde a oposición. Malamente podemos traballar deste xeito, sostén.

El Sr. Alcalde considera que é debido a sucesión de baixas por enfermidade e vacacións e a Secretaria anterior non puido facelo. O Sr. Secretario lle indica que se encargará de solventalo...

2º.- TOMA DE POSESION DA CONCELLEIRA AIDA CASTRO CARAMÉS.

Una vez recibida credencial da Xunta Electoral de Zona de nomeamento da nova concelleira da Corporación **AIDA CASTRO CARAMÉS**, se procede a súa toma de posesión, previa promesa ou xuramento, de acordo coa seguinte fórmula:

“Prometo pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro do Concelo de Silleda, con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

O Sr. Alcalde lle da a benvinda a esta Corporación en nome propio e de tódolos presentes.

3º.- RATIFICACION DA RESOLUCION DA ALCALDIA DE OPOSICION A LIQUIDACION PROVISIONAL DA XESTION ECONOMICA DA ESCOLA INFANTIL DE SILLEDA FORMULADA POLO CONSORCIO GALEGO DE BENESTAR, INSTANDO A SÚA RETIRADA E NULIDADE.

O Sr. Alcalde fai unha explicación sobre o caso sinalando que se trata dunha reclamación inadmisíbel, que afecta a moitos concellos, que non é de recibo que se nos reclame así, de repente, sen previo aviso e sen convocar, nen sequera constituir a Comisión Mixta que es establece nos Estatutos. Todo isto polos problemas, entende, que ten o Consorcio, xa que o queren liquidar e se atopan co problema de que teñen que deixar a débeda a cero. Asistiu a 2 reunións e tanto a nivel de partido como da FEGAMP, incluso se vai a usar o recurso que plantou o Concello, do que teño que agradecer o Secretario ese traballo, que foi valorado na mesma FEGAMP para o seu uso, co permiso, claro...

Voceiro PP: no que discrepa é que se trata dunha fase sinxelamente o provisional, o Xerente do Consorcio fai unha proposta e terá que reunirse a Comisión Mixta. Aquí non hai nada firme. ¿Por qué se adiantan co recurso ?

Voceiro BNG: parécelle ben o recurso e está de acordo con seu contido; un caso no que a Xunta pretende “sablear”...

Alcalde: considera “estraña” a actitude do voceiro do PP, xa que na reunión a que aludiu, todos, todos os concellos do PP estaban de acordo, en contra do Consorcio. Incluso o Consorcio ofreceu a “boa vontade” de que si se pagaba baixaban a metade. A iso non pode ser. Ou sexa que a débeda xa non son os 380.000 €. Si aceptamos pagar queda na metade. Pois NON, de ningunha maneira. E non lle demos volta a tortilla: é o Xerente a quen compete convocar a Comisión Mixta; e que nen sequera se constitui a mesma, nin iso. E agora veñen a reclamar diñeiro de fai 4/5 anos... O Concello fixo o que tiñe que facer, que é recorrer esa disposición e seguiremos recorrendo...

Voceiro PP: foron vostedes ou foi Ofelia quen asinou ese Convenio. O que digo e que existe a obriga de convocar a Comisión Mixta. Que se reúna e sentarvos a negociar. É o que procede. Esa é a nosa posición, pero non estamos en contra deste acordo.

Voceiro BNG: este tema está moi claro, que se recorra. Aproveito para subliñar que está moi ben isto de ratificar, que o Pleno opine, que se manifeste, aínda que xa se



fixera o recurso; como mínimo participamos, facemos así a nosa laboura política. Xenial.

VOTACION E ACORDO:

Sometido a votación, aprobouse por unanimidade dos 13 concelleiros presentes a ratificación do acordo da XGL antedito.

NOTA: O TEXTO INTEGRO SE RECOLLE NO ANEXO DESTA ACTA

-----

4º.- RATIFICACION DO ACORDO DA XGL DE REQUIRIMENTO DE PAGO en dous apartados. Previa a providencia de apremo en vía executiva polos anos 2005/2007 e liquidación ordinaria polo periodo 2008/2011 a empresa EXPLOTACION MINERA DE CAMPOMARZO SL, en concepto de canon municipal pola explotación dun vertedoiro para escombros de construción e demolición, en terreos municipais, segundo contrato suscrito entre a empresa - adxudicataria do servizo público- e o Concello en data 23 de Maio de 2002.

Alcalde: fai una breve introdución sinalando que só cabe referirse ao texto que se incorpora, aí están as razóns e se trata de cobrar a débeda que ten co Concello Campomarzo, hai que esixila por obriga legal, como tamén temos que pagar a INDEZA.

Voceiro PP: estamos de acordo.

Voceiro BNG: nos tamén, hai que ir pola vía executiva, pois vaise, son débedas que están aí e temos que cobralas, claro.

VOTACION E ACORDO:

Sometido a votación, aprobouse por unanimidade dos 13 concelleiros presentes a ratificación do acordo da XGL antedito.

NOTA: O TEXTO INTEGRO SE RECOLLE NO ANEXO DESTA ACTA

-----

5º.- APROBACION DO PREGO DE CLAÚSULAS ADMINISTRATIVAS E CONVOCATORIA DA LICITACION PARA CONTRATAR, POR PROCEDIMENTO ABERTO, CON TRAMITACIÓN ORDINARIA E CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA PERSOAS DEPENDENTES E PRESTACIÓN BÁSICA DO CONCELLO DE SILLEDAS.

A concelleira M^a del Pilar Peón Iglesias explica que o ano pasado se adjudicou o servizo por un ano, que funcionou perfectamente, sen problema algún coa empresa e que nesta ocasión faise por 2 anos mais dous posibles de prórroga, ata un máximo de 4, coincidindo co período dunha lexislatura, para que cada novo goberno poida decidir

O voceiro do PP: asegura que, como xa dixó, o ano pasado, faise unha tramitación sen garantía suficiente para os traballadores/as.

Voceiro do BNG: estamos diante dunha privatización ao 100% e non hai argumentación seria a favor desa privatización, e repito que as empresas teñen que ter un beneficio económico, a municipalización non, nin tampouco hai beneficios para os usuarios, e hai alternativas, claro que si, unha concesión mixta, por exemplo, entre empresa e concello; e o ano pasado tivemos un Pleno extraordinario que votou en contra e logo unha adjudicación pola Xunta de Goberno e acabouse xudicializando a vida política. E agora veñen cun aumento de anos, de dous a catro. Se pregunta cales son as vantaxes e onde están os argumentos a favor da privatización. E agora, ademais, que temos a sorte de ter unha concelleira de Servizos Sociais aricada en exclusiva, con mais horas de dedicación e que reforza as razóns a favor de facer público o servizo, polo que non atopa explicación a esta privatización, reitera.

Sr. Alcalde: recorda que o ano pasado se estaba nunha situación irregular con 2 empresas traballando e sen contrato. O tema da municipalización do servizo, xa está moi debatido e nos concluímos que resulta mais positivo que xestiones o servizo unha empresa, tendo unha boa experiencia neste último ano, os usuarios están satisfeitos, que é o mais importante. E faise así na maioría dos concellos galegos, na práctica totalidade, incluíndo os de BNG. Así que despois dese discurso de Matias, teño que lembrarlle que en Pontevedra, o buque insignia do BNG, tamén está privatizado. O que nos importa é que funcione ben a xestión do servizo e todos contentos e que no cambien as persoas, a ser posible, algo que demandan moito os usuarios, xa que é xente que entra na intimidade das súas vivendas. Por siso é bo ampliar o marxe de tempo e que teñan a posibilidade de estar 4 anos.

O voceiro do PP: nos insistimos en que tamén é importante velar polos traballadores e nos constan que hai queixas nese sentido. E iso hai que garantilo por parte municipal.

Voceiro do BNG: ou sexa, deduzo que si non funciona ben a privada habería una solución público. Iso non é serio. Insisto co Non do noso grupo a provatización.

VOTACION E ACORDO:

Aprobase por 7 votos a favor (PSOE) e 6 en contra (5 do BNG e 1 do PP)

NOTA: O TEXTO INTEGRO SE RECOLLE NO ANEXO DESTA ACTA



6º.- Ordenanza da prestación do servizo de axuda no fogar (SAF). Modificación das taxas para o copago da prestación.

Se transcribe o texto:

Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar

Concello de SILLEDA

Artigo 1º. Fundamento e natureza

1.1 En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia,

O Concello de SILLEDA establece a taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar atendendo ao establecido nos artigos 20.4 e 57 do citado Real decreto lexislativo polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

1.2 O Servizo público de Axuda no Fogar configúrase como unha prestación do Sistema público de Benestar Social establecida na Lei 39/2006 do 14 de decembro de Promoción da Autonomía persoal e de Atención as persoas en situación de dependencia e demais normativa estatal de desenvolvemento, Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia e demais na normativa de carácter autonómico que desenvolve a Autonomía e atención á dependencia na Comunidade Autónoma, e en especial a Orde do 22 de xaneiro do 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar (DOG nº 22 do 2/02/2009).

1.3 As atencións que se prestan son as reflectidas no Regulamento Municipal do Servizo de axuda no fogar no Concello de SILLEDA.

Artigo 2º. Feito impoñible

Constitúe o feito impoñible a prestación efectiva do servizo de axuda no fogar, nos termos e condicións de intensidade regulada polo ordenanza Municipal do servizo de axuda no fogar.

Artigo 3º Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos en concepto de contribuíntes as persoas físicas que soliciten ou resulten directamente beneficiadas pola prestación do servizo, xa sexa con carácter estable ou temporal.

Artigo 4º Responsables

1.1 Responderán solidariamente das débedas tributarias as persoas ou entidades as que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

1.2 Serán responsables subsidiarios as persoas ou entidades as que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Artigo 5º Cota tributaria

5.1 A base imponible estará constituída polo tempo de utilización do servizo, medido en horas, por parte da persoa usuaria.

5.2. O prezo da hora será en función do contrato que en cada momento subscriba o Concello coa empresa prestadora do servizo.

Prezo actual:

Artigo 6º.- Determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar por libre concurrencia.

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

1. Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

2. Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

3. A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

Artigo 7º.- Participación das persoas usuarias no financiamento do servizo de axuda no fogar por libre concurrencia

1. Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concurrencia, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 17 de la ordenanza.



CAPACIDADE ECONÓMICA	PARTICIPACIÓN NO CUSTE DO SERVIZO DE SAF BÁSICO
Inferior ao 0,80% do IPREM	0%
Dende o 0,80% e inferior ao 1,25% do IPREM	15%
Dende o 1,25% e inferior ao 1,5% do IPREM	20%
Dende o 1,5% e inferior ao 1,75% do IPREM	40%
Dende o 1,75% e inferior ao 2% do IPREM	50%
Dende o 2% e inferior ao 2,25% do IPREM	65%
Dende o 2,25% e inferior ao 2,5% do IPREM	70%
Maior de 2,50% do IPREM	90%

Artigo 8º.- Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia

Para determinación da capacidade económica e a participación no financiamento das persoas dependentes valoradas con dereito recoñecido de atención mediante o servizo de axuda no fogar, terase en conta o establecido no Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo

A capacidade económica das persoas dependentes, valoradas con dereito recoñecido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, observándose as normas de aplicación á materia, vixentes en cada momento, polo órgano competente na materia de servizos sociais da Xunta de Galicia.

O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do plan individualizado de atención que se desenvolva en cada caso, de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

Artigo 9º.- Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar

1.- No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas a efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2.- Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

3.- Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4.- En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento, poderá exceder o 90% 65% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

Para persoas dependentes valoradas, con dereito de atención recoñecido:

Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II	
Capacidade económica (referenciada al IPREM)	20 horas	30 horas	40 horas	55 horas	70 horas	90 horas
Inferior o igual al 100% del IPREM	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
Mayor del 100% y menor o igual al 115% del IPREM	4,52%	6,56%	8,59%	11,42%	14,47%	18,09%
Mayor del 115% y menor o igual al 125% del IPREM	5,41%	7,84%	10,28%	13,66%	17,31%	21,64%
Mayor del 125% y menor o igual al 150% del IPREM	5,55%	8,05%	10,54%	14,01%	17,76%	22,19%
Mayor del 150% y menor o igual al 175% del IPREM	5,65%	8,19%	10,73%	14,26%	18,07%	22,59%
Mayor del 175% y menor o igual al 200% del IPREM	5,72%	8,30%	10,87%	14,45%	18,31%	22,89%
Mayor del 200% y menor o igual al 215% del IPREM	5,81%	8,42%	11,03%	14,66%	18,58%	23,23%
Mayor del 215% y menor o igual al 250% IPREM	6,03%	8,75%	11,46%	15,24%	19,31%	24,14%
Mayor del 250% y menor o igual al 300% IPREM	6,24%	9,05%	11,86%	15,76%	19,97%	24,97%
Mayor del 300% y menor o igual al 350% IPREM	6,42%	9,30%	12,19%	16,20%	20,53%	25,66%
Mayor del 350% y menor o igual al 400% IPREM	6,54%	9,48%	12,42%	16,51%	20,93%	26,16%
Mayor del 400% y menor o igual al 450% IPREM	6,63%	9,62%	12,60%	16,75%	21,22%	26,53%
Mayor del 450% y menor o igual al 500% IPREM	6,70%	9,72%	12,74%	16,93%	21,45%	26,82%
Superior al 500% del IPREM	6,76%	9,80%	12,84%	17,07%	21,63%	27,04%

O Decreto 149/2013 establece unha nova táboa:

Capacidade económica (referenciada al IPREM)	Grado I	Grado II	Grado III
Hasta			
	<=20 h	<=45 h	<=70 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %

Capacidade económica
(referenciada al IPREM) Grado I Grado II Grado III
Hasta

	<=20 h	<=45 h	<=70 h
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,76 %	14,36 %	21,97 %

Os servizos complementarios:

Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Hasta	Grado I			Grado II			Grado III		
	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas
	=15			=28			=45		
100,00%	0,00%	12,87%	13,76%	0,00%	22,73%	24,29%	0,00%	35,51%	37,95%
115,00%	5,98%	13,10%	14,00%	10,56%	23,12%	24,71%	16,50%	36,13%	38,61%
125,00%	7,15%	13,39%	14,31%	12,63%	23,64%	25,26%	19,73%	36,94%	39,47%
150,00%	7,34%	13,52%	14,44%	12,95%	23,87%	25,50%	20,24%	37,29%	39,85%
175,00%	7,47%	13,61%	14,54%	13,18%	24,03%	25,67%	20,60%	37,54%	40,12%
200,00%	7,57%	13,76%	14,70%	13,36%	24,29%	25,96%	20,87%	37,96%	40,56%
215,00%	7,68%	13,83%	14,78%	13,56%	24,42%	26,09%	21,18%	38,16%	40,77%
250,00%	7,98%	13,96%	14,91%	14,09%	24,64%	26,33%	22,01%	38,50%	41,14
300,00%	8,25%	14,06%	15,02%	14,57%	24,82%	26,52%	22,77%	38,78%	41,44%
350,00%	8,48%	14,16%	15,13%	14,98%	25,00%	26,72%	23,40%	39,07%	41,74%
400,00%	8,65%	14,35%	15,33%	15,27%	25,33%	27,06%	23,85%	39,57%	42,29%
400 %	8,77%	14,48%	15,48%	15,48%	25,57%	27,32%	24,19%	39,95%	42,69%

O acrónimo IPREM significa "indicador de rendas de efectos múltiples".

Artigo 10º Obriga de Contribuír.

A taxa devengarase e nace a obriga de contribuír no momento de iniciarse a prestación do servizo.

Artigo 11º Normas de Xestión

11.1 As normas de altas, modificacións e baixas na prestación do servizo son as recollidas no Regulamento Municipal do Servizo de Axuda no Fogar.

11.2 As liquidacións practícaranse por meses naturais, aboándose cada mensuralidade (recoméndase nos primeiros vinte días do mes seguinte) do mes seguinte.

11.3 O pagamento efectuarase mediante cargo na conta corrente ou libreta de aforros que a persoa solicitante ou usuaria do servizo de axuda no fogar deberá indicar no modelo oficial que lle será facilitado polo Concello.

11.4. O Concello de SILLEDA revisará anualmente os prezos base do servizo, e adaptará as porcentaxes correspondentes ás aportacións das persoas usuarias segundo as modificacións que ponderan emanar dos órganos autonómicos correspondentes. En ambos casos, de darse modificacións, comunicarase por escrito ás persoas usuarias.

Disposición Derradeira

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación, e entrará en vigor, unha vez se produza a publicación do seu texto no BOP. A presente ordenanza permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa. O texto íntegro da nova ordenanza, ou da ordenanza modificada, será obxecto de publicación no BOP.

VOTACION E ACORDO:

Voceiro do BNG: o voceiro do BNG explica o sentido do seu voto a favor da ordenanza en canto se trata de regular os ingresos por este servizo, cuestión substancialmente distinta a súa forma de xestión, que defende que sexa pública e non privada, polo que votou en contra no punto anterior.

Apróbase por unanimidade dos 13 concelleiros presentes.

-----

7º.- PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS A CREACION DE EMPRESAS (Microcréditos a emprendedores). Aprobación das Bases e Convocatoria con cargo ao Orzamento do 2015.

VOCEIRA PSOE

Atendendo ó momento de crise actual que estamos a vivir, e para potenciar e activar a creación de emprego, poremos en marcha un plan de axudas a emprendedores, como xa levamos no noso programa electoral.

O programa está dotado dun presuposto de 15.000€, cun máximo por persoa ou entidade de 2.000€, e subvencionamos o 50% dos gastos. ¿Por qué o 50%?, porque é unha aposta do Concello a fondo perdido, pero tamén é unha aposta deles mesmos. ¿Qué requisitos se esixen?: que a razón social esté en Silleda, ten que ser de nova creación, tanto que se é empresa, polo menos un dos membros ten que vir de

desemprego, ou autoemprego, autónomos. Crear, como mínimo, un posto de traballo novo, e, evidentemente, non ter débedas nin coa Seguridade Social, nin con ningún outro organismo, inclusive o Concello de Silleda.

¿Qué se subvenciona?: os gastos de constitución, e detallamos, cóbrese o que ven nas bases, exactamente, gastos de constitución, que veñen detallados, honorarios, gastos de proxectos, licencias, altas no rexistro, gastos de notario, publicación no BORME.... Despois, en existencias, mercancías, materias primas.... En gastos, gastos de aluguer, vehículo industrial, equipos informáticos, e tamén os seguros que sexan necesarios.

Suministros e gastos correntes: como a auga, teléfono, electricidade, gasóleo ou gasolina, se fose necesario. Gastos de oficina, asesoría, gas, e equipos de seguridade nas súas instalacións.

Despois tamén os dereitos de propiedade industrial, como son patentes, modelos de utilidade, deseño industrial, marcas de produtos ou servizos, nomes comerciais, e dominios en internet.

¿Cómo se procede?: ábrese o prazo, dende a publicación no BOP. Os solicitantes teñen que cubrir os anexos, que estarían colgados na nosa páxina web, ou ós que teñen acceso no rexistro. E por orde de entrada no rexistro, se atenderán nas xuntas de goberno.

Quenda de intervencións.

VOCEIRO PP

Bueno, temos que agradecer a boa fé da Concelleira de comercio, e acato estas bases, pero o que temos que dicir é que isto non se corresponde para nada, como dixo ela agora mesmo, co programa electoral que eles levaron. Que do que vostedes falaban era duns micro créditos, e aquí son unhas axudas, agora mesmo, a fondo perdido.

Pero bueno, no fondo, a idea está ben.

Vemos que está verde, como falamos onte na comisión dos tres grupos, que hai que mellorar cousas.

Como se dixo, non se regula realmente a quén vai dirixida exactamente. Se é para parados de longa duración..., se priman esas cousas, para parados de longa duración, ou menores de 30 anos, ou xente que sexa o seu primeiro traballo...

Hai que especificalo un pouco mellor. Tódolos proxectos non se poden valorar igual. Pero no fondo, entendemos que, como primeiro experimento, está ben. Ímolo apoiar. Pedimos que o alcalde manteña a palabra que dixo onte na comisión informativa, de que para o próximo ano ía a ter en conta as suxerencias que se lle fagan por parte dos grupos, entón eu falo de convocar algunha reunión.... E todo o que sexa mellorar, e axudar ós emprendedores vémolos ben. Esperemos que o alcalde manteña a súa palabra e teña en conta as nosas opinións.

VOCEIRO BNG

Bueno, pois agora vouno explicar eu mellor, porque o portavoz do PP quere facer tamén de portavoz do BNG.

A ver, o que expoñíamos onte era o seguinte: convocouse unha comisión informativa 24 horas antes dun pleno. Iso é un erro.

Falouse, na pasada lexislatura, no inicio da pasada lexislatura, que as comisións informativas, cando menos, se convocarían unha semana antes do pleno. ¿Por qué se fai isto?. Se se convoca unha semana antes do pleno, hai sempre tempo para que as

organizacións discutan, poidan facer emendas, e mesmo se poidan facer as correccións precisas de cara ó pleno.

Máis, onte comentabamos que, aí o que os traizoou, realmente, quería dicir, é a maioría absoluta. A política da foto. E vouno explicar:

As corporacións poden funcionar de forma democrática da seguinte maneira, e deben funcionar, por iso pedía que o secretario ratificase, en todo caso, as miñas palabras. As comisións informativas non teñen por qué ser so para ditaminar as cuestións do pleno. Poden ser reunións de traballo entre os concelleiros, a parte da xunta de voceiros; pero enténdese que as comisións, son mellores para os temas específicos, porque cada voceiro, (eu, evidentemente son un só, entón participo en todas), máis os concelleiros das outras organizacións enténdese que son máis especialistas nas comisións nas que están. Bueno, xa sabemos que algúns fanas por compensar o cobro, para que uns vaian para unha e outros cobren outra, pero realmente as comisións están pensadas para iso, para que os concelleiros que están aí, pois como se lles da, coñecen mellor, un tema determinado, poidan debatelo.

E esta foi unha ocasión perdida, e foi unha ocasión perdida polo seguinte: o PSOE levaba isto no seu programa electoral, o BNG levaba iso no seu programa de goberno, o PP seica tamén o levaba, (pedinlles onte desculpas porque non llo lin, pero bueno), seica tamén o levaban. Vale, moi ben. Pois con máis razón aínda, sentámonos e discutimos as bases, porque no fondo estamos de acordo todos, sexan micro créditos, sexan subvencións a fondo perdido. Por exemplo, eu o das subvencións a fondo perdido achegueino cando se discutiu aquí o tema do orzamento, e isto entraba no orzamento, e nos apoiamos aquela cantidade que aparecía fixada no orzamento, porque nos parecía un bo comezo.

A cuestión está en que isto non se fixo. Non sei se é porque realmente o que se quere é publicitar unicamente dende o goberno e despois sacar o tema ademais, que os micro créditos que poderían dar as entidades bancarias, a partir do acordo global que faga o Concello.... Por iso, aí, e fágolle a aclaración, ó que fai o Partido Popular, eu creo que a medida debe de ser así. É dicir, o micro crédito municipal é unha axuda a fondo perdido, e logo ti negocias coas entidades bancarias para que poidan ponderar ademais, esas subvencións. E esa subvención serva, pois como comentaba onte o alcalde, e é de verdade, como un aval para ante o banco, (¡Ah!, ¿pero a ti apóiate o Concello?). Faise así normalmente.

Porque o outro xa sería, xa falaríamos ..., os micro créditos, digamos, tal como se coñecen, como micro créditos, que funcionan en países asiáticos, como pode ser a India ou por aí, é por qué realmente, os bancos non conseguen ter esa..., digamos, esa colaboración coas institucións, funcionan á parte. Por iso moitas veces se fai dende a propia institución. Máis pode ser así. Máis claro, nos comentamos isto porque hai cuestións que, (agora terémolo que facer para o ano que ven, este é un período de proba), que poderían aparecer nestas bases, unha vez discutidas e consensuadas entre todos e todas.

Repítoas. Comentábaas onte. Por exemplo, condicionar a dación da subvención a unha permanencia mínima. Isto pode ser algo que se pode debater. Con isto nós aseguramos que realmente esa subvención que se lle da a un cidadán é por unha empresa que permanece nun tempo determinado. É dicir, falábase onte. Temos que evitar, intentar evitar, que non haxa, que as súas non sexan fantasmas, pois empresas fantasmas, ou incluso que se acabe o tema dos traspasos. Esta é unha forma. Xa sabemos que ó mellor as empresas non van ben, pero poñer un mínimo período de tempo para que realmente se comprobe que a empresa funciona.



Independentemente de que isto tamén se decida na xunta de goberno, debe ser así. Porque do contrario, hai que pedir a devolución directamente. É dicir, cando un falsea unhas contas, ou unha subvención, mesmo a nivel administrativo, váiselle pedir a súa devolución. E ten pasado, sen ir máis lonxe, por exemplo, subvencións da Xunta de Galicia, ou sobre todo, subvencións europeas, coas que aquí cada un metía o diñeiro onde quería, e despois, chegaba alí, ¿onde está o fin?, ¿está isto aberto?. Ben. Despois falábase, xa incluso desprendéndonos das idades, porque é verdade que pode existir máis paro entre os menores de 35 anos, máis existe tamén unha bolsa de paro importante, comentabámolo aí atrás nunha reunión do BNG, de traballo, por este tema. É dicir, os parados de maiores ..., por exemplo de 45 anos moitas veces non aparecen nin tan sequera como parados, porque son xente que está cobrando a axuda familiar. Entón aí hai unha bolsa importante. Entón, de algunha forma facer unha discriminación positiva na adxudicación da subvención, a xente que monta a súa primeira empresa, porque isto está dirixido a autónomos e autónomas. E entón, dalgunha forma, é unha axuda que se lle fai, e que se pondera economicamente, ponse aquí, pois ... o máximo son dous mil euros o que se lle da a cada traballador, a cada auto empregador, pois ó mellor a unha persoa que monte por primeira vez, igual merece máis, é dicir, como un acicate, ¿non?.

E logo tamén aos parados de longa duración. Porque esa é unha bolsa importante. Normalmente son persoas maiores de 45 anos, máis tamén hai que primar dalgún xeito que esas persoas se decidan a facer algo, porque apóstase polo seu potencial creativo, e sobre todo, pola súa experiencia laboral, porque a teñen e, moitas veces, pois pola situación actual, non chegan a estar en ningunha empresa, por unha cuestión de idade, por esa inxustiza.

E logo, por último, ó mellor isto requiriría ter un baremo, e un baremo fixo, para primar, dalgunha forma, os proxectos. Poñía onte un exemplo básico. A ver. Imaxinémonos que mañá se crea en Silleda, pois un grupo de rapaces novos, de investigadores novos, pois abren un laboratorio, e de aí sae, pois, unha probeta, un proxecto inicial para unha vacina. Imaxinémonos. Iso debe estar primado ó cen por cen. Porque ten todos os requisitos que debería ter, para precisamente isto, ¿non?: primeira empresa, cuestión de enxeño, de desenvolvemento, I+D+I+I, etc.. Non é igual, non é comparable, a apertura, ó mellor, dun negocio, dun negocio de outro tipo, ¿non?. Dun negocio de outro tipo que, ó mellor o que hai que facer é abrir a porta e falar cun provedor. E iso haino que primar. Pero claro, como certo que, o afán é colaboracionista entre todos, porque pretendemos que estas subvencións vaian adiante, e sobre todo, remarco o tema do fondo perdido, porque era algo no que eu insistía, pois deixaremos que este período de probas sirva para valoralas, e, como se dicía onte dende a alcaldía, comprometéase a que a finais de ano se nos convocará para traballar nas do ano que ven. E eu pois, evidentemente, isto deixo como consideración. E simplemente o meu tirón de orellas é que, se se tivese feito antes, ó mellor algunhas destas consideracións poderían ter aparecido aí, ou non. Máis, cando menos, sí tería tempo para explicalas. Doutra xeito non se puido facer, porque convocada vinte e catro horas antes.... Incluso se me poñía a posibilidade de que as pasase por escrito para que aparecesen na acta. Xa supoño que aparecerán na acta desta, pero claro, o que non quero, nin o BNG quere é entorpecer un programa durante estes meses porque se entende que é necesario realmente.

SR. ALCALDE

Se a Concelleira, se quere facer algunha ...

VOCEIRO PP

Unha puntualización nada máis. Onte estivemos revisando así as bases un pouco por encima, despois tamén, cando saímos, e unha cousa que nos parecía ben, é que se se podía axilizar, era que o que poñíamos que, a xunta de goberno local ten tres meses, ¿non?, para contestar. Se iso se puidera axilizar aínda máis É que tres meses é demasiado, porque para unha persoa que está empezando, sabemos que non ten cartos ...

SR. ALCALDE

Son prazos máximos que se dan en tódolos casos ...

VOCEIRO PP

Sí, pero todo o que se poida facer canto antes ...

CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, DEPORTES, E TURISMO
Bueno, dicir que, efectivamente, é un pouco proba piloto. Como ben dixo onte Manolo, e me comentou que antes había falado, que a finais de ano, en todo caso, se retomaría o tema, e analizaríamos cómo foi. E, por suposto, se hai posibilidades de mellora, se terán en conta.

SR. ALCALDE

Bueno, eu para aportar o meu gran de area, quero dicir que ..., bueno, sí é certo que me comprometín, e sí é o compromiso, e así será porque ademais me parece que este é un dos plans ..., non é un plan estrela do goberno, nin é un plan estrela desta corporación, de todos. Eu creo que é un dos plans máis necesarios, hoxe por hoxe, para a nosa poboación. E entón, sí é certo que contaremos con tódalas suxestións, e tódalas achegas que poidan facer os grupos políticos. Comprometinme onte que iso se faría, e así será. Isto ben, claro está, despois de debater, de ver que había achegas para poder debater. Digamos mellorar, iso habería que velo despois de debatelas, por parte do BNG. Por parte do PP, as achegas onte non se viron.

VOCEIRO PP

Fixémosche suxestións, aí, ¿eh?. Non sei, pero eu creo que se che fixo algunha suxestión ...

SR. ALCALDE

Sí ...

VOCEIRO BNG

A da titularidade.

SR. ALCALDE

Tamén dicir que este plan vai acompañado, como ben expliquei onte nas comisións informativas, das negociacións todas que se están a facer coas entidades bancarias. Xa están practicamente a totalidade das entidades bancarias que operan no noso concello, máis algunha que non opera no noso concello, de acordo en firmar un convenio con nos. Co cal, todos estes emprendedores que sexan beneficiarios deste proxecto, eles lle prestarán unha atención privilexiada, unha atención distinta. E bueno, basearase en non ter gastos de formalización de créditos, en ter uns intereses o máis axeitados posible. E, como dicía, ás entidades bancarias gustoulles moito esta



fórmula, porque se garante que o 50%, eses dous mil euros que pon o Concello, máis outros dous mil que obrigatoriamente, como mínimo, ten que poñer a persoa que emprende a actividade, son catro mil. Pois xa é unha forma de ter eles unha garantía de que ese negocio polo menos ten interese para saír adiante, no caso de moitos emprendedores que non teñen outros tipos de garantías.

Tamén expliquei onte que se empezou a traballar isto dende o día seguinte das eleccións. Se empezou a traballar nisto, se empezou a traballar nunha vía, falando coas entidades bancarias, coa primeira idea que se tiña de poder subvencionar os créditos ata certo punto, e chegamos á conclusión que esta é a mellor fórmula, na que creo que estamos case todos de acordo. E máis alá de facer a comisión de goberno por causas excepcionais, que xa explicamos antes ..., o último día a secretaria se foi, e onte mesmo chegou o nomeamento do novo secretario, que se podía haber feito unha semana antes. Máis alá diso, témolo rematado e ultimado dende esta mesma semana. Dende finais da semana pasada e esta mesma semana. E non quixemos esperar máis porque, como tamén creo que estamos todos de acordo, estes tres meses vannos servir de proba, e nos van a axudar a ter máis datos para poder mellorar o programa para o ano que ven. E co tempo, para o ano que ven, non so nos sentaremos as tres forzas políticas a debater cómo melloramos, senón que teremos aí un banco de probas, que foron estes tres meses, para poder ver os aspectos positivos e negativos.

E non quixemos demoralalo máis, e agradezo tamén, profundamente, o xesto do BNG, aínda que adianto que é unha prioridade absoluta que tiña este goberno, e non se permitiría demora, pero agradezo que xa o expoña ..., aínda que expón aquí as súas ideas, que acepte de bo grao propoñelas para o próximo plan, que sí vai a ser xa creo que temos que, entre todos, deseñar un plan moi efectivo e moi bo para os nosos emprendedores, para o próximo ano, que xa esta aí, dentro de mes e medio, pouco máis, ou dous meses, empezaremos a debater e a deseñar entre todos.

Por iso agradezo a disposición de tódalas forzas políticas neste caso, para non retrasar este plan que nos parece primordial para a nosa xente, que está no paro, de todo tipo: mozos emprendedores, maiores de 40 ou 50 anos, e pais e nais de familia, de 30 anos, que están no paro, con 2 ou 3 rapaces, e que non teñen moitos recursos para saír.

VOTACION E ACORDO:

Aprobouse por unanimidade dos 13 concelleiros presentes.

NOTA: O TEXTO INTEGRO DAS BASES SE RECOLLE NO ANEXO DESTA ACTA

-----

**8.- PROPOSTA DE CAMBIO DE DENOMINACIÓN DO RUEIRO MUNICIPAL.
CAMBIO DE DENOMINACIÓN DAS ACTUAIS PRAZAS DO ANTROIDO E PRAZA DA FEIRA
DE BANDEIRA POLO NOME DE PRAZA JUAN SALGUEIRO.
CAMBIO DE DENOMINACIÓN DA ACTUAL PRAZA DA FEIRA VELLA DE SILLEDA POLO
NOME DE PRAZA DE JUAN SALGUEIRO MONTOTO.**

SR. ALCALDE

Ambas propostas son a petición popular. Hai por parte das de Bandeira un escrito reclamando, por parte de tódalas asociacións do pobo, que firman a petición. E en Silleda tamén, a Comisión de Amigos de Juan Salgueiro tamén fixo esta petición, e non habendo ningún contrapunto formal exposto no Concello, por parte de ningún representante veciñal, nin ningunha asociación que teña exposto no Concello de forma oficial, nin extraoficial, que estaban en desacordo con estas peticións populares, pois creo que non nos corresponde ós que integramos esta corporación, que o que facemos é defender os intereses e os dereitos dos nosos veciños, cando hai unhas peticións populares tan amplas, creo que non temos moito máis que dicir que acatalas. Sobre todo, xa digo, cando non hai ninguén que poña un contrapunto a isto, porque non hai metido no Concello ningún tipo de escrito de ningún tipo de asociación, nin de ninguén que poña un contrapunto a isto, que por outra parte, como xa foi publicado e debatido varias veces antes, creo que toda a poboación está informada destes cambios, e non houbo ninguén que se opuxera a eles.

VOCEIRO PP

Nada, estamos totalmente de acordo, e o que dixeches agora, que estaba consensuado con tódalas asociacións, e para adiante.

VOCEIRO BNG

Cando veu isto ó pleno anterior, nós realmente o que queríamos era que se debatesese publicamente. Por iso nos parecía precipitado que viñese aquel pleno, tomar unha decisión no pleno sobre algo que, realmente pois xa transcendía unha posible decisión no sentido de que deberían, cando menos, escoitarse os argumentos de quen propoñía, porque nos escritos que se seguen pasando, que chegaron destes colectivos, non está argumentado realmente o porqué. De ahí que o outro día se convocase unha reunión na Bandeira, na que participaron colectivos da Bandeira, asinantes dun escrito no que se propón que se denomine a Praza da Feira da Bandeira como Juan Salgueiro, e...., (interrupción dun teléfono móbil). A cuestión está, e participou tamén o colectivo de Amigos de Juan de Silleda. Nos o que dixemos naquela reunión, mesmo saíu parcialmente nos medios de comunicación e para que se entenda ben, é o seguinte: pediamos, que se argumentase o por qué. Nos temos as nosas consideracións, e evidente, e repítoas aquí, o primeiro día preguntaba naquel pleno, ¿qué se vai valorar?. Dende o Partido Popular xa se respondeu inmediatamente que a personalidade, a persoa, a figura, de Juan Salgueiro Montoto, é evidente, porque non falamos só da dignificación política de Juan, porque evidentemente ahí nos temos claro que non debía ter esa consideración, xa que á vista está como foi a xestión de goberno, e á vista está cómo actuou o BNG naquel momento. Agora, si temos un profundo respecto, aprecio, e cariño, pola súa figura persoal, por él, e mesmo isto foi dito publicamente polo BNG, tanto pola ex-portavoz municipal do BNG, Carmen Fidalgo, coma polo portavoz actual, que son eu. Porque era así. E valoramos sobre todo de él, xa non so a súa humanidade, senón tamén que era unha figura socialmente activa, especialmente na súa vila, e na contorna da súa vila, na bisbarra, na Bandeira. Máis, tamén é certo que, estas propostas teñen que ter consideracións políticas, porque a nos correspónden dar esas consideracións políticas. Consideracións políticas que ata agora non houbo, nin por parte do PSOE, nin por parte do Partido Popular. Máis nos imos repetir o que viñamos mantendo ata agora, e ademais o que lle escoitamos tamén a moitas persoas. O que pasa é que tamén hai que ter en conta que esta cuestión é recente, moi recente, (sabemos todos que o seu



falecemento foi hai moi poucos meses), e tamén dalgún xeito a xente mantén un loito. Iso é así.

Cambiar os nomes dunhas prazas, que teñen un nome popular, realmente contraponse a un acordo desta corporación municipal de 2008, cando se abriron aquelas comisións para cambiar os rueiros, que os primeiros que se cambiaron foron as rúas franquistas no Concello de Silleda. E contraponse, porque unha das súas conclusións é que se preservarán os nomes populares, e tentarán de recuperarse os topónimos neste Concello.

Praza da Feira, e Praza da Feira Vella, son nomes populares, non son topónimos, son nomes populares, adquiridos e dados polo tempo, pola cidadanía, pola xente, porque alí se celebraban feiras, dende o século XVII e XVIII na Bandeira e en Silleda. Iso é así. Por iso, o cambio dos nomes de prazas, parécenos que realmente debería ter unha análise dende ese punto de vista.

Entrando tamén nas prazas, fálase da reforma das prazas, de que a reforma se fixo no tempo de Juan. Ben. A destrución das carballeiras, iso sabémolo todos. É máis, eu comentábo o outro día, díxeno publicamente, e sigo mantendo, estou completamente seguro de que se Juan, (oxalá fose así), vivise hoxe en día, e fora alcalde, non tomaría esa decisión na actualidade. É impensable que se acabe con dúas carballeiras, no centro da Bandeira, e no centro de Silleda. Dúas carballeiras históricas. É impensable. E hoxe en día non se faría. E sobre todo dígo polas conversas que teño tido con él na cuestión urbanística, por exemplo da Bandeira. No que, tamén o teño que dicir, non está él para rebatelo, máis hai testemuñas, él apoiaba nese sentido, as teses do BNG. Nese sentido, cando se falaba da peonalización e da semi-peonalización. Non é por unha cuestión de apoio político, senón que era unha cuestión de concepción urbanística.

Entón, iso haino que ter claro. Realmente o cambiarlle o nome ás prazas trae estes problemas.

O outro día saían posibilidades. Posibilidades que non se quixeron levar a efecto. E é que as prazas compaxinasen os dous nomes, tanto Feira – Feira Vella, e o nome del. Incluso saíu unha última possibilidade..., é un mal menor, iso é verdade, e ahí nos evidentemente apoiámos, porque ademais era unha cuestión que, en todo caso íámolo propoñer, que é que se fixese sempre referencia, se se cambiasen os nomes, ó nome popular desas prazas, ó igual que se fai en moitas cidades e vilas do país. Poñíase un exemplo de Pontevedra, por exemplo, que mantén a Rúa das Ovellas, rúa tal... ¿Qué pasa?, que ahí non é igual. Ahí foron rúas que se perderon, digamos nos tempos da Idade Media, ou incluso na época moderna, xa non na contemporánea, e o que se trata é de recuperar o topónimo. O topónimo ou o nome popular. Aquí o nome popular está vixente, é moi vixente.

Entón, incluso propoñíamos a posibilidade de que se buscasen outros espazos, porque nos estabamos polo consenso, e estabamos ademais abertos, e estamos, a que evidentemente se poida valorar publicamente a personalidade de Juan. E iso seguimos estando, é evidente. De ahí non houbo outros espazos alternativos, incluso se comentaba que, propostas as poñíamos nos..., evidentemente nos non fomos os autores desta proposta, desta homenaxe. Pero hai que ter en conta que as rúas, e perdoade pola extensión, que as rúas permanecen nas nosas vidas de forma permanente, perpetua. Por iso estas consideracións son moi importantes. E eu creo que son consideracións que simplemente non se quixo reflexionar fondamente sobre elas.

En relación a todo iso, evidentemente nos sabemos o aprecio persoal que hai, e todo iso. O BNG non vai opoñerse, en absoluto, a que a figura de Juan sexa recoñecida.

Incluso falabamos de que as homenaxes que houbera tiñan que ser sempre, (porque non se facían dende o punto de vista político), entón tiñan que ser sempre populares . Nunca poderían ser por iniciativa municipal. Outra cousa é que dende o Concello se apoie esas iniciativas populares.

E en todo caso, o noso respecto á decisión tomada, pero evidentemente, non compartimos exactamente todo como se desenvolveu, porque é certo que hai cousas que se deberían preservar. Mais ben, adiante.

SR. ALCALDE

Ben, pois aclarar que o nome oficial será na praza de Bandeira, Praza de Juan Salgueiro, e a de Silleda, Juan Salgueiro Montoto, e como falamos nesa comisión, para oficialmente diferenciar unha da outra, para que non nos traia problemas futuros. E tamén aclarar que, como se dixo nesa comisión, de forma simbólica, pero non tan simbólica, para preservar na súa medida un pouco os nomes antigos, nas placas que se instalen, nas dúas poñerá Praza Juan Salgueiro, antiga Praza da Feira ou Praza do Entroido, e Praza Juan Salgueiro Montoto, antiga Praza da Feira Vella.

VOCEIRO BNG

Eu o outro día facía unha precisión. Máis que antiga, popularmente chamada...

SR. ALCALDE

Antigamente Praza da Feira Vella, ou popularmente chamada Praza da Feira Vella. Iso será o que irá nas placas que se encarguen e que se poñan alí no sitio. Sometido o asunto a votación, obtense o seguinte resultado:

9º.- Fixación das Festas Locais para o 2016.

A proposta da Alcaldía se fixan os días festivos locais para o ano 2016, do xeito que segue:

- **22 de Agosto** (Con motivo da Festa da Empanada de Bandeira, luns posterior)
- **19 de Setembro** (Festa da Saleta, Silleda)

----- -----
B .-P arte de control dos órganos de goberno.

10º.- MOCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS.

10.1 .- MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE. CONCELLEIRO ACREDITADO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO NO CONCELLO DE SILLEDA. PRESENTA AO PLENO A SEGUINTE MOCIÓN DE APOIO ÁS PERSOAS REFUXIADAS E MIGRANTES EN EUROPA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:



Estamos a vivir, xusto ás portas de Europa e no propio continente, unha crise humanitaria sen precedentes desde a II Guerra Mundial. A magnitude da traxedia debe impelir unha actuación urxente da Unión Europea e da comunidade internacional, para derrubar novos muros que deixen do lado de fóra a miseria e a dor provocada por eles propios.

Con efecto, a dimensión que está a alcanzar a actual crise de persoas refuxiadas e migrantes ten a súa orixe na rapina imperialista comandada polos Estados Unidos (EUA). Os EUA e os seus aliados europeos non dubidaron en levar a guerra, a morte, a destrución e a miseria a diversos países con tal de alcanzar os seus obxectivos xeoestratéxicos e espoliar os seus recursos naturais, particularmente o petróleo.

Primeiro foi o Afganistán, o Iraq, despois Libia. Agora é a Siria o albo do imperialismo. Os EUA, co inestimábel apoio de Israel e a colaboración de diversos estados europeos, organizaron, armaron e alentaron o terrorismo na Siria, incluído o chamado Estado Islámico, que agora sinalan como principal inimigo e utilizan como máis un pretexto para a súa política intervencionista na zona. Cando non, como no caso da Turquía, como punta de lanza contra o movemento de liberación nacional do Curdistán.

As vítimas desta deshumana política imperialista son as poboacións civís destes Países. É o pobo de Iraq, de Afganistan, de Libia, de Siria, do Curdistán, tamén de Palestina. Non pode sorprender, por tanto, a vaga imensa de persoas refuxiadas -fundamentalmente siríais- que escapan da guerra e de migrantes que foxen da miseria xerada igualmente pola rapina neocolonial no Oriente Próximo e en África, coa inestimábel colaboración das elites locais. Tamén non sorprende, infelizmente, a resposta da Europa capitalista. A grande preocupación desa Unión Europea ao servizo da oligarquía non é resolver o drama humano nin os problemas sociais, económicos ou políticos que están na súa xénese. A preocupación principal é blindarse para deixalos fóra. Utilízase o Mediterráneo como un grande foxo para defender o castelo europeo sen se preocupar, na realidade e para alén dos lamentos de rigor, cos millares de persoas mortas cada ano tentando cruzalo en condicións infrahumanas. Agora, fronte á vaga de persoas refuxiadas, levántanse novos muros. Hungría vén de fechar con rolos de arame farpado 175 quilómetros da súa fronteira con Serbia para impedir a entrada de persoas refuxiadas e migrantes. No entanto, non será esta tipo de medidas as que freen o problema.

Un dos exemplos máis evidentes do desinterese inicial da UE por resolver esta dramática situación está o facto de, após de máis dunha semana de crise humanitaria, deciden o 30 de agosto convocar unha reunión de urxencia do Consello de Ministros de Interior para o día 14 de setembro. Entre tanto, millares de persoas refuxiadas continúan a se agolpar en condicións penosas nas fronteiras ou achan a morte no Mediterráneo. Máis unha vez o capitalismo non ten alma, ten apenas carteira.

No entanto, este drama que parece deixar indiferentes os gobernos europeos, atinxe directamente a conciencia dos pobos. A xente, institucións de todo tipo e o nacionalismo galego, desde a súa consubstancial praxe internacionalista, sente como propio o drama humano, social e político que representa esta crise e por iso non podemos ficar indiferentes nin pasivos. O Bloque Nacionalista Galego (BNG) exige da Unión Europea mudar de forma radical e urxente as políticas de blindaxe por outras de axuda e acollida digna ás persoas refuxiadas emigrantes.

Aliás, o BNG quer denunciar abertamente as políticas imperialistas e de intervención militar que están detrás desta situación e defende:

Pór fin á intervención occidental na Siria en apoio dos chamados rebeldes e promover activamente o fin do conflito militar.

A retirada de todas as forzas militares norteamericanas e estranxeiras dos países de Oriente próximo e norte de África.

Respecto á soberanía dos pobos e de resolución política dos conflitos.

Unha política de paz, solidariedade e cooperación entre todos os pobos.

O dereito do pobo Curdo á liberdade e á soberanía e o respecto dese dereito por parte de todos os Estados actualmente ocupantes do Curdistán.

O dereito do pobo palestino á paz e á liberdade no seu propio Estado independente.

A solidariedade internacionalista e a acción antiimperialista en toda a Europa e en todo o mundo.

Consecuentemente, diante da traxedia que estan a vivir as persoas refuxiadas emigrantes, solicitamos do pleno da corporación municipal de Silleda a adopción do seguinte

ACORDO:

1.- Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado que asuma as súas responsabilidades con urxencia na crise humanitaria que están vivindo as persoas refuxiadas e migrantes en Europa e na contorna do Mediterráneo e que promova, no marco das institucións europeas, un xiro nas políticas de asilo e de cooperación cos países empobrecidos, e tamén demandar que rompa co coñecido como Protocolo de Dublín.

3.- Así mesmo, instar á Xunta de Galiza a que asuma as súas responsabilidades e participe facilitando os recursos e servizos necesarios para a acollida temporal de persoas refuxiadas en Galiza.

4.- Iniciar contactos coa FEGAMP e organizacións non gobernamentais que están traballando sobre esta problemática en Galiza para impulsar a creación dunha rede galega de concellos de acollida, que permita recoller a iniciativa cidadá e darlle apoio e organización e ofrecer soporte técnico.

5.- Impulsar no seo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade o establecemento de liñas de traballo e de axudas en colaboración cos concellos para facilitar o acollemento de persoas refuxiadas.

6.- Xestionar a mobilización e disposición de créditos orzamentarios para axudar as persoas refuxiadas ou migrantes asentadas no noso concello.

7.- Trasladar este acordo ao presidente do goberno do Estado e da Xunta de Galiza.

*Silleda, 14 de setembro de 2015
Asdo. Matías Rodríguez da Torre*

Voceiro BNG: trátase dun exercicio de solidariedade e xustiza, lembrando que este pobo, nos tamén fomos refuxados no 36. Agora nos toca cooperar cos que sofren esta situación.



Voceiro PP: estamos de acordo, pero quero recordar que a UE xa está actuando.

Alcalde: comenta que ten dúbidas de si realmente se está actuando a fondo. O PSOE ten tamén unha moción no mesmo sentido. Houbo así mesmo a adhesión da FEGAMP, se creou unha rede de concellos para aportar medios, por ex. no caso podíamos dispoñer dos locais da estación de Taboada e tamén hai que ter en conta a solidariedade veciñal e xa hai algún veciño que oferta un posto ed traballo. OIGVS ten unha vivenda en Bandeira que podía ceder, outro exemplo. En fin, hai que buscar formas de axudar a esta xente.

VOTACION E ACORDO:

Sometido a votación, aprobouse por unanimidade dos 13 concelleiros.

-----

10.2.- MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE. CONCELEIRO ACREDITADO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO NO CONCELLO DE SILLEDA, PRESENTA AO PLENO A SEGUINTE MOCIÓN PARA A ELABORACIÓN DUN REGULAMENTO DE USO DOS VEHÍCULOS MUNICIPAIS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Na pasada lexislatura aconteceron diversas incidencias coa utilización dos vehículos municipais (uso privativo dos coches, accidentes, multas de tráfico ...), que demostraron a falta dun regulamento que axudase a mellorar o control e a xestión sobre o uso do parque municipal de vehículos, tanto os destinados ao traballo dos empregados públicos, como os denominados "oficiais" de uso habitual do Alcalde e concelleir@s do goberno local.

Polo exposto, solicitamos do pleno da corporación municipal de Silleda a adopción do seguinte

ACORDO:

1.- Aprobar a presente moción do BNG de Silleda conducente a debater e consensuar un Regulamento de Uso dos Vehículos Municipais do Concello de Silleda, co fin de regular a súa utilización, control, mantemento e incidencias dos mesmos. Para o que se xunta unha proposta de regulamento que sirva como base para tratar a súa elaboración en vindeiras comisións informativas relativas á mobilidade e seguridade e finalmente levalo á seguinte sesión plenaria ordinaria, na cal se deberá introducir na orde do día para aprobalo definitivamente.

*Silleda, 15 de setembro de 2015
Asdo. Matías Rodríguez da Torre*

Voceiro BNG: trátase de regular dun xeito adecuado este uso, entre todos. Queremos saber ¿quén controla o Alcalde ? por exemplo co vehículo municipal.

Voceiro PP: nós estamos de acordo. O tema de fondo é a posibilidade de que haxa un mal uso, o que merece ese control.

Alcalde: o consideramos totalmente innecesario, xa que tódolos responsables de áreas e departamentos se encargan de ese control, e creo, polos datos que teño, que está a funcionar, polo que non e preciso facer regulamentos nin mais controis.

VOTACION E ACORDO:

Sometido a votación, queda rexeitada a moción por 7 votros en contra (PSOE) e 6 a favor (5 do PP e 1 do BNG).

-----

10.3.- MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, CONCELEIRO ACREDITADO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO NO CONCELLO DE SILLEDA, PRESENTA AO PLENO A SEGUINTE MOCIÓN PARA A SOLICITAR A ALTA DE SILLEDA NA ÁREA DE SANTIAGO DE TRANSPORTE METROPOLITANO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O transporte público é unha das principais ferramentas para a vertebración dun territorio, xa que nos permite desprazarnos entre dous puntos evitando a utilización do vehículo privado. Unha forma de mobilidade, esta última, que non é accesible para todas as persoas. Ademais de que estamos ante un modelo na actualidade, baseado no vehículo privado, totalmente insostible se falamos en termos medioambientais. De aí que defendamos o uso e promoción do transporte público, xa que se trata dun modelo máis democrático e sostible.

No concello de Silleda son varias as rutas prestadas polo transporte público, con varios destinos mais é cara a cidade de Santiago de Compostela, a que máis usuarios rexistra xa que se trata da cidade de referencia tanto para o concello como para a comarca. Mais o feito de ser a ruta con máis usuarios, o servizo prestado deixa moito que desexar. Na actualidade tan só dispoñemos dun modo de transporte público, neste caso, o autobús, xa que a única alternativa que había foi desmantelada o verán pasado (o tren rexional con paradas en Abades e Taboada).

Un dos maiores inconvenientes á hora de utilizar o transporte público é o seu prezo. Nos últimos anos estamos a sufrir un aumento dos prezos, sendo o mesmo servizo prestado na actualidade que hai anos atrás. O prezo na actualidade do traxecto Silleda-Compostela é de 4'35, ida tan só, mentres que dende A Bandeira é de 3'55. Polo que estamos a destinar preto de 10 euros, no caso de que fagamos unha viaxe ida e volta. Son varias as posibilidades para rebaixar o prezo, entre elas, a utilización do Carné Xove (20% de desconto) tan só aplicable dende a estación de autobuses de Compostela ou a compra de bonos para estudantes, mais bótase un falta a posibilidade de xeralizar os descontos a tod@s @s usuari@s e, o que suporía unha promoción importante para a utilización do transporte público para moitas persoas que mesmo diariamente ou con frecuencia viaxan do noso concello e Compostela e viceversa.



En días pasados soubemos a través dos medios de comunicación que os Concellos de A Estrada e Vila de Cruces pertencentes á nosa zona e comarca respectivamente e semellantes ao Trasdeza na equidistancia con Compostela, foran incorporados á Área de Santiago de transporte metropolitano, xunto con outros da provincia de A Coruña situados máis lonxe ca Silleda da capital galega.

Hoxe en día xa son 18 os concellos que integran a devandita Área, unha das cinco do Plan de transporte metropolitano de Galiza, o cal reúne xa a 65 concello. e que cal ofrece unhas interesantes vantaxes e descontos para quen viaxa con certa frecuencia, pois quen usuarios use o transporte público para desprazarse até a capital gozará de bonificacións no billete correspondente ao traxecto principal -a Xunta achegará o 80% desa bonificación e os concellos, o 20% restante- así como doutras vantaxes adicionais, xa que a Xunta asumirá a bonificación do 100% dos transbordos e os descontos adicionais aos usuarios habituais (o 15%) e ás familias numerosas (20% ou 50% segundo se trate de unidades familiares con 3 fillos ou máis).

Os maiores descontos conséguense facendo uso da cartón moedeiro do transporte metropolitano, que pode expedirse nas oficinas locais de Abanca. O custo de emisión é de dous euros. Para solicitala basta con presentar o DNI e para recargala non é necesario ter conta nesta entidade financeira. Outra mellora destacábel é que @s usuarios gozarán dunha viaxe gratuita en bus urbano para dirixirse ao seu destino, xa na capital galega, sempre que o utilice nos seguintes 90 minutos á súa chegada á cidade compostelá. E cando se vaian de Santiago para regresar aos seus municipios de orixe, o que pagasen de bus urbano descontara nillo logo á agora de abonar o billete correspondente ao trazado principal.

Polo exposto, solicitamos do pleno da corporación municipal de Silleda a adopción do seguinte

ACORDO:

1.- Que o Concello de Silleda proceda a facer efectiva a solicitude de entrada perante a Comisión de seguimento do Plan Área de Santiago de transporte metropolitano co fin de beneficiar @s cidadáns do noso municipio das vantaxes de mobilidade ofrecidas neste plan de transporte público colectivo

Silleda, 15 de setembro de 2015
Asdo. Matías Rodríguez da Torre

VOTACION E ACORDO:

Aprobase por unanimidade dos 13 concelleiros presentes.

-----

10.4.-MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE SILLEDA PARA RETIRAR A LEI ORGÁNICA 4/2015, DE 30 DE MARZO, DE PROTECCIÓN DE SEGURIDADE CIDADÁ (LEI MORDAZA).

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Silleda desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **Moción**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O PP aprobou o pasado 11 de decembro, en solitario, a súa Lei de Seguridade Cidadá coa oposición frontal do PSOE. Trátase dunha "lei mordaza" que rompe o espírito da Constitución e que o PSOE procederá a derrogar en canto regrese ao Goberno. Esta lei non só non contou co respaldo parlamentario dos partidos da oposición senón que foi recorrida ante o Tribunal Constitucional por unha ampla maioría dos mesmos: o PSOE promoveu o recurso de inconstitucionalidade contra a Lei Orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de Protección de Seguridade Cidadá, xunto con Esquerda Plural (EU, ICV-EUiA), UPyD, Compromís-Equo, e Coalición Canaria.

Non existe unha demanda social para unha norma absolutamente innecesaria, que supón un recorte de dereitos políticos e civís recollidos na Constitución, polo que o único que busca o Goberno é un retorno ao Estado policial.

Rajoy está a demostrar ser o presidente máis retrógrado da democracia española, está a legislar soamente para a dereita máis extrema e está a aprobar recortes en dereitos e liberdades en cada Consello de Ministros que se celebra.

É evidente que o Goberno ten medo á contestación social, moléstalle e converte á cidadanía que protesta en cidadáns e cidadás baixo sospeita. A lei mordaza é unha lei desmesurada e desproporcionada, tanto polas restricións que contempla como polo agravamento das contías das multas. Busca castigar máis ofrecendo menos garantías xurídicas á cidadanía.

Con esta lei, por citar varios exemplos, poderase castigar con até 30.000 euros un ha manifestación para impedir un desafuzamento ou con até 600 euros as faltas leves, que son as máis comúns. Poderase multar a quen difunda imaxes de antidisturbios golpeando sen necesidade a manifestantes, ou considerar unha ameaza á seguridade cidadá negarse a mostrar o DNI. Ademais, aqueles que participen nunha manifestación espontánea, isto é, non notificada previamente á Delegación do Goberno -cousa que ocorre no 50% das protestas- poderán ser tamén multados.

Ao Goberno do PP moléstalle a xente na rúa, pero o problema non son os cidadáns e cidadás que critican a acción do Goberno e as súas políticas antisociais. Se á dereita gobernante quere frear as protestas sociais que tanto lles perturban, o que debe facer é rectificar a súa política económica e botar freo á desigualdade, pero non arremeter contra o cidadán que protesta na rúa. Con esta lei, o PP demostra que non acepta o dereito á queixa e á discrepancia.

É evidente que coa escusa da crise, o PP recortou os dereitos socrais. Agora, coa escusa da seguridade, busca limitar as liberdades políticas e civís. Un novo recorte de dereitos que se suma aos xa perpetrados durante estes tres anos do PPen educación, sanidade, dereitos laborais, xustiza. Os socialistas seguiremos traballando para preservar a cohesión social, a liberdade e a igualdade de oportunidades de toda a cidadanía, impulsando desde os municipios as prestacións necesarias de servizos sociais e promovendo a reinserción social das persoas en situación de maior vulnerabilidade. Medidas de prevención, que, desde as entidades locais, poden asegurar o desexable benestar da nosa cidadanía e os seus dereitos e liberdades, axudando a "minimizar" o efecto da mal chamada Lei de Protección de Seguridade Cidadá.



Por estas razóns pretendemos que o PP retire a "lei mordaza", porque lima a cohesión social, cuestiona frontalmente o Estado de Dereito e limita os dereitos e as liberdades de cidadanía que conquistamos nestes anos de democracia desde que se aprobou a Constitución no ano 1978.

*Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Silleda somete a votación a seguinte **MOCIÓN** para ser aprobada e na que se insta ao Goberno de España a:*

Retirar a Lei Orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de Protección de Seguridade Cidadá (Lei Mordaza) porque restrinxo indebidamente o exercicio dos dereitos e as liberdades da nosa cidadanía e representa un ataque frontal ao noso Estado de Dereito.

xullo de 2015. Voceiro/a Grupo Municipal Socialista. Ana Luisa González Costa

A Voceira Ana Luisa González Costa fai un breve resumo do exposto e da oposición total a esta lei por afectar aos deeritos e liberdades individuais.

Voceiro BNG: trátase duna lei fascista, que restrinxo as liberdades e, como exemplo, eu que teño participado en moitas convocatorias deste tipo, se me atopo con segundo que axente da policía podería ser detido

Voceiro PP: nós estamos en contra, xa que o que pretende a lei é únicamente corraxir os abusos...

Alcalde: o consideramos un atropelo a cidadanía. E vou a poñer o exemplo das mobilizacións recentes do sector lácteo; con esta lei da man o cargo político de torno podería multar a tódolos representes desa mobilización tan xustificada, permitindo a policía ou delegado gubernativo actuar indiscriminadamente contra pacíficos cidadáns.

VOTACION E ACORDO:

Sometido a votación, queda aprobada a moción por 8 votos a favor (PSOE e 1 BNG) e 5 en contra (PP).

-----

10.5.- MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE SILLEDA RELATIVA Á CRISE MIGRATORIA E Á SITUACIÓN DOS REFUXIADOS QUE CHEGAN A EUROPA

*De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Silleda desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **Moción**:*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Soamente o conflito en Siria provocou o desprazamento de 4.000.000 de persoas segundo ACNUR. En Turquía permanecen arredor de 2.000.000. Líbano, Iraq, Xordania, Exipto e outros países norteafricanos repártense case a totalidade do resto.

Algúns refuxiados preferiron continuar camino, por iso, entre outras nacionalidades, moitos sirios forman parte das 264.500 persoas que chegaron a territorio da Unión Europea a través do Mediterráneo desde xaneiro ata o 14 de agosto deste ano 2015, segundo ACNUR.

A traxedia de Lampedusa en outubro de 2013, na que morreron 368 persoas, marcou un desgraciado fito na Unión Europea. As reaccións dos dirixentes comunitarios e nacionais inducíronnos a pensar que se porían en marcha solucións para que non volvесе repetirse unha traxedia humana desas dimensións. Por desgraza, dous anos despois seguimos asistindo a mortes non só no Mediterráneo, senón en todo o territorio europeo, de persoas inocentes cuxo único propósito é fuxir da guerra ou da miseria. Hoxe a traxedia é que miles de persoas desesperadas que foxen da morte, están dispostas a arriscar a súa vida e, en demasiadas ocasións, perdela.

Non podemos aceptar como inevitables as traxedias humanas que viven os refuxiados nin as mortes de persoas que se afogan no Mediterráneo ou se asfixian encerrados nun camiión. Non os podemos deixar a mercэ dos traficantes de persoas sen escrúpulos no camiño cara a un futuro mellor, porque se non teñen outra alternativa na súa fuxida, seguirán arriscando as súas vidas.

Aínda que Europa non estea a acoller en termos relativos o maior número de refuxiados nesta crise humanitaria, o certo é que as capacidades de moitos países están a verse desbordadas. Nesta crise, a ruta de entrada a Europa atópase lonxe de España. Maioritariamente, as vías de entrada con destino aos países do Norte atópanse en Grecia e Italia. Con todo, a crise está a pór a proba a todos os dirixentes europeos porque case todos eles estanse vendo afectados por ela nunha ou outra medida.

A dimensión da crise é inabordable por ningún país en solitario. Nestas circunstancias é necesario que todos os países se involucren ao máximo en buscar solucións aos problemas e desde a Comisión europea fixéronse propostas para que todos os países da Unión actúen conforme ao principio de solidariedade. Con todo, o Goberno de España, xunto a outros, parece máis interesado en desvincularse dun problema que hoxe non lle afecta de cheo que en ter unha actitude proactiva e solidaria.

Desde logo que non existen fórmulas sinxelas para acometer todas as actuacións que é necesario abordar para mitigar un problema que resulta de máxima complexidade na súa raíz e nas súas derivadas. Son necesarias medidas nacionais, europeas e internacionais, medias a curto, medio e longo prazo, plans e perspectivas novas para un problema que se manifestou como nunca o fixo. o Grupo parlamentario socialista, quere contribuír con decisión, con iniciativa e desde a mellor disposición ao diálogo, na achega dalgunhas propostas que van na liña de dar pasos adiante. Debemos apartarnos do ensimesmamento ou da resignación que non conducen máis que á repetición dos problemas e, por suposto, debemos de abandonar unha posición que non está en consonancia co sentir maioritario dunha cidadanía española que si é solidaria. Aínda está viva na memoria a solidariedade que outros mostraron con quen tamén tiveron que fuxir de España por motivos da guerra e posterior persecución que viviu o noso país. Dar as costas a quen hoxe o necesita é inxusto en si mesmo, e ademais, un torpe precedente ante futuras situacións de crises que si poldan pór en cuestión a capacidade do noso país.

Seguramente non serán as urucas propostas válidas e viables, pero si consideramos que son os mínimos para comezar a traballar na boa dirección.



Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Silleda presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN instando o Goberno de España a:

- Apoiar todas as vías diplomáticas existentes e promover a creación de cantas resulten necesarias para actuar con determinación na procura da pacificación dos países en conflito.
- Traballar en favor dunha política integral de inmigración e asilo na Unión Europea. A Unión debe contar coas competencias para abordar en común os instrumentos de ordenación dos fluxos migratorios, a integración e a cooperación con terceiros países, así como unha autoridade capaz de adoptar decisións executivas cando a situación o requira.
- Reforzar, desde unha perspectiva europea e nacional, o diálogo e a cooperación cos países do Norte de África que permitan unha adecuada atención aos refuxiados e seguir traballando para evitar a actuación dos traficantes que poñan en perigo as súas vidas.
- Reforzar así mesmo a cooperación cos países en conflito e cos que acollen a un maior número de refuxiados, complementando a asistencia de ACNUR e a Unión Europea.
- Aceptar os solicitantes propostos pola Comisión Europea e aumentar de forma inmediata o orzamento destinado ao asilo e a acollida de refuxiados.
- Deseñar con urxencia un Plan de acollida humanitaria a refuxiados. Este plan debe ter dispostas prazas de acollida dignas, posibilidades de escolarización para os menores, atención sanitaria e social, en colaboración coas CCAA e a FEMP.
- Aprobar, canto antes, o Regulamento da Lei 12/2009, de 30 de outubro, reguladora do dereito de asilo e a protección subsidiaria.
- O concello Silleda comprométese a sumarse á denominada rede de cidades-refuxio preparando dispositivos de acollida, e convida á cidadanía a implicarse e colaborar, na medida das súas posibilidades, na atención e axuda aos refuxiados.
- Desenvolver unha campaña de sensibilización da poboación sobre a necesidade de contar cunha política de asilo como parte esencial da democracia, o respecto á dignidade humana e aos dereitos humanos, e que, así mesmo, procure previr a aparición actitudes racistas ou xenófobas.
- A Corporación Municipal creará unha Mesa de Apoio a Refuxiados para realizar un traballo estable e permanente que poña en marcha as diferentes medidas para a súa mellor atención e apoio.

Setembro de 2015
A Voceira Grupo Municipal Socialista
Asdo. Ana Luisa González Costa

VOTACION E ACORDO:

Aprobase por unanimidade dos 13 concelleiros presentes.

-----

10.6.- MOCIÓN PARA INSTAR AO GOBERNO CENTRAL A INCLUIR NOS ORZAMENTOS DO ESTADO INVERSIÓNS PENDENTES NO MUNICIPIO DE SILLEDA

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Silleda desexasometer á consideración do Pleno a seguinte Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de agosto o Goberno Central presentou o proxecto dos Orzamentos xerais do Estado, uns orzamentos que volven a esquecerse da comarca do Deza e do municipio de Silleda, onde os veciños e veciñas seguen agardando despois de varios anos por inversións anunciadas e comprometidas no seu día, e que son claves para o desenvolvemento do noso municipio.

Entre estas inversións pendentes figuran a construción de beirarrúas e sendas peonís en varios tramos da estrada nacional Santiago Ourense (N-525) proxectados hai varios anos e mesmo dotados de orzamento no seu día, ou a necesaria mellora do enlace da autoestrada AP-53 coa citada nacional no acceso situado na parroquia de Lamela.

Así, continúan sen aparecer nos orzamentos do Estado actuacións como as beirarrúas en Taboada, entre os puntos kilométricos 299 e 303 da estrada N-525, actuación que figurou en anos anteriores nos orzamentos do Estado, e as sendas peonís entre os núcleos de Bandeira-Chapa; Bandeira-Lamela e Silleda- Taboada.

Consideramos que estas obras son a todas luces necesarias para reforzar a seguridade viaria ao pé dunha estrada nacional que soporta un grande volumen de tráfico con milleiros de vehículos circulando diariamente. As beirarrúas e sendas proxectadas constitúen un elemento de seguridade necesarios para os peóns nestes tramos, que unen importantes núcleos de poboación no termo municipal de Silleda.

Do mesmo xeito tamén segue sen aparecer nos Orzamentos do Estado, un ano máis, a necesaria mellora e reforma no acceso a autoestrada AP-53 (Santiago-Dozón) á altura da parroquia de Lamela, un tramo que precisa da urxente intervención do Ministerio de Fomento e no que o Concello de Silleda xa efectuou no seu día unha mellora para tratar de atallar, aínda que puntualmente, as deficiencias neste acceso.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Silleda presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN instando o Goberno de España, e nomeadamente ao Ministerio de Fomento a:

PRIMEIRO: Incluir nos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016 as actuacións indicadas anteriormente.

SEGUNDO: Instar ao Goberno Central a dotar orzamentariamente estas obras pendentes para o que se propón no caso das beirarrúas de Taboada e as sendas peonís entre Bandeira-Chapa; Bandeira-Lamela e Silleda- Taboada, sendas partidas de 200.000 euros cada unha, e para o acceso á AP-53 dende Lamela outra partida de 500.000 euros.

Silleda, setembro de 2015

A voceira do Grupo Municipal Socialista de Silleda



Asdo. Ana Luisa González Costa

VOTACION E ACORDO:

Voceiro PP: isto ven tarde, non sei a conta de qué nos trae esto, no arranxaron na época súa, cando gobernaba Zapatero e agora xa non ten sentido, a culpa é de Vdes. Non obstante, imos votar a favor.

Voceiro BNG: comeza sinalando unha cuestión de etimoloxía, non existe Bandeira, senón A Bandeira, con A diante; e como non se corrixa isto vai a ter que poñer unha sanción por cada falta que se cometa. Nunca se loitou por unha aternativa, considera que é o fondo do caso, lembra que a peor saída de autopista de toda a Unión Europea e que tiña razón o BNG no seu día de que a solución era o trazado alternativo, facer un nodo no lugar, para distribuir e por seguridade do tráfico; outra cousa é que foi a excusa para expulsarlo do goberno. Recordas as enmendadas que fixeron no BNG. Hai unha proposta de 15 millóns nos Orzamentos que habería que aproveitar para Silleda, a solución do Alto da Rocha cun enlace tamén é urxente. E hai 800.000 de compensación do ADIF polas obras que afectaron o Mosteiro de Carboeiro e a Fervenza do Toxa, un ADIF que acabou asediando literalmente as parroquias afectadas coas obras, e que fixeron un estropicio en 2 emblemas da comarca e do interior de Galicia, o que esixe unha compensación. Estamos a favor en todo caso.

Alcalde: Ven tarde dí o PP, as enmendadas foron presentadas en prazo, os presupostos do Estado se están tramitando de *prisa y corriendo*, xa sabemos por qué, polas eleccións, aínda hai tempo no Senado, onde están agora, creo, e senón queda como protesta, seguiremos a reclamálo. Si que había un acordo con Fomento, e que se trincou polo PP. E xa falamos centos de veces disto. Iso foi a verdade. En canto o voceiro do BNG, hembralle que si, que estaba a favor de ese acordo e media hora antes do pleno se cambia de idea.

- Aprobábase por unanimidade dos 13 concelleiros presentes.

-----

10.7.- MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, CONCELLEIRO ACREDITADO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO NO CONCELLO DE SILLEDA, PRESENTA AO PLENO A SEGUINTE MOCIÓN PARA O RECOÑECIMENTO DAS DEMANDAS DA ASOCIACIÓN PROFESIONAL DO PERSOAL CONTRA INCENDIOS DE GALIZA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os traballadores do SPDCIF (Servizo Público de Defensa Contra Incendios Forestais), pertencente á Consellería do Medio Rural e do Mar, vese na obriga de denunciar a situación na que se atopa o Servizo Público do que forman parte e por cuxa defensa se teñen expresado co fin de que se coñeza cal é situación na que se atopan e solicitar, á súa vez, o apoio da sociedade galega no seu conxunto e, así mesmo, o das institucións e organizacións representativas da mesma.

O Spdcif foi sempre un modelo de referencia en todo o Estado español, tanto pola súa efectividade como polo seu carácter de servizo cen por cen público ao servizo da

ciudadanía na protección do medio natural de Galiza. Fronte a esta realidade, atopándose na actualidade cun modelo de prevención e extinción e incendios fragmentado a través dun complexo entramado de organismos, empresas e institucións, que está prexudicando gravemente a eficiencia do que sempre foi un servizo público de contrastada eficacia.

O desmantelamento paulatino do Spdcif con estas políticas de disgregación progresiva dunha parte do dispositivo e a privatización doutra, está a comprometer o traballo dos profesionais na defensa do medio natural en Galicia ao non recoñecer o seu labor profesional como bombeiros forestais, ao precarizar ás condicións nas que traballan ou ao negarlles a estabilidade laboral.

Así mesmo, consideran que, non só se está a desprezar o seu traballo por non ser considerados un corpo de emerxencias senón que, ademais, estase a desaproveitar o verdadeiro potencial do Spdcif e os seus profesionais no eido das emerxencias no rural.

Diante desta situación de emerxencia, aos profesionais, decidiron solicitar o apoio da sociedade galega dende a firme convicción da nosa defensa do Spdcif como servizo público ao servizo da cidadanía xa que consideran que, agora mesmo, se atopan en verdadeiro perigo de extinción.

Polo exposto, o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego presenta a presente moción ante o pleno da Corporación Municipal de Silleda, adheríndose ás demandas deste servizo, e coa solicitude do seguinte

ACORDO:

Que o Coneello de Silleda apoie as demandas deste servizo e traslade as mesmas ao Parlamento de Galiza e á Xunta de Galiza eo fin de instar ao Goberno Galego a atendela:

1- DEFENSA DO SPDCIF COMO SERVIZO ÚNICO DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS coa volta a un servizo público, único e profesionalizado de prevención e extinción de incendios forestais como mellor garante de que se está a prestar o mellor servizo e rematar, dunha vez, coa fragmentación e a privatización que nunca deberon iniciarse xa que só se basean en intereses que non benefician ó noso medio natural.

Un Servizo Público, a cuxos profesionais, lles sexa recoñecido o labor que xa desenvolven nas emerxencias en Galicia, como tal corpo, o que redundará no adecuado desenvolvemento das potencialidades no eido das emerxencias do rural que, na actualidade, non temos.

2- CONVOCATORIA DUNHA OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO E COBERTURA DE VACANTE coa necesaria a cobertura de todas as vacantes que actualmente hai no Spdcif rematando, así, coa progresiva amortización de prazas co único fin de ir desmantelando pouco a pouco este servizo público. Igualmente, é necesario que haxa unha inmediata convocatoria da Oferta Pública de Emprego para todo o Spdcif que remate coa precariedade e incerteza na que se atopan un elevado número de profesionais interinos do Spdcif.

3- ESTABILIDADE LABORAL E PROFESIONAL. No camiño da profesionalización do Spdcif é necesario garantir a estabilidade laboral dos seus traballadores.



É necesario solucionar a problemática dos fixos descotínuos de 9 meses para darlles continuidade ata os 12 meses e poder realizar eficazmente as labores de prevención que ten asignadas este Servizo.

É necesario ampliar o tempo de contratación dos traballadores de 3 meses para establecer o equilibrio entre estabilidade laboral, profesionalización e necesidades específicas de persoal.

É necesario abordar a modificación do Decreto de Listas que regula a cobertura de prazas con carácter transitorio e a contratación temporal de persoal laboral do Spdcif para atender ás peculiaridades e necesidades específicas deste servizo garantindo unha mellor xestión e fluidez delas e atendendo especificamente a problemática dos traballadores por elas regulados.

4- RECOÑECEMENTO DA CATEGORÍA DE BOMBEIRO FORESTAL

Este recoñecemento supón darlle valor á labor que desenvolvemos na defensa dos nosos montes, do medio natural e da cidadanía facendo visible ó noso traballo; que se nos valore social e institucionalmente; que se nos forme dacordo coas necesidades específicas do noso traballo como corpo de emerxencias; que se establezan medidas adecuadas e eficaces no eido da prevención de riscos; así como o recoñecemento da natureza penosa, perigosa, tóxica e insalubre o noso traballo diante da Seguridade Social.

Silleda, 23 de setembro de 2015

Asdo. Matías Rodríguez da Torre

VOTACION E ACORDO:

Aprobouse por unanimidade dos 13 concelleiros presentes.

-----

10.8.- MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, CONCELLEIRO ACREDITADO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO NO CONCELLO DE SILLEDA, PRESENTA AO PLENO A SEGUINTE MOCIÓN de apoio, en representación da Confederación Intersindical Galega, á iniciativa lexislativa popular, de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

o sector enerxético ten para Galiza un valor estratéxico, polo que representa no seu produto interior bruto e por ser un factor relevante para a produción industrial. A pesar desa importancia, Galiza apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar unha estratexia enerxética propia, orientada a un aproveitamento endóxeno dos seus recursos enerxéticos.

Ao longo de anos, por decisións políticas, Galiza foise especializando na xeración de electricidade. Dese xeito, desempeñou un papel de subministrador de enerxía eléctrica para o resto do Estado español, con base no seu potencial hidroeléctrico e nos xacementos de carbón, acrecentado posteriormente co desenvolvemento do aproveitamento eólico e biomasa, e tamén coa construción de dous ciclos combinados de gas natural.

Porén, e a pesar de que a xeración eléctrica leva aparelados uns moi importantes custos sociais e medioambientais, Galiza non tirou proveito desta actividade económica. Ao contrario, ao estar sometida a un marco regulatorio e tarifario común en todo o Estado español e ás decisións adoptadas polas empresas eléctricas que actúan en réxime de oligopolio a través dos seus centros de decisión afastados de Galiza, nunca recibiu vantaxes do aproveitamento dos seus recursos, e mesmo sofre en amplas zonas do país unha deficiente calidade da subministración eléctrica.

No Estado español impúxose o criterio dun sistema eléctrico único e de tarifa única, prexudicial para Galiza ao tratar por igual os consumidores dos diferentes territorios, sen ter en conta a súa achega como produtores de enerxía. Cabe salientar que as tarifas eléctricas no Estado español son as terceiras máis caras para o consumo doméstico e as oitavas para o industrial, segundo unha comparativa de Eurostat sobre trinta estados europeos.

É posíbel a concreción dunha tarifa máis baixa, para que realmente exista un beneficio económico para o propio país, para favorecer o consumo doméstico dunha poboación que ten as pensións e os salarios entre os máis baixos do Estado español e para posibilitar o seu crecemento industrial. Así, nesta Lei, no capítulo 1, concrétase o desenvolvemento dunha política enerxética, baseada no papel protagonista da Administración galega, na necesidade para o país de dotármonos dunha tarifa eléctrica específica, fundamentada na nosa condición excedentaria na produción eléctrica, da análise das perdas no transporte e distribución, así como das diferentes peaxes do sistema que atenden ás singularidades de determinados territorios: extrapeninsulares, comarcas do carbón español, comunidades que son moi deficitarias na xeración eléctrica, etc. Por iso, concretamos que para Galiza a tarifa debería recoller unha bonificación dun 30% nas peaxes. A Lei pretende tamén impulsar o crecemento das enerxías renovábeis, as medidas de aforro e eficiencia enerxética e a inclusión de Galiza no actual Plano Estatal do Carbón. Por último, propónse a creación dunha tarifa industrial estábel e predicíbel que favoreza a localización e o desenvolvemento industrial. O sector empresarial galego, e nomeadamente a súa industria, precisa gañar competitividade pola vía da correcta xestión dos seus custos. Na actualidade, os custos enerxéticos representan a segunda categoría de custo máis importante despois dos correspondentes ao persoal. En 2012, o prezo da electricidade para clientes industriais era no conxunto do Estado español un 10% superior ao custo medio da Unión Europea. Obviamente, cómpre avanzarmos nas políticas orientadas a conseguir maiores graos de eficiencia enerxética para reducir a intensidade enerxética. Porén, tamén é necesario que se actúe de maneira decidida sobre os custos enerxéticos que teñen que soportar as empresas no desenvolvemento da súa actividade.

Neste sentido, Galiza acolle no seu territorio factorías que desenvolven procesos produtivos intensivos no uso de enerxía (aluminio, aliaxes de ferro, etc.). Por tal motivo, a continuidade destas actividades -coa conservación do emprego e a xeración de riqueza vinculado a elas- está estreitamente vence liada a disporen de electricidade a uns prezos que respondan á realidade dos custos relativos á súa produción, transporte e distribución. Desta medida veríanse beneficiadas non só esas factorías de referencia, senón o conxunto dos sectores produtivos galegos, que lograrían un abaratamento evidente da súa factura enerxética incrementando así a súa competitividade. Sen a lousa dunha estrutura de prezos eléctricos artificialmente agrandada por uns cálculos de custos de transporte e distribución realizados cunha lóxica de Estado, máis que non corresponden á realidade do noso país, incrementaríase o atractivo de Galiza como territorio para a implantación empresarial.

Dado que o obxectivo do sistema eléctrico é fornecer electricidade con maior nivel de calidade, ao menor custo posíbel e con respecto ás cuestións ambientais, parece evidente que se necesita de maneira inadiábel que a través dos mecanismos gobernativos oportunos se garanta que un territorio como o galego, que conta cunha grande capacidade de transformación de enerxía primaria en enerxía apta para o consumo, dispoña dun prezo da electricidade que constitúa unha vantaxe competitiva para as empresas que nel están localizadas. Os custos de transporte e distribución desde as instalacións de produción localizadas en territorio galego até os centros de consumo industrial en Galiza deberían ser inferiores aos que se recollen na actual estrutura de peaxes e cargas que está vixente para todo o Estado, dada a proximidade espacial entre unhas e outros. Adaptar estes conceptos regulados á singularidade propia de Galiza permitiría explotar unha vantaxe comparativa do noso país para xerar riqueza e emprego a través da produción industrial.



O capítulo II desta Lei recolle unha concepción da enerxía como un dereito universal de todas as persoas. Para tal fin, concrétese a definición da pobreza enerxética e artículanse varias medias para a defensa das persoas consumidoras en situación de pobreza enerxética, ao ser un problema de cada vez maior importancia na sociedade galega. Moitas persoas e familias non poden pagar as facturas do subministro enerxético, eléctrico e de gas, especialmente durante os meses de inverno nos cales, polas condicións climatolóxicas, o seu consumo é imprescindible. Segundo datos recentes en Galiza, cerca de 187.000 persoas, o 18% do total da poboación, teñen dificultades para aboaren as súas facturas enerxéticas (gas, auga, electricidade, calefacción, etc.), situación que resulta intolerábel nunha sociedade socialmente avanzada.

Capítulo I. Medidas para garantir a enerxía como servizo público para o desenvolvemento económico e industrial de Galiza.

Artigo 1. Política enerxética.

A Xunta de Galiza porá en práctica no ámbito das súas competencias e promoverá e defenderá nos órganos de cooperación entre o Estado e as Comunidades Autónomas medidas encamiñadas a:

- a) A participación da Xunta de Galiza directamente, ou a través de empresas mixtas, para o aproveitamento público de todos recursos enerxéticos, así como de todas as instalacións de produción, distribución e transporte existentes en Galiza.
- b) A implantación dunha tarifa eléctrica máis baixa para Galiza, partindo dunha redución do 30% das peaxes do sistema eléctrico.
- c) A diversificación das fontes de enerxía e recuperación das primas para permitir o desenvolvemento das enerxías renovábeis.
- d) A aprobación dun plano de medidas para o fomento do aforro e de eficiencia no consumo enerxético.
- e) A esixencia da inclusión da Galiza no actual Plano Estatal do Carbón.
- f) A creación dunha tarifa industrial estábel, con variacións predicíbeis, á que se podan acoller os grandes consumidores baixo o cumprimento dunha serie de requisitos de consumo, potencia contratada e dispoñibilidade de interrupción do subministro se for preciso para a xestión do sistema eléctrico.

Capítulo II. A enerxía como dereito universal de todas as persoas ao benestar social.

Artigo 2. Concepto de pobreza enerxética.

Unha unidade de convivencia está en situación de pobreza enerxética cando ten que destinar máis do 10% dos seus ingresos para satisfacer as súas necesidades enerxéticas (gas e electricidade) da súa vivenda. Para o cálculo anterior, consideraranse os gastos teóricos de enerxía para manter a temperatura da vivenda entre 18°C e 21°C.

Artigo 3. Medidas para erradicar a pobreza enerxética.

1. A Xunta de Galiza asumirá o custo das facturas de gas e electricidade das persoas consumidoras vulnerábeis en risco de pobreza enerxética.
2. Para os efectos de dar cumprimento ao anterior, as persoas que se encontren en situación de pobreza enerxética, nos termos do artigo 2 desta Lei, poderán solicitar da Administración, ao recibiren o aviso de interrupción do subministro de electricidade ou gas, que se faga cargo das súas facturas de gas e electricidade.
3. Para demostrar a situación de pobreza enerxética, os interesados deberán achegar coa súa solicitude un informe dos servizos sociais sobre a situación da unidade de convivencia. Este informe, que as administracións públicas competentes deberán emitir no prazo máximo de quince

días desde que sexa requirido, acreditará o cumprimento dos requisitos do artigo 2 desta Lei cunha vixencia de seis meses, sen prexuízo da súa renovación.

4. A Xunta de Galiza acordará coas empresas subministradoras dos servizos básicos de electricidade e gas os mecanismos de intercambio de información e de prezos sociais, co obxectivo de mellorar a prevención e a planificación das actuacións públicas.

5. A Xunta de Galiza acordará coas empresas subministradoras os mecanismos de información necesarios para que poñan en coñecemento dos servizos sociais e das persoas usuarias a información existente e actualizada sobre as tarifas sociais e as axudas e medidas previstas para frear a pobreza enerxética.

Por todos estes motivos, o grupo municipal do BNG, en representación da CIG, solicita do Pleno da Corporación Municipal de Silleda a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.-Manifestar o apoio da Corporación Municipal de Silleda á proposición de lei de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética que se está a impulsar por iniciativa lexislativa popular a Confederación Intersindical Galega e dar traslado do mesmo á presidencia do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galiza.

Segundo.-Animar á veciñanza do noso concello a apoiar esta iniciativa lexislativa popular.

Silleda, 24 de setembro de 2015

Asdo. Matías Rodríguez da Torre

VOTACION E ACORDO:

Aprobase por unanimidade dos 13 concelleiros presentes.

-----

11º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DOS MESES ANTERIORES.

Dáse conta.

-----

12º.- ROGOS E PREGUNTAS.

VOCEIRO PP

PREGUNTA: Que nos aclaren unha cousa, ¿agora mesmo quen está levando a recollida do plástico agrícola do Concello de Silleda; do que se xenera no rural?

PREGUNTA: E tamén se nos comunica, que na estrada de Forcarei, na que aparta en Fiestras para Escuadro, na recta esa longa, que se están producindo vertidos de lixo, a ver se se pode mirar quen pode ser.

PREGUNTA: Tamén vimos, e nos fixeron preguntas, que veu o recibo da auga de Bandeira, con unha subida importante, e nos preguntou bastante xente a qué é debido, e gustaríanos que o Alcalde, ó igual que se falan outras cousas na prensa, de

explicar que se fai tal obra, ou que se vai a facer isto, ou reclamar isto, que explicara publicamente a qué é debida esa subida, que non o deixe saír así pola porta de atrás, que a xente saiba realmente por qué é esa subida importante do recibo.

PREGUNTA: E outra cousa que tamén queremos aclarar aquí, é o tema do patio cuberto do CEIP de Silleda. Nos tivemos queixas por parte de varios pais, que iso non fora consensuado, nin coa Anpa, nin co Consello Escolar, nin co claustro, a ubicación dese patio cuberto, que era necesario. E o outro día saíu a Concelleira de Educación, desmentindo a postura do Partido Popular, dicindo que había consenso total. Queríamos saber se iso é verdade, se hai ese consenso, ou se vai haber algún tipo de reunión, ou de xunta cos pais, cos profesores, co Consello Escolar. E en caso de que sexa mentira o que nos dicimos, pediremos desculpas, e se vos mentides, pois que as pidades vos, ou que tomades algún tipo de responsabilidade, ou se iso estaba proxectado, se ides a facer algún cambio. ¿Qué tedes pensado facer con respecto a ese tema?

Esas son, agora mesmo, as cuestión que temos.

VOCEIRO BNG

PREGUNTA: Reiterar o que comentabamos ó inicio, como se dixo que se trataba todo xunto, o tema das xuntas de goberno e decretos, pedir que conste en acta e, se fai falla, tentarase traer algún regulamento, que as xuntas de goberno se pasarán na semana seguinte ós seus acordos, polo tanto, á súa celebración, que ademais pode ser en formato electrónico, normalmente son actas curtas, e para ter máis rapidez. E os Decretos, que polo menos, cada quince días, tres semanas, ao sumo, que poidan ser enviados; fotocopiados, e enviados os portavoces municipais.

Isto con relación ó funcionamento do pleno; da corporación, perdón.

PREGUNTA: Tema PXOM. Nos seguimos agardando por que varias das propostas, convertidas en alegacións, que fixo o BNG, sexan atendidas, positiva ou negativamente. Porque da resposta nada se sabe. Chegou unha resposta tan escueta e tan ambigua, que ahí non se coñece absolutamente nada. Ademais comentamos que eran cuestións básicas para que o PXOM puidese saír con certas garantías. Esas, as do BNG, e logo as da cidadanía; porque hai moita xente que non sabe o que se lle responde, porque alí dí sí, ou non, ou estimación parcial, ¿parcial de qué?. Entón este tema hai que tratalo ben, por tanto pido unha reunión coa empresa redactora para tratalo ben, sobre todo aquelas alegacións que non foron atendidas, ou foron parcialmente atendidas, tanto das organizacións políticas, (neste caso as do BNG, porque as do PP clamaban ó ceo), coma as da cidadanía.

PREGUNTA: Cuestión da auga. Imos entrar no último trimestre do 2015. O ano que ven, a auga de Silleda poderá ser recuperada para o beneficio público e pra cidadanía, por tanto pedimos que se convoque xa, canto antes, polo tanto este último trimestre, a mesa da auga, para ver realmente cales son as posibilidades para xestionar a auga publicamente. Nos non queremos que se negocie coa auga. Que a auga ós silledenses lle custe o que lles teña que custar, pero xestionada polo seu Concello, porque é un ben básico. E se hai outras posibilidades, que se poñan enriba da mesa e que se contrasten, pero nos xa dixemos abertamente cal era a que criamos máis lóxica.

PREGUNTA: E logo unha cuestión que ten que ver coas bases das bolsas de transporte para estudantes. Isto non ten por qué estar publicado nas bases municipais, mais sí é certo que deron conta de que as subvencións estas eran incompatibles con outro tipo de bolsas; coas bolsas do Estado, do Ministerio, de Educación. Haberá que, en ocasións vindeiras, poder avisar á xente de esta incompatibilidade. E despois, se

realmente son incompatibles a tódolos efectos, establecer outro mecanismo, para que realmente non teña por qué haber incompatibilidade. Hai diversas maneiras. Aínda que para ano que ven esperamos que xa todos teñamos transporte metropolitano, e todos nos beneficiemos de isto.

SR. ALCALDE

RESPOSTA Ó PARTIDO POPULAR: Partido Popular, quero lembrar aquí un debate ou discusión que tivemos no pleno anterior, sobre as partidas habidas ou por haber, na Deputación de Pontevedra, para cumprir os compromisos coa fundación semana verde, e os compromisos que se adquiriran con este Concello en aquel convenio firmado para arranxo das contas entre Semana Verde e Concello de Silleda. En aquel pleno, eu me comprometín a que, estudadas ben as partidas todas da Deputación, se había algunha delas, que sería o primeiro que esixiría que esa partida fose destinada a onde estaba destinada, e non permitiría que fose de outro xeito. E pedín que o Partido Popular, se non había esas partidas, se algunha delas faltaba, non podía dicir "isto está en esta partida, ou en esta partida", que fixese o propio, e que se puxese da man deste goberno, para reivindicar o que, de dereito, é dos silledenses.

Pasado aquilo, viuse nos seguintes días, que sí había unha partida que, aínda que fose ralentizada polo Presidente da Deputación, sí había unha partida para acadar o comprometido coa Fundación Semana Verde de 150.000 euros, e eu, ese mesmo día, esixín enerxicamente, na Deputación que esa partida se acelerara o máximo posible e fose posta a disposición da Fundación Semana Verde, como así se fixo de inmediato. Tamén se comprobou que as outras dúas partidas non existían. A do campo de fútbol de Bandeira, e a da estrada de Cruces, non existían. Despois das declaracións últimas que houbo polo vicepresidente da Xunta, cando visitou Silleda, a cal, pois bueno, en este caso non tiveron a ben invitar a esta alcaldía, quedou claro que incluso él pensaba que ese convenio estaba firmado. El tiña claro, según as manifestacións que fixo á prensa, que ese convenio estaba firmado. Ata o Vicepresidente da Xunta estaba convencido de que ese convenio estaba firmado. Convenio, que o Sr. Louzán foi retrasando, premeditadamente, tempo e tempo, a pesar de habelo pedido eu moitas veces, tanto a él, coma ó vicepresidente, sobre todo, ó Sr. Crespo, que se firmara desde meses atrás, e foino retrasando premeditadamente. E resulta que ese convenio non está firmado, nin as partidas apareceron, nin o portavoz do Partido Popular, nin o Grupo Popular, puido dicir cal partida e onde está esa partida, onde está ese diñeiro. Digo isto, porque visto que é un grupo que está o servizo do Partido Popular, en lugar de estar ó servizo dos cidadáns, e dos veciños deste Concello, esta Alcaldía, mentres iso siga sendo así, e sexa un grupo ó servizo do Partido Popular, e non un grupo ó servizo dos cidadáns de Silleda, como debe de ser, esta Alcaldía tratará a este grupo como marca exclusivamente a lei. Entón, mentres iso non cambie, e particularmente, mentres o grupo do Partido Popular de Silleda non se poña de lado deste goberno, pedindo, esixindo, esas obras a quen corresponda, este Alcalde tomará a decisión de contestarlle as preguntas todas que fagan nos plenos, como marca a lei, e como lle permita a lei: por escrito no próximo pleno.

Dito isto, paso a contestar as preguntas do BNG. E non me interveña, nin faga comentarios, aparte do que está estritamente estipulado.

RESPOSTA Ó BNG: As xuntas de goberno, xa falamos antes, que serán entregadas, na maior brevidade posible, en canto secretaría dispoña do tempo necesario para redactalas, e que é vontade deste goberno entregalas o máis rápido posible.

O PXOM, as alegacións do PXOM, tanto as do BNG, coma as dos demais cidadáns foron contestadas todas por igual. Pero sí é certo, que tódolos cidadáns que se



acercaron aquí, se lle contestou, e houbo xa distintas reunións co equipo redactor para resolver dúbidas que tiñan cidadáns ou grupos de cidadáns, e tódolos cidadáns que viñeron aquí persoalmente a pedir algunha explicación sobre a alegación, pois se lle foi contestando debidamente, e se seguirá facendo. Aínda ultimamente tivemos una reunión na Xunta de Galicia con un grupo de veciños, satisfactoria, ademais, sobre as súas alegacións, e tivemos xa, creo lembrar, dende que se contestaron as alegacións, tres ou catro reunións de traballo aquí, con veciños que o pediron, e co equipo redactor. Evidentemente o equipo redactor non pode vir tódolos días, pero cando se xunta un grupo de peticións de explicación, acorde para que lles de, máis ou menos, para un traballo de toda a mañá, se chamou, e viñeron sempre, e volverán a vir. Polo cal, sobre as alegacións do BNG, se quere, pois eu invítoos a que, cando haxa outro grupo de alegacións, que dean pe a unha mañá de traballo, serán chamados para que o equipo redactor explique debidamente esas alegacións.

A auga, está claro que queda cada vez menos. Evidentemente. A mediados do ano que ven acábase a concesión, concesión de vinte anos, dende 1996. E está claro que dende este Goberno, e esta Alcaldía, se convocará a mesa da auga, e se farán tódolos estudos pertinentes, e están tódalas opcións abertas, pero sobre todo, se tomará a decisión que se cree que é a mellor para os veciños, tamén que sexa realizable para as arcas municipais, pero a que mellor sexa para os veciños. En todo caso, é unha cousa na que se empezará a traballar. Aínda hai tempo, pero sen moita demora, porque é unha cousa complexa, e que non hai que deixar para a última hora. E as bolsas de transporte, bueno, se hai algunha fórmula para que, mentres que non hai transporte metropolitano, poder dar esas axudas, e que non sexan incompatibles con outras, sempre e cando, evidentemente, entre esas axudas, non superen o que custa o billete, pois eu estou totalmente de acordo tamén en que se busquen, e que se miren.

Intervén a Concelleira M^a del Pilar Peón e di: Quero facer unha puntualización; as nosas axudas non son incompatibles, son as do Ministerio incompatibles con outras. Continúa o Alcalde: bueno, se hai unha fórmula na que poidamos facer de outra forma para que sexan compatibles, se fará. E senón pois, intentaremos facer o traballo o máis rápido posible, e presionar o máis rápido posible, para entrar na área metropolitana do transporte.

VOCEIRO BNG

Só unha cuestión, nos xa preguntamos no anterior pleno polo tema este das alegacións, entón claro, respondéosenos hoxe, dous meses despois. Xa podíamos ter gañados estes dous meses...

SR. ALCALDE

Xa, pero como funcionamos, é así. En esta reunión que houbo na Xunta, que o equipo redactor se desprazou á Xunta, e nos desprazamos todos alí por un tema concreto. Cando haxa peticións suficientes para que teñan, mínimo, tres horas de traballo, volverán. Porque cada vez que veñen é un custe para eles.

VOCEIRO BNG

Se iso se houbera dito hai dous meses, neste período, xa se podía ter feito.

SR. ALCALDE

Pois tomamos nota.

E non habendo mais asuntos que tratar se levanta a sesión as 13-25 horas do 24 de Setembro de 2015, do que, eu, o Secretario, dou fe, facendo constar que, a continuación, se incorpora un ANEXO, que forma parte integrante de esta Acta, fórmula usada pola extensión dos textos e porque non afecta ao desenvolvemento e trámites posteriores legalmente esixibles.


Silleda a 24 de Setembro de 2015.


SECRETARIO
Manuel Quintans Queiruga

ANEXO PLENO 24 Setembro 2015

PUNTO 3º.-

 Concello
de
Silleda



AO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR.

IDENTIFICACION

Recurso: Nulidade do requirimento

Expediente: proposta de liquidación provisional de convenio para a xestión da Escola Infantil de Silleda. CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR.

Trámite concreto: notificación de proposta de resolución de liquidación provisional da xestión económica.

Escrito instando a nulidade de pleno dereito da proposta de resolución de liquidación provisional da xestión económica da Escola Infantil de Silleda.

Requirimento de retirada e anulación ao Sr. Xerente do Consorcio.

MANUEL CUIÑA FERNANDEZ, Alcalde-Presidente do Concello de SILLEDA, en nome e representación de este, logo da notificación da proposta de liquidación provisional da achega do municipio en execución do convenio para a xestión da Escola Infantil de Silleda por parte do Xerente do CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR, en base ao informe técnico-económico da Intervención Municipal, formulando con carácter previo a nulidade da liquidación, trasladamos as consideracións seguintes:

FEITOS PROBADOS / MOTIVOS

1.- Nulidade radical. Cuestión xurídica previa.

1.1. Actuación do Consorcio. En data 30 de Xullo o CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE nos remite unha proposta de liquidación provisional do convenio para a xestión da Escola Infantil de Silleda, na que, en base aos datos económicos exclusivos de parte –carente de contraste e documentación algunha xustificativa, un elemento inaceptable xa de entrada- comunican a este Concello que, en aplicación do Convenio subscrito entre as partes o 14-Xaneiro-2010, nos corresponde unha aportación polos anos 2010 a 2013 que ascendería a 384.601,93 €.

1.2. Elementos formais inesquecibles de tramitación. Ao marxe da maiúscula sorpresa coa que recibimos tal reclamación –por usar un adxectivo benevolente-, logo de 5 anos transcurridos desde a sinatura do Convenio, compre, en primeiro lugar, o análise de cuestión formais de procedemento, tan graves que poden incidir incluso no fondo do concepto que se reclama. Así, a primeira cuestión a subliñar é que o Convenio regula a existencia dunha Comisión Mixta Consorcio-Concello cunhas funcións que son:



Tlf. 986 58 00 00 / Fax: 986 58 10 21
Rúa do Trasdeza, nº55.
36540 Silleda - Pontevedra

1

AO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR.

IDENTIFICACION

Recurso: Nulidade do requirimento

Expediente: proposta de liquidación provisional de convenio para a xestión da Escola Infantil de Silleda. **CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR.**

Trámite concreto: notificación de proposta de resolución de liquidación provisional da xestión económica.

Escrito instando a nulidade de pleno dereito da proposta de resolución de liquidación provisional da xestión económica da Escola Infantil de Silleda.

Requirimento de retirada e anulación ao Sr. Xerente do Consorcio.

MANUEL CUIÑA FERNANDEZ, Alcalde-Presidente do Concello de SILLEDA, en nome e representación de este, logo da notificación da proposta de liquidación provisional da achega do municipio en execución do convenio para a xestión da Escola Infantil de Silleda por parte do Xerente do **CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR**, en base ao informe técnico-económico da Intervención Municipal, formulando con carácter previo a nulidade da liquidación, trasladamos as consideracións seguintes:

FEITOS PROBADOS / MOTIVOS

1.- Nulidade radical. Cuestión xurídica previa.

1.1. Actuación do Consorcio. En data 30 de Xullo o **CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE** nos remite unha proposta de liquidación provisional do convenio para a xestión da Escola Infantil de Silleda, na que, en base aos datos económicos exclusivos de parte –carente de contraste e documentación algunha xustificativa, un elemento inaceptable xa de entrada- comunican a este Concello que, en aplicación do Convenio suscrito entre as partes o 14-Xaneiro-2010, nos corresponde unha aportación polos anos 2010 a 2013 que ascendería a 384.601,93 €.

1.2. Elementos formais inesquecibles de tramitación. Ao marxe da maiúscula sorpresa coa que recibimos tal reclamación –por usar un adxectivo benevolente-, logo de 5 anos transcurridos desde a sinatura do Convenio, compre, en primeiro lugar, o análise de cuestión formais de procedemento, tan graves que poden incidir incluso no fondo do concepto que se reclama. Así, a primeira cuestión a subliñar é que o Convenio regula a existencia dunha Comisión Mixta Consorcio-Concello cunhas funcións que son:

Claúsula Cuarta:

... ..

- *b) A avaliación dos resultados ... e económicos da execución do Convenio.*

ANEXO A ACTA DA SESION PLENARIA DE 24 DE SETEMBRO DE 2015, QUE FORMA INTEGRANTE DA MESMA. Secretario: Manuel Quintans Queiruga

- c) Seguimento dos gastos da escola que serán remitidos anualmente polos Servizos Técnicos do Consorcio.
- d) A aprobación da xustificación de gastos realizados e da contabilidade do centro.
- e) A proposta de actualización das achegas económicas do concello.

Con independencia do feito grave de que nunca se fixo reclamación algunha durante os 5 anos transcurridos desde a sinatura do Convenio suscrito entre as partes o 14-Xaneiro-2010 –un detalle en si mesmo con trascendencia obvia-, resulta un feito incuestionable legalmente que calquera disquisición económica ao respecto, e dende logo esta reclamación dunha suposta débeda, deberá obrigatoriamente ser aprobada pola Comisión Mixta, a cal, nin se reuniu, e nin sequera se creou. Un feito de procedemento que se converte en esencial, e, por derivación, supón a nulidade radical da pretendida liquidación provisional do Consorcio. Reiterando que o Convenio lle outorga esas funcións, de xeito nítido, irrefragante. Non lle corresponde ao Concello nin o Consorcio, senón a esa Comisión entre as dúas partes. Sobre esta base a notificación do Xerente do Consorcio Galego incorre nun suposto de nulidade do art.62.e, Lei 30/92, en canto carece desa competencia atribuída expresa e especificamente a Comisión Mixta na cláusula 5ª do Convenio, polo que procede a inmediata retirada de tal proposta e, no seu caso, como mínimo, deberá convocar/crear a Comisión Mixta, único órgano competente en tal materia, sen a mais mínima dúbida interpretativa.

2.- Análise dos gastos.

2.1 .- RECLAMACIÓN DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS Ó CONCELLO DE SILLEDA EN VIRTUDE DO CONVENIO DE COLABORACIÓN. VALORACION CONCRETA.

Entrando na disección concreta dos gastos, faise do xeito que se describe a continuación.

A reclamación do Consorcio se sintetiza no cadro que segue:

ANO	GASTOS CONSORCIO CAP. I	CAP. II	TOTAL GASTOS CONSORCIO
2010	275.852,32 €	47.439,15 €	323.291,47 €
2011	328.584,24 €	69.000,57 €	397.584,81 €
2012	300.569,93 €	68.753,58 €	369.323,51 €
2013	320.190,27 €	64.182,27 €	384.372,54 €
	1.225.196,76 €	249.375,57 €	1.474.572,33 €

2.1.1.- Valoración/repercusión económica dos gastos de persoal do Consorcio.

Sobre a aplicación deste concepto hai que comezar por sinalar que resulta dubidoso cando menos a súa imputación, en tanto a cláusula 3ª que regula as obrigas das partes non cita os custes de persoal e se refire unicamente aos gastos de “equipamento e material e didáctico, así como do funcionamento e mantemento”, interpretación reforzada pola cl. 2ª que lle concede a selección e contratación do persoal, polo que da lectura dos dous preceptos de xeito conxunto semella que se atribúe a contratación pero que o seu custe estaría excluído ao non citarse no apartado 3, como si se citan os outros gastos referidos anteriormente, o igual que os de Concello. En definitiva cabe interpretar que estarían excluídos dese cómputo e, en todo caso, a súa inclusión xenera serias e consistentes dúbidas que nos leva a que a mesma debería resolverse a traveso da Comisión Mixta, creada, ao marxe das funcións específicas que lle competen no terreo económico, tamén e expresamente -atención a este paragrafo- para: “a resolución das dúbidas e discrepancias que poidan xurdir na interpretación e aplicación do Convenio”.

ANEXO A ACTA DA SESION PLENARIA DE 24 DE SETEMBRO DE 2015, QUE FORMA INTEGRANTE DA MESMA. Secretario: Manuel Quintans Queiruga

Non obstante, aínda no suposto de aceptar a súa inclusión –que se cuestiona, insistimos-, queda pendente a súa cuantificación. Tendo que conta –que se saiba- que se trata de persoal da Xunta, salvo aqueles casos que foran contratados expresamente para esta Escola, esa atribución como persoal estatuario ou funcionario da Comunidade Autónoma fai que non poida atribuírse ese gasto integramente como propio da Escola, xa que si esta se cancelara, por exemplo, ese persoal seguiría percibindo os seus salarios da Xunta e tería dereito a outro destino, pero, sobre todo, aos efectos presentes, tería garantido esa retribución, que, pola mesma razón, non dependería da Escola, carente de personalidade xurídica propia lembramos, tratándose dun ente adscrito ao Consorcio ou Consellería respectiva.

Por tal motivación xurídica, incluso admitindo que se valore, non é menos certo, que procede facer un axuste, unha compensación/redución por tal elemento concorrente. Carecemos de referencias concretas para poder efectuar esa corrección, pero tamén entendemos que sería unha cifra razoable situala no 75 %, ou sexa aplicar un factor de redución do 25 % polas razóns expostas.

Vese referendado este razoamento polo detalle de que o Consorcio excluíu –o que se analiza seguidamente- no cómputo económico o valor do inmovible cedido polo Concello, o cal figura como cesión en principio gratuíta. Nun perfecto paralelismo tamén os gastos de persoal forman parte da “cesión” inicial que fai o Consorcio para por en marcha a Escola, xa que os mesmos non constan na cláusula 3ª coma un dos gastos que se repartirán entre as partes, en idéntica situación que a propiedade municipal. O Concello cede gratis o local e a Xunta financia aos mestres. Ese foi o pacto, se desprende dos feitos e textos asinados.

Por outra banda hai que sinalar a profunda incoherencia da postura do Consorcio: non valora a cesión do inmovible, pero si o fai cos custes de persoal, que están na mesma situación no Convenio. Si se computa o persoal tamén hai que facelo co inmovible. Sinxelo e claro. Ao contrario, pola nosa parte si somos consecuentes con esa argumentación: se cuantifica o inmovible, pero tamén o persoal, coas correccións e axustes que describimos. Nin todo o que vale o inmovible, nin todo o que custa o persoal. Pura coherencia municipal en contra da reflexión oposta do Consorcio, cunha incongruencia insalvable.

2.2 .- APORTACIÓN DO CONCELLO.

O Concello financiou os gastos que se recollen, neste caso, efectivos, concretos e individualizados.

GASTOS PERSONAL	GASTOS MANTEMENTO	TOTAL GASTOS CONCELLO
29.666,82	19.782,42	49.449,24 €
28.054,05	21.584,90	49.638,95 €
26.792,49	19.729,23	46.521,75 €
28.298,93	21.731,69	50.030,62 €
112.812,29	82.828,24	195.640,56 €

2.3.- Outras apartacións municipais e a súa cuantificación.

Igualmente, de acordo co Convenio, traemos a colación outros gastos, neste caso suxeitos a unha estimación, ao no poder ser cifrados con exactitude matemática.

2.3.1.- Valoración/repercusión económica do inmoble no que se instalou a Escola Infantil. Sen dúbida, consta no Convenio a cesión gratuíta do inmoble de titularidade municipal (así se recolle na Cl. 1ª), pero non é menos certo que esa gratuidade non impide que, nos termos da valoración económica obxecto desta liquidación, SI se compute como unha parte do 30% que lle corresponde a Silleda. Cesión gratuíta para o servizo, por suposto, pero a hora de calcular o financiamento de cada Administración, o Concello ten dereito a computar un custe do mesmo como parte do seu 30 %. Son cuestións diferenciadas en función da súa aplicación concreta. Gratuidade para que funcione a Escola, pero cálculo económico si hai que valorar o financiamento. Partindo desta argumentación, xurde o problema da súa cuantificación, a cal non resulta fácil, en tanto non temos variables de referencia sólidas que usar. Sentado este principio, hai que recorrer a elementos estimativos, que, neste caso, se concretan así:

Tomando como punto de partida as medias de arrendamentos que figuran nas publicacións do MINHAP, se estima unha repercusión nese suposto por importe de 800 € mensuais, 9.600 € por cada ano, aínda que habería que facer un traballo técnico concreto por parte dun Arquitecto.

A cesión do inmoble non contempla un prezo no Convenio, non se vai a facturar por elo, xa que forma parte dunha obriga que asumimos, precisamente para conquistar o obxectivo da Escola, pero si supón un custe para as arcas municipais, cando se trata de computar a nosa financiación, xa que é evaluable economicamente. Tampouco se contén un prezo concreto para o resto das obrigas asumidas, pola súa propia natureza, ao tratarse de custos a valorar "a posteriori" —como a recollida de lixo, por ex.-. Esa cesión supón renunciar a outro arrendamento, por exemplo, ou o uso elemental para os seus fins e servizos por parte do Concello, polo que ten un valor, e, de xeito aínda mais ilustrativo, de non existir tal cesión o Consorcio tería que construír, ou adquirir ou arrendar outro inmoble, o cal é proba da argumentación que sostemos: a cesión gratuíta non implica que non se poida valorar economicamente dentro dos conceptos da aportación local, "achegándose" o pactado 30 %. E para rematar esta reflexión, convén insistir no xa dito previamente: lle corresponde a Comisión Mixta tal decisión, nunca o Xerente de xeito unilateral.

2.3.2.- Valoración/repercusión económica do varias obrigas municipais. Hai que ter en conta igualmente outros conceptos que, aínda dentro da ambigüidade e inconcreción, forman parte da participación local, como son a "*conservación das instalacións, estrutura arquitectónica e ... de enxeñerías*", pero, sobre todo, o "*mantemento de exteriores, axardinamentos, etc.*". Estes conceptos, así coma o de *seguridade* son de moi difícil cuantificación, pero, en todo caso, susceptibles dunha aproximación, ariscada, sen dúbida. Feitas estas consideracións, si computamos o gasto en seguridade —Policía Local- e, sobre todo, a mais concreta, a recollida de residuos, a limpeza da vía pública e espazos afectados, a iluminación, etc. nos daría un custe anual no entorno dos 750.000 €, mínimos, en todo o municipio. Como calcular a repercusión sobre a Escola se converte nunha tarefa practicamente imposible, polo que se recorre a una sinxela aproximación: si lle aplicamos a tal cuantía un escaso 1%, nos darían 7.500 € anuais. Non obstante, aínda baixamos mais, por prudencia, e a rebaixamos nos 2/3, para quedar en 5.000 €/ano.

3. Análise dos ingresos por taxas liquidados polos usuarios. Mención aparte e especial merece este caso, en canto os usuarios está contribuíndo co pago das taxas ao financiamento da Escola. Chegados a este punto hai que cualificar tal omisión por parte do Consorcio na súa liquidación coma un feito asombroso, inadmisible e reprobable, xa que non pode tratarse dun erro. Un detalle que deixa unha sensación de perplexidade. Pois ben, dado que non dispoñemos dos datos de usuarios, importes, etc., que deberían aportarnos

ANEXO A ACTA DA SESION PLENARIA DE 24 DE SETEMBRO DE 2015, QUE FORMA INTEGRANTE DA MESMA. Secretario: Manuel Quintans Queiruga

por pura obriga legal, hai que lembrar, temos que recorrer a unha estimación que sería a seguinte:

ESTIMACIÓN INGRESOS POR TAXAS: Media:71 € x 82 usuarios = 5.904/mes x 12
 =
 70.848 € anuais.

4.- Resumo do análise dos gastos da Escola.

4.1 .- APORTACIÓN DO CONSORCIO.

A valoración do CONSORCIO, coa corrección que sinalamos dos gastos de persoal e das taxas dos usuarios quedaría, partindo dos seus propios datos, así:

ANO	GASTOS CONSORCIO CAP. I	CAP. II	TOTAL GASTOS CONSORCIO	CORRECCION GASTOS PERSONAL (- 75 %)	CORRECCION INGRESOS TAXAS	TOTAL GASTOS CONSORCIO
2010	275.852,32 €	47.439,15 €	323.291,47 €	-68.963,08	- 70.848,00	
2011	328.584,24 €	69.000,57 €	397.584,81 €	- 82.146,06	- 70.848,00	
2012	300.569,93 €	68.753,58 €	369.323,51 €	- 75.142,48	- 70.848,00	
2013	320.190,27 €	64.182,27 €	384.372,54 €	- 80.047,57	- 70.848,00	
TOTAL	1.225.196,76 €	249.375,57 €	1.474.572,33 €	-306.299,19	- 283.392,00	884.881,14

4.2 .- APORTACIÓN DO CONCELLO.

En canto a participación municipal, coas correccións anteriormente sinaladas, diferenciando entre gastos mensurables de xeito concreto e estimados, ofrecería este resultado:

GASTOS PERSONAL	GASTOS MANTEMENTO	TOTAL GASTOS CONCELLO MENSURABLES	REPERCUSION DO INMOBLE	REPERCUSION OUTROS CONCEPTOS	TOTAL APORTACION CONCELLO
29.662,82	19.782,42	49.449,24 €	+9.600,00	+ 5.000,00	64.049,24
28.054,05	21.584,90	49.638,95 €	+9.600,00	+ 5.000,00	64.238,95
26.792,49	19.729,23	46.521,72 €	+9.600,00	+ 5.000,00	61.121,72
28.298,93	21.731,69	50.030,62 €	+9.600,00	+ 5.000,00	64.630,62
112.812,29	82.828,24	195.640,53 €	+ 38.400,00	+20.000,00	254.040,53

E con tales datos o balance final sería:

ANEXO A ACTA DA SESION PLENARIA DE 24 DE SETEMBRO DE 2015, QUE FORMA INTEGRANTE DA MESMA. Secretario: Manuel Quintans Queiruga

ANO	TOTAL GASTOS CONSORCIO	CORRECCION GASTOS PERSONAL (- 75 %)	CORRECCION INGRESOS TAXAS	TOTAL GASTOS CONSORCIO	TOTAL APORTACION CONCELLO	CALCULO DE "ACHEGARSE" AO 30 %
2010	323.291,47 €	-68.963,08	- 70.848,00	183.480,39	64.049,24	
2011	397.584,81 €	- 82.146,06	- 70.848,00	244.590,75	64.238,95	
2012	369.323,51 €	- 75.142,48	- 70.848,00	223.333,03	61.121,72	
2013	384.372,54 €	- 80.047,57	- 70.848,00	233.476,97	64.630,62	
TOTAL	1.474.572,33 €	-306.299,19	- 283.392,00	884.881,14	254.040,53	265.464,34

BALANCE: Este balance nos ofrece un resultado ilustrativo e concluínte: o Concello fixo unha apartación nesos 4 anos por importe de + **254.040,53 €**, e o 30 % dos gastos se cifra en **265.464,34 €**, sendo o porcentaxe exactamente o **29,999996 %**, co que cumpre notoriamente o pactado no Convenio (restan 4 cenmillonésimas, dito en clave irónica) de "achegarse ao 30 %".

Diante dos feitos expostos, son aplicables os seguintes:

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- NULIDADE DE PLENO DEREITO (art. 62 LRXAP e PAC).

1. Nulidade dos actos: *Actos ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido (art. 62.e, Lei 30/92).*

Certamente, aínda que son causas taxadas e excepcionais, é un requisito que sostemos concorre neste caso, en canto estamos ante un feito incuestionable, cal é que a competencia para a pretendida liquidación provisional está atribuída expresamente a Comisión Mixta:

- d) A aprobación da xustificación de gastos realizados e da contabilidade do centro.
- e) A proposta de actualización das achegas económicas do concello.

Ao menosprezar ese feito –desculpas pola reiteración–, prescindíuse totalmente do procedemento legalmente establecido por parte do Xerente, que NON ten concedida esa función, exclusiva do órgano paritario –hai que repeti-lo, en exclusiva–.

ANEXO A ACTA DA SESION PLENARIA DE 24 DE SETEMBRO DE 2015, QUE FORMA INTEGRANTE DA MESMA. Secretario: Manuel Quintans Queiruga

2. Anulabilidade (Art. 63 LPA)

Lembramos as 3 causas básicas de anulabilidade:

1. Calquera infracción do ordenamento xurídico non comprendida entre as causas de nulidade.

2. As infraccións de procedemento que dean lugar á indefensión dos interesados.

3. Desviación de poder, é dicir, o afastamento dos fins públicos que xustifican a actividade

administrativa. Art. 70.2 in fine LJ.

“enténdese por desviación de poder o exercicio de potestades administrativas para fins distintos dos fixados polo ordenamento xurídico?. O contido dos actos debe axustarse ao Ordenamento e ser adecuado aos fins do mesmo: a actuación administrativa atópase sometida á legalidade e aos fins que a xustifican legal e constitucionalmente, cuxo control compete aos Tribunais. A desviación de poder non se produce só cando unha potestade administrativa é empregada para o fin privado dunha autoridade ou funcionario: hai desviación de poder ?tanto se a Administración persegue coa súa actuación un fin privado, alleo por completo aos intereses xerais, ou un fin público distinto do previsto na norma habilitante”.

De entenderse que non existe nulidade radical, invocamos a aplicación do tres causas básicas da anulabilidade, con atención especial á desviación de poder. O problema radica na dificultade da súa proba, en tanto a desviación de poder supón:

“a existencia dun acto axustado á legalidade intrínseca, pero con vicio de nulidade por non responder na súa motivación interna ao sentido teleolóxico da actividade administrativa orientada á promoción do interese público e suxeita a imperativos de moralidade, debendo demostrar o que alegue que a Administración incorrese neste vicio a intencionalidade torcido ou desviada daquela, non sendo suficiente opor meras conxecturas ou sospeitas, senón que deberá proporcionar os datos necesarios para crear no Tribunal, ao non serlle exigible unha proba plena, a convicción moral da súa existencia”.

Estamos ante un caso de extralimitación inicial, unha resolución de liquidación que se basea nuns datos interpretados de xeito absolutamente unilateral, por un lado, pero tamén cun sesgo inadmisibile, en canto a aportación do Concello se reduce substancialmente, mentres, polo contrario, se eleva ao máximo posible a do Consorcio, coa guinda final de que nin sequera computan os ingresos polas taxas dos usuarios para reflectir o custe total da Escola, una omisión que merecería un adxetivo mais duro - un abuso de poder no suposto de confirmarse-.

Convén tamén apuntar un feito evidente: ao ignorar a Comisión Mixta, coas súas detalladas funcións, non só se incorreu nun caso de incompetencia pola Xerencia, senón que o feito de que está constituída polo Xerente e o Alcalde, dúas persoas, obriga a que esas decisións teñen que pasar polo acordo mutuo, polo que, si hai discrepancias, quedarían no aire , ao non existir órgano decisorio, nin arbitrase; só restará o recurso os Tribunais. Por elo, ou se chega a un consenso entre os dous ou non hai decisión. Así de claro, de novo. Neste caso concreto, vistas as distancias, non habería a “liquidación provisional” que consideramos NULA

por dobre vía, pode dicirse deste xeito. Primeiro por incompetencia da Xerencia, e segundo porque nunca existirá acordo nos termos que pretende o Xerente coa súa proposta, por tanto tampouco se emitiría ningunha liquidación, nin sequera provisional.

II.- A normativa contractual aplicable é concluínte: toda cuestión económica é responsabilidade da Comisión Mixta, non do Xerente.

Unha das regras básicas da interpretación dos contratos supón que a mesma non pode decidirse unilateralmente por un dos asinantes (*art. 1256 CC: La validez y el cumplimiento de los contratos no pueden dejarse al arbitrio de uno de los contratantes*). Pois ben, neste caso, ademais, o propio convenio establece que tódalas cuestións de contido económico son funcións, competencias atribuídas expresamente a Comisión Mixta, un órgano creado expresamente para ese cometido. Do que se desprende unha conclusión indubitable: o Xerente do Consorcio carece da facultade de calcular a aportación económica municipal. Así de claro e rotundo: non lle compete esa decisión, atribuída expresamente polos asinantes as dúas partes, mediante a reiterada Comisión, que nen sequera chegou a crearse, o cal ilustra – por si non fora bastante- un menosprezo rexeitable do Consorcio co Concello. Se crea unha Comisión Mixta para decidir a cuantía e forma da financiación da Escola, a Comisión non se crea, polo que non decide, e o Xerente se autoconcede esa responsabilidade. Todo elo é unha proba concluínte da ilegalidade da pretendida liquidación provisional, desde esta perspectiva de interpretación contractual, outra mais.

III.- Reflexión lingüística. Achegarse ao 30 % é aproximarse a esa cifra, nunca tal cantidade en concreto.

O Convenio establece que “ *A aportación económica do concello **deberá achegarse** ao 30 % dos gastos...*” Os asinantes non son expertos en filoloxía, pero recorreremos o asesoramento dun profesor de galego e tomando como base o Dicionario da Real Academia Galega, sinalamos que define o verbo *achegar (se)* así:

Poñer [algo ou a alguén] cerca ou a menor distancia.

A RAG igualmente cita como sinónimos *acercar, aproximar, arrimar...* e como antónimos *apartar, separar, alonxar...* Por elo a interpretación gramatical de tal expresión supón que a participación non ten que ser exactamente do 30 % como pretende o Consorcio, nunha interpretación unilateral inadmisíbel e errónea, no terreo lingüístico, senón que soamente se “deberá aproximar, acercar, etc”. Obviamente non se define si esa aproximación será, por ex., do 23% ou 28 %, queda nunha marxe de ambigüidade, amén, de novo, que esa concreción corresponde a Comisión Mixta, non o Consorcio, senón os dous contratantes. En todo caso, una sensata interpretación dese precepto nos permite apuntar que no entorno do 25 % se daría cumprida tal cláusula e, dende logo, con absoluta seguridade nunca pode admitirse que sexa exactamente o 30 %. Entre o 20 e o 30, mais ben acercándose ao máximo, situaríamos na metade, o 25 % esa variable.

IV.- Interdicción da arbitrariedade dos poderes públicos (art. 9.3 da Constitución).

Este principio, establecido no artigo 9.3 da Constitución, significa que as autoridades non poden tomar decisións arbitrarias entendéndose por tales, fundamentalmente, aquelas que supoñan unha infracción do principio de igualdade de trato dos administrados ante a aplicación da lei e as regras obxectivamente determinadas.

ANEXO A ACTA DA SESION PLENARIA DE 24 DE SETEMBRO DE 2015, QUE FORMA INTEGRANTE DA MESMA. Secretario: Manuel Quintans Queiruga

Os tribunais de xustiza utilizan tal base constitucional para impedir que os poderes públicos sosteñan interpretacións arbitrarias das normas (sentenzas do Tribunal Constitucional 219/1989 e 93/1992) ou resolucións abertamente discriminatorias (por exemplo, sentenza do Tribunal Supremo de 19 de xuño de 2002). Como di expresivamente o Tribunal na súa sentenza 151/1986,

"á luz do indicado ha de concluírse que ao longo do procedemento administrativo os cidadáns foron obxecto, efectivamente, dun trato desigual respecto doutros en situación similar, sen que se razoou ou xustificou o por que desa desigualdade", Pois non resulta admisible -nin por tanto debe considerarse xustificativo da desigualdade- que a Administración elixa libremente a quen aplicar e a quen non aplicar a normativa vixente, actuación esta vetada pola interdicción da arbitrariedade contida no art. 9.3 da Constitución".

Por tanto, este principio xeral do dereito incide na prohibición de que os poderes públicos actúen conforme á mera vontade dos seus titulares, sen axustarse ás normas. A arbitrariedade, a actuación sen fundamento xurídico, non é propia dun Estado de dereito. A Constitución (art. 9.3) garante a interdicción (prohibición) da arbitrariedade deses poderes, que están, do mesmo xeito que os cidadáns, suxeitos á C.E. e ao resto do ordenamento xurídico (art. 9.1).

É proba da actuación arbitraria neste caso que se tramite una proposta de liquidación provisional polo Xerente do Consorcio dunha presunta débeda municipal baseada nun Convenio para a financiación conxunta da Escola Infantil de Silleda, logo do transcurso de 5 anos –computados a partires do 2010- sen facer reclamación algunha durante ese longo período, e incumprindo abertamente a cláusula 4ª do mesmo que impón que as cuestións económicas están atribuídas, en exclusiva, hai que enfatizar, a unha Comisión Mixta e paritaria, a única competente para fixar/decidir a cuestión. Todo iso ao marxe dos elementos de cuantificación da débeda que a fan, como mínimo, altamente rebatible, segundo os datos que se recollen nos apartados 2,3,4 dos feitos deste texto.

V.- Funcionamento anormal da Administración. As dilacións indebidas. Anomalía en reclamar supostas débedas de fai 5,5, 4,5, 3,5, 2,5 e 1,5 anos.

Finalmente, hai que traer a colación outro elemento trascendente: o período de tempo. Recibimos a liquidación provisional o 30 Xullo do 2015, referida aos anos 2013, 2012, 2011 e 2010, un feito ilustrativo por si mesmo; ¡¡despois de 5 ANOS E MEDIO, de 4,5, de 3,5, de 2,5 e de 1,5 o Consorcio reclámanos 384.601 €!!

As dilacións indebidas. Ante unha demora tan excepcional permitímonos traer a colación unha breve referencia sobre as dilacións indebidas no ámbito da Administración de Xustiza, por analoxía. O dereito que posúe o cidadán ao respecto é elevado á categoría de fundamental na nosa Constitución. O artigo 24.2 recoñece de xeito expreso que *"todos teñen dereito... a un proceso público sen dilacións indebidas e con todas as garantías.. "*. Breve referencia e análise:

- Xurisprudencia *stricto sensu*: no noso ámbito xurisdiccional, é importante facer mención, no que ao dereito a non padecer dilacións indebidas, á Sentenza núm. 386/2000 de 13 marzo, Recurso de Casación núm. 442/1999 onde se fai mención, tanto a un dos Acordos do Pleno non Xurisdiccional da Sala Segunda do TS, como ás consecuencias que poden derivarse da existencia das aludidas dilacións no seo dun procedemento. Na devandita resolución afirmase que a violación ao dereito fundamental a non padecer dilacións indebidas, (F.Jº Segundo):

1º. "...pode levar consigo unha indemnización pecuniaria por funcionamento anormal da Administración de Xustiza

ANEXO A ACTA DA SESION PLENARIA DE 24 DE SETEMBRO DE 2015, QUE FORMA INTEGRANTE DA MESMA. Secretario: Manuel Quintans Queiruga

O Pleno non xurisdiccional de 2.10.92 aborda a decisión respecto á solución que debe procurarse cando un recurso evidencia a vulneración do dereito a un proceso sen dilacións indebidas. No devandito Acordo chegouse á solución de afirmar que as dilacións indebidas servirán para procurar... a indemnización correspondente polo anormal funcionamento da Administración/Xustiza. Se acudimos á lectura do recurso de casación n.º 748/2010, STS n.º 85/2011 de data 07/02/2011, podemos comprobar como a Sala afirma:

... "Os requisitos para a súa aplicación serán:... 1) que a dilación sexa indebida; 2) que sexa extraordinaria; e 3) que non sexa atribuíble ao propio inculpado. E así mesmo esíxese que "...la dilación non garde proporción coa complexidade da causa..." (F. J.16).

E no recurso de casación n.º 11321/2010, Sentenza: n.º 739/2011 de 14/07/2011, sostén que

... "el derecho fundamental a un proceso sin dilaciones indebidas,..., impone a los órganos jurisdiccionales la obligación de resolver las cuestiones que les sean sometidas, y también ejecutar lo resuelto, en un tiempo razonable. Se trata,...de un concepto indeterminado que requiere...el examen de las actuaciones procesales, a fin de comprobar en cada caso si...ha existido un retraso en la tramitación de la causa que no aparezca suficientemente justificado por su complejidad o por otras razones, y que sea imputable al órgano jurisdiccional y no precisamente a quien reclama. (...)...existe acuerdo en que...se debe concretar los periodos y demoras producidas,...requiere, en cada caso, una específica valoración acerca de si ha existido efectivo retraso (elemento temporal) SSTs. 654/2007 de 3.7, 890/2007 de 31.10, entre otras), debiendo acreditarse un específico perjuicio más allá del inherente al propio retraso. (...).

En canto as resolucións emanadas das Audiencias Provinciais(xurisprudencia menor) e respecto ao que afecta a promulgación de Acordos, é relevante facer mención a Sentenza núm. 411/2013 de 9 maio, emitida pola Sección Décima da Audiencia na que se aplica un Acordo unánime do Pleno non Xurisdiccional da Audiencia de Barcelona celebrado el 12-7-2012, onde no seu F.J 4º se afirma que:

"...se considera que en todo caso tiene la consideración de *dilación extraordinaria e indebida en los términos expresados en el art. 21.6 CP, la paralización de una causa por tiempo superior a dieciocho meses, cuando no sea atribuible al propio inculpado*".

Pois ben, sen ánimo de facer una extrapolación literal, xa que o análise antedito se refire a un proceso penal, e aquí estamos diante dun Convenio entre dúas administracións, cuestión substancialmente diferente, sen dúbida, pero si que é aplicable en canto a referencia concreta do tempo cifrado de demora máximo, os 18 meses, e en relación co concepto de funcionamento anormal da Administración, que pode orixinar unha obriga de indemnización ao afectado. O que podería suceder neste suposto no que a Xerencia do Consorcio, sen convocar/constituír a Comisión, decide facer unha liquidación nada menos que 5 ANOS E MEDIO despois, sobre o 2010, ou de 4,5, 3,5, 2,5 e de 1,5 sobre o máis próximo, o 2013. Tampouco resultan aplicables os 4 anos de prescrición das débedas tributarias, pero igualmente sirva como dato orientador. Logo de deixar transcorrer desde 1,5 ata 5 anos sen facer nada, nin é asumible nin está lexitimado o Consorcio para esta desorbitada actuación.

Diríamos que sobran as palabras: si no ámbito da Xustiza temos esa referencia de 18 meses para falar de dilacións indebidas, neste caso sería dunha gravidade multiplicada por 2,3,4 e 5. Non será directamente extrapolable, repetimos, pero si que é moi censurable

ANEXO A ACTA DA SESION PLENARIA DE 24 DE SETEMBRO DE 2015, QUE FORMA INTEGRANTE DA MESMA. Secretario: Manuel Quintans Queiruga

esta actuación tan *anómala*, tan *fora de lugar*, máxime pola incompetencia reiterada, que a converte en unha ilegalidade notoria, ostensible, que, por todo exposto, debe rematar coa inmediata anulación, sen necesidade que este -e outros Concellos- teñan que recorrer aos Tribunais para acadar a mesma.

Polo exposto,

SOLICITO:

- **1. Anulación/Retirada.** Diante dun acto nulo de pleno dereito por ditarse unha resolución de liquidación provisional da aportación económica municipal, polo Xerente do Consorcio, carecendo de competencia para elo, xa que a mesma está atribuída expresa e especificamente a unha Comisión Mixta Consorcio-Concello, deberá proceder a retirada e anulación de este procedemento, convocando, no seu caso, a referida Comisión Mixta para adoptar tal decisión, en aplicación do art. 62, b,c,e,g da Lei 30/1992 da Lei 30/1992 e normativa concordante, neste caso o aludido Convenio.
- **2. Se achega ao 30 %.** En todo caso, de xeito provisional, consideramos que o Concello de SILLEDA, aportou o porcentaxe pactado da súa coparticipación, exactamente o **29,999996 %**, co que cumpre notoriamente o pactado contractualmente de "*achegarse ao 30 %*" do gasto.

En Silleda a 31 de Agosto de 2015.

O ALCALDE.

Manuel Cuiña Fernandez

Diante de min: O INTERVENTOR
M. Quintans

Ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar
Rúa Amor Rubial, 30-32, baixo. 15702 SANTIAGO.

Copia: AO SR. CONSELLEIRO DE TRABALLO E BENESTAR. Edif. San Caetano. SANTIAGO

PUNTO Nº 4.- Requirimento de pago a EXPLOTACION MINERA DE CAMPOMARZO SL do canon municipal pola explotación dun vertedoiro para escombro de construción e demolición, en terreos municipais, segundo contrato suscrito entre a empresa - adxudicataria do servizo público- e o Concello en data 23 de Maio de 2002.

Á vista do informe emitido polo Interventor municipal do seguinte teor:

ACORDO DE REQUIRIMENTO DE PAGO en dous apartados. Previa a providencia de apremo en vía executiva polos anos 2005/2007 e liquidación ordinaria polo período 2008/2011 a empresa EXPLOTACION MINERA DE CAMPOMARZO SL, NIF 35217805-K, en concepto de canon municipal pola explotación dun vertedoiro para escombros de construción e demolición, en terreos municipais, segundo contrato suscrito entre a empresa - adxudicataria do servizo público- e o Concello en data 23 de Maio de 2002.

VISTOS os antecedentes do caso que constan no expediente, tanto en relación coa empresa CAMPOMARZO –polo canon do vertedoiro-, como con INDEZA -por un contencioso sobre débeda municipal-, así como os trámites xudiciais que constitúen os referentes básicos, aplicables as 2 empresas en diferentes medidas, e que se identifican:

Ejecución 0000053/2013
PA 31072006
Demandante: INDUSTRIAS DEL DEZA SL.
Recurso nº 123/2013
Juzgado Contencioso nº 2 de Pontevedra

En data 23 de Xaneiro de 2015 o Xulgado nº 2 dictou auto executivo nº 53/2013 a favor de INDEZA, hoxe pendente dun posible recurso diante do Tribunal Supremo,

VISTO o informe xurídico de Decembro de 2014, que sintetiza e analiza as circunstancias diversas concorrentes, así como a acta de reunión entre INDEZA e o seu representante co Alcalde, Secretario e Interventor que se achega como Anexo a este documento, e igualmente o citado informe que se transcribe de seguido:

““

INFORME DE SECRETARÍA

Objecto: *Ejecución sentenza INDEZA. Reclamación cantidade.*

Recurso: Ejecución 0000053/2013. PA 31072006

Demandante: INDUSTRIAS DEL DEZA SL.

Recurso nº 123/2013

Juzgado Contencioso nº 2 de Pontevedra

Que, en relación con la ejecución citada en el encabezamiento, y la providencia judicial de fecha 3 de Octubre, con registro de entrada 5 Octubre de 2014, se eleva la siguiente:

INFORME

ANTECEDENTES ESENCIALES

ANEXO A ACTA DA SESION PLENARIA DE 24 DE SETEMBRO DE 2015, QUE FORMA INTEGRANTE DA MESMA. Secretario: Manuel Quintans Queiruga

Procede señalar los antecedentes básicos, al objeto de la disquisición sobre la deuda/s entre las partes.

A.- La empresa EXPLOTACION MINERA DE CAMPOMARZO SL, NIF 35217805-K, resultó adjudicataria del servicio público de la explotación de un vertedero para escombros de construcción y demolición, en terrenos municipales, según contrato suscrito entre la empresa y el Ayuntamiento en fecha 23 de Mayo de 2002 –previo acuerdo plenario de 31 de Enero de 2002-, firmado por Angel Fernandez Presas en su nombre y representación, en el que se estipuló el pago de un canon municipal derivado de la concesión del servicio público de explotación del vertedero, subdividido en dos apartados:

1) Tasa de inversión. Consiste en una variable revertida por la empresa a lo largo de la vida útil del vertedero oscilando entre los 0,50 €/Tm el primer año y los 2,50 €/Tm el quinto y siguientes.

2) Canon fijo de alquiler de 0,60 €/Tm a partir del cuarto año (Mayo del 2006) y siguientes. La cuantía del mismo se fijaba en la cláusula Cuarta.

3) Modificación. En el BOP de fecha 17 de Enero de 2003, nº 11, se elevó a definitiva la modificación de la Ordenanza de tasas por la prestación del servicio público de recepción de residuos de construcción y demolición, en cuyo art. 6, Tarifas, se estableció el Canon de Vertido, el cual quedó constituido por la suma de la tasa de inversión y el canon de explotación, según el cuadro que sigue:

Canon de vertido en €/TM			
AÑO	Tasa explotación	Tasa Inversión	TOTAL
1	6,29	0,50	6,79
2	6,29	0,99	7,28
3	6,29	1,50	7,79
4	6,29	2,00	8,29
5 y siguientes	6,29	2,50	8,79

B.- Relación entre el Ayuntamiento y las empresas INDEZA y CAMPOMARZO. Referencia básica. En fecha 15 de Junio de 2005 INDEZA comunica al Ayuntamiento la cesión de crédito operada con la sociedad EXPLOTACION MINERA DE CAMPOMARZO SL en la cantidad de 55.930,70 € de facturas por la ejecución de 3 obras municipales, que más intereses se eleva la misma a 79.773,18 €, reconociendo una deuda de INDEZA con EXPLOTACION MINERA DE CAMPOMARZO SL, en virtud de un préstamo de Campomarzo con la 1ª por valor de 90.000 €. Esas tres facturas se corresponden a la nº 3263 de 19-1-97, 4.792,44 €, "Pavimentación Vial. PIEL 95"; la nº 161 de 21-05-1998 de 44.453,75 €, "Canalizaciones Eléctricas Av. Parque" y la 333 de 30-09-1988, 6.684,50 € "Pavimentación St. Eulalia", que más intereses, 23.842,48 € arroja el total referido de 79.773,18 €, unas facturas que corresponden a las obras objeto del pleito originario por lo que no se resta del pendiente de cobro a cuenta municipal, sino que computa en el principal de la deuda pendiente de INDEZA.

En la información municipal se conoce una íntima relación entre ambas sociedades- se supone, sin datos oficiales, que una es accionista/propietaria de la otra-, lo que se deduce del concurso de acreedores conjunto de ambas, a modo de un grupo empresarial con empresas participadas por la matriz, y que se confirma –sólo por citar el último suceso- con el hecho de que el día 20 de Octubre tiene lugar una reunión entre INDEZA y el Ayuntamiento en el que participan el Alcalde, Manuel Cuiña Fernandez, el Interventor y el Secretario de Silleda con el representante de INDEZA, el Sr. Angel Fernandez Presas –en un ambiente de cordialidad, procede señalar-, en el contexto y versando la misma sobre la contestación municipal al Juzgado nº 2 /Pontevedra de fecha 8 Octubre 2014 en el que se indicaba que INDEZA (posteriormente CAMPOMARZO) adeudaban al Ayuntamiento 152.316,85 € en concepto de canon/tasas por la explotación del vertedero en los años 2005/2006/2007, en el transcurso de la cual el representante de INDEZA actuó a su vez como Administrador de Campomarzo, lo aseguró expresamente, y, sobre todo, asumió que la citada deuda municipal que se reclamaba formaba parte del conjunto que se discutía ante el Juzgado nº 2 con INDEZA, sin que en ningún momento hiciera objeción alguna al respecto. No sólo eso, sino que, por el contrario, aceptó que de la deuda de INDEZA habría que descontar exactamente 217.206,00 € más 56.428 de intereses, total 263.634,00 € (así se tomó nota por los técnicos locales), en concepto de canon/tasas de los años 2008/2009/2010, y de ello son testigos las personas aludidas, amén de la fe pública del Secretario Municipal presente en el acto. Además de los 152.316,85 € del 2005, 2006,2007. En definitiva se trató el caso, se reitera, como si se tratara de una sola/única empresa, sin género de la más mínima duda. Igualmente el Alcalde, en su condición de Teniente de Alcalde en el 2008, recuerda como la Alcaldesa, con motivo de la firma del acuerdo de pago aplazado de 28-07-

ANEXO A ACTA DA SESION PLENARIA DE 24 DE SETEMBRO DE 2015, QUE FORMA INTEGRANTE DA MESMA. Secretario: Manuel Quintans Queiruga

2008, le comentó que INDEZA se comprometía a liquidar las cantidades pendientes del canon y tasa del vertedero para compensar los pagos que se pactaron (790.000 €), lo que, finalmente, no se produjo por ninguna de las partes, concurriendo la circunstancia que en el 2009 la Alcaldesa, Paula Fernandez Pena, fue sustituida a través de una moción de censura.

Sobre estos antecedentes sucintos, procedemos a efectuar el cómputo de la deuda entre las partes, siempre salvo error, y sometido a criterio mejor fundado.

1.- Deuda de la parte contraria a favor del Ayuntamiento.

1.1.- 2005/2006/2007. Sobre las deudas impagadas por CAMPOMARZO con el Ayuntamiento en concepto de canon municipal derivado de la concesión del servicio público de explotación de vertedero para escombros de construcción y demolición, según contrato suscrito entre la empresa y el Ayuntamiento en fecha 23 de Mayo de 2002, hay que remarcar de nuevo que el 1 de Abril de 2008 la empresa reconoció una deuda contraída con el Ayuntamiento por tal concepto según los datos que siguen:

Año	Toneladas	Canon Ayto.	Pagados	Pendiente
2005	16.786,68	25.180,02		4.364,54
2006	22.497,41	51.948,06		26.869,70
2007	39.146,31	144.570,40		121.082,61
TOTAL		221.698,48	69.381,63	152.316,85

1.2.- Requerimiento declaración toneladas vertidas (2008, 2009, 2010).

En fecha 17 de Octubre se requirió a la empresa que aportara esos datos, que se admitió parcialmente, hasta el 2010, en la reunión de 20 de Octubre entre empresa y representantes municipales antedicha, en la que el Sr. Fernandez Presas reconoció expresamente que por los años 2008, 2009, 2010 se adeudaba 217.560 € más 56.428 de intereses, total 263.634,00 €. No incluyó el 2011 en ese reconocimiento, alegando el hecho de un incendio en las instalaciones.

Hechas estas precisiones, con los datos extraídos de la documentación oficial y coincidente casi al milímetro, excepto el 2011, por la reconocida por el Administrador de INDEZA, la deuda sería la siguiente:

Año	Toneladas	Canon Ayto.	Pagados	Pendiente
2008	40.950,00	77.805,00		77.805,00
2009	48.882,00	92.876,37		92.876,37
2010	30.669,80	58.272,62		58.272,62
2011	36.316,65	69.001,64		69.001,64
Subtotal				297.955,63

NOTA:

1.3.- Cómputo total de los años 2005, 2006, 2007, 2008, 2009, 2010 y 2011. Principal sin intereses.

Será éste:

Año	Toneladas	Canon Ayto.	Pagados	Pendiente
2005	16.786,68	25.180,02		4.364,54
2006	22.497,41	51.948,06		26.869,70
2007	39.146,31	144.570,40		121.082,61
Subtotal		221.698,48	69.381,63	152.316,85
2008	40.950,00	77.805,00		77.805,00
2009	48.882,00	92.876,37		92.876,37
2010	30.669,80	58.272,62		58.272,62
2011	36.316,65	69.001,64		69.001,64
Subtotal				297.955,63
GRAN TOTAL				450.272,48

ANEXO A ACTA DA SESION PLENARIA DE 24 DE SETEMBRO DE 2015, QUE FORMA INTEGRANTE DA MESMA. Secretario: Manuel Quintans Queiruga

1.4.- Cálculo de los intereses de demora y recargo de apremio

Si a la deuda/principal antedicha le aplicamos los intereses de demora –en este caso ese interés legal en concreto aprobado por el MINHAP- y el 20% de recargo de apremio, el importe final se recoge en el cuadro que sigue:

Año	Principal Pendiente	Recargo de apremio 20 %	Interés de demora	TOTAL
2005	4.364,54	872,90	970,46	6.207,90
2006	26.869,70	5.373,94	9.281,09	41.524,73
2007	121.082,61	24.216,52	35.772,41	181.071,54
2008	77.805,00	15.561,00	19.070,79	112.436,79
2009	92.876,37	18.575,27	18.280,09	129.731,73
2010	58.272,62	11.651,52	9.329,99	79.254,13
2011	69.001,64	13.800,33	8.053,55	90.855,52
TOTAL	450.272,48	90.051,48	100.748,38	641.072,34

* Interés de demora según tablas anexas,

TOTAL Principal + intereses	450.272,48	100.748,38	551.020,86
------------------------------------	-------------------	-------------------	-------------------

2.- Deuda municipal con INDEZA.

Con fecha 18 de Noviembre de 2008 se dictó auto por el Juzgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra en el que se homologó el Acuerdo Extrajudicial suscrito por la empresa INDEZA S.L. y el Ayuntamiento, sobre la deuda contraída por la Administración, de fecha 28-07-2008 en el que se fijaba dicha deuda municipal en **790.000 €**, a pagar en los plazos siguientes:

- 450.000 en Julio de 2008
- 40.000 en Setiembre 2008
- 150.000 en Febrero de 2009
- 150.000 en Febrero de 2010

FORMA DE PAGO HOMOLOGADA JUDICIALMENTE	Intereses	PAGADO	PENDIENTE
450.000 Julio 2008		PAGADOS: 454.091,99 1 Agosto 2008	0
40.000 Stbre 2008		PAGADOS: 35.908,01 el 22-09-2008	0
150.000 Febrero 2008	44.315,76		194.315,76
150.000 Febrero 2010	28.536,99		178.536,99

ANEXO A ACTA DA SESION PLENARIA DE 24 DE SETEMBRO DE 2015, QUE FORMA INTEGRANTE DA MESMA. Secretario: Manuel Quintans Queiruga

TOTAL			372.852,75

- **Interés de demora según tablas anexas (A 31-12-2014)**

AÑO	INTERÉS LEGAL DEL DINERO	INTERÉS DE DEMORA	TEXTO LEGAL
2014	4,00%	5,00%	Ley 22/2013, de 23/12/2013.
2013	4,00%	5,00%	Ley 17/2012, de 27/12/2012.
2012	4,00%	5,00%	Ley 2/2012, de 29/06/2012.
2011	4,00%	5,00%	Ley 39/2010, de 22/12/2010.
2010	4,00%	5,00%	Ley 26/2009, de 23/12/2009.
2009	4,00%	5,00%	R.D.-Ley 3/2009, de 27/03/2009, (Desde el 01/04/2009)
2009	5,50%	7,00%	Ley 2/2008, de 23/12/2008, (Hasta el 31/03/2009)
2008	5,50%	7,00%	Ley 51/2007, de 26/12/2007.
2007	5,00%	6,25%	Ley 42/2006, de 28/12/2006.
2006	4,00%	5,00%	Ley 30/2005, de 29/12/2005. (
2005	4,00%	5,00%	Ley 2/2004, de 27/12/2004.

3.- Balance.

En base a lo expuesto la deuda municipal con INDEZA se cifra en **372.852,75 €** y la que se adeuda al Ayuntamiento en concepto de tasas por la prestación del servicio público de recepción de residuos de construcción y demolición de los años 2005/2011 asciende a **450.272,48**, de principal, que más **100.748,38** de intereses –sin computar recargo de apremio- ascendería a **551.020,86 €**, con la duda citada anteriormente en cuanto a que INDEZA y CAMPOMARZO son 2 sociedades distintas, de las que se desconoce en este momento su relación, aunque sí consta que les representa la misma persona, Angel Fernandez Presas.

Emito este Informe, segundo o meu leal saber e entender.

SILLEDA, 22 de Decembro de 2.014. Secretario. Manuel Quintáns Queiruga

RESULTANDO que, nun resumo dos antecedentes, e no que afecta a este caso, procedería efectuar este balance:

a) Reunión entre o Sr. Fernandez Presas e Alcalde/Secretario/Interventor.

Non se trata dunha Acta calquera, senón un documento dun fedatario público, o Sr.Secretario do Concello, que ten outorgada a fe pública municipal, de acordo co art.º 2 do RD 1174/87, en relación 92 de L.R.B.R.L. -e correlativo do ROF- e DÁ 2º.punto 1 da Lei 7/2007 Estatuto Básico Empregado Público. Esa función da fe pública municipal, un Notario dentro do municipio, outórgalle ese plus específico da fe pública, un especial valor probatorio a ese documento. Polo tanto a súa veracidade é incuestionable legalmente; e nela consta que:

1. Falaba en nome das 2 sociedades, mesturounas sen ningún xénero de dúbida.

2. CAMPOMARZO debía ao Concello 152.316,85 € en concepto de canon/taxas pola explotación do vertedoiro nos anos 2005/2006/2007.

3. Que polos anos 2008, 2009 e 2010 o principal ascende a 217.206 +56.428 de intereses, un total de 263.634,00 € sería a débeda que mantén Campomarzo
co Concello.

b.- Ademais da fe pública, hai outras dúas testemuñas. Ao anterior feito hase de engadir que o Secretario dá fe da presenza na reunión do Alcalde e Interventor que avalan o contido da acta. Innecesario recordar que se o Secretario dá fe dos acordos e o número de concelleiros que asisten a un pleno municipal, en igual medida o fai da asistencia a esa reunión. E permitímonos transcribir ese contido en canto á intervención e aseveracións do Sr. Presas pola súa transcendencia.

Transcripción da Acta en canto a intervención do Sr, Presas:

Sr. Angel Fernandez Presas: En relación con la contestación municipal al Juzgado nº 2 /Pontevedra de fecha 8 Octubre 2014 en el que se indicaba que INDEZA adeudaban al Ayuntamiento 152.316,85 € en concepto de canon/tasas por la explotación del vertedero en los años 2005/2006/2007, reconoce que es cierta pero recuerda, remitiéndose a las cifras que figuran en el Juzgado, que el Ayuntamiento les adeuda 300.000 € de intereses impagados, más los intereses generados por ese impago que según cálculo de su Letrado asciende a la cantidad de 196.688 € computados desde el 1-07-08 aplicando el 8% fijado en la ley de morosidad y si se calcularan al interés legal del dinero serían 68.965,60 € y mediante el interés de demora de la Administración supondrían 88.600,92 €.

Seguidamente recuerda los antecedentes y cifras originarias del caso, la demanda del 2006, la sentencia de 12-02-2007, nº 21, que fija la deuda en 454.091,98 de principal más 400.845,96 de intereses, total 854.937,94 €. Luego, mediante Convenio con la exAlcaldesa y se estableció una quita de 64.937,94 € y el plan de pagos siguiente:

*450.000 en Julio 2008
40.000 en Setiembre 2008
150.000 en Febrero 2009
150.000 en Febrero 2010*

Se cumplió el Convenio, continúa, en cuanto se pagó el 1-08-2008 454.019,99 € por transferencia al BBVA y el 30-12-08 otro pago de 35.908,01, lo que arroja un total de 490.000,00 €. Así, a 31-12-2008 quedaron pendientes dos pagos de 150.000, 300.000 en total, que más los intereses al principio citados, los 196.688 € si se aplica la ley de morosidad y una cantidad menor con las otros formas de calcular que antes citó, elevarían la deuda a casi 600.000 € y seguirá aumentando y esto no es bueno para el Ayuntamiento por el que es necesario cerrar ya el pleito.

Finalmente, a requerimiento del Sr. Alcalde y Secretario sobre la deuda que mantiene con el Ayuntamiento en concepto de canon, reitera que es correcta la cifra aludida de 152.316,85 € de los años 2005,2006 y 2007 y que según sus

números, que tiene anotados por escrito y pasa a leerlos son: por los años 2008, 2009 y 2010 el principal asciende a 217.206 + 56.428 de interés, un total de 263.634,00 € sería la deuda que mantiene Indeza con el Ayuntamiento, que, como se ve, señala que se compensaría con los intereses a favor de Indeza por cuantía casi igual, restando así una deuda de 300.000 € que espera poder concretar pronto un plan de pagos por parte municipal, sin necesidad de continuar con el pleito ante los Tribunales, si fuera posible y con carácter rápido, no en meses... Otra cosa serían los plazos... A instancias del Sr. Secretario se procede a repetir las cantidades que declara: 2008, 2009 y 2010 el principal asciende a 217.206 + 56.428 de interés, un total de 263.634,00 € en concepto de canon por el vertedero que adeuda la empresa al Ayuntamiento y remata recordando el incendio del 2010, que le originó grandes perjuicios, que el seguro no se hizo cargo de los mismos y que incluso podría reclamar una parte de ellos al Ayuntamiento, aunque no lo ha hecho...

c.- Outras probas. O propio afectado reconeceuno explicitamente na súa declaración xudicial. Pero por se non fose suficiente o antedito o propio Sr. Fdez. Presas reconeceuno aberta e explicitamente na súa declaración xudicial. E véxase o vídeo da gravación para evitar repeticións innecesarias. A ela remitímonos. Só puxo a pega de que non a asinara, pero si admitiu concreta e textualmente que eran certas as cantidades citadas e que lle foron a repetido/preguntadas en tal declaración: "152.316,85 € dos anos 2005, 2006 e 2007 e que segundo os seus números, que ten anotados por escrito e pasa a lellos son: polos anos 2008, 2009 e 2010 o principal ascende a 217.206 + 56.428 de interese, un total de 263.634,00".

Iso declarou, e 1º, dá fe o Secretario, 2º, aválano 3 testemuñas e 3º, ratifícao, en sede xudicial, o mesmo Sr. Presas. Unha declaración que consta gravada en vídeo, á que nos remitimos, e resaltando a súa transcendencia.

Igualmente na testifical da ex/Alcaldesa no momento da firma do Convenio de pagamento aprazado, como reconece directamente o auto xudicial, esta sostén que entre ela e o Sr. Fernandez Presas existiu un acordo consistente en que Campomarzo aboaría a débeda pendente co Concello, permitíndolle a este compensar coa INDEZA. O seu pacto instrumentouse en que o SR. Fdez. Presas comprometeuse ao pagamento da débeda polo canon do vertedero (Campomarzo) para que á súa vez o Concello pagase os 2 prazos de 150.000 € a INDEZA. Así o pactaron e así admitiuno, neste caso implicitamente, o Sr. Presas, contestando a esa pregunta concreta cun ilustrativo "...pues, non o recuerdo", dito en ton tan dubitativo que, permítasenos asegurar, que soou a un claro reconecemento. Esa declaración o que está a dicir é que se houbo tal pacto, como sostivo inequivocamente a Sr.a Alcaldesa -e hase de sinalar que entre ambos os dous existe unha relación cordial, amigable, en virtude de que a Alcaldesa traballara co Sr. Presas en INDEZA-. De novo, reiteramos o visionado do vídeo da vista, para poder apreciar estes detalles que poden ser transcendentales ao caso. Debemos apuntar en tal sentido que o Sr. Fernández rompeu o pacto entre "cabaleiros", non pagou a débeda de Campomarzo, como el mesmo admite directamente no escrito rexistrado o 22 de Decembro, n.º 3685, que consta en autos

d.- Reconecemento expreso de débedas de Campomarzo co Concello: 152.316,85 € dos anos 2005, 2006, 2007 e 263.634,00 €, 2008/2009/2010 por parte de Angel Fernandez Presas, Xerente. É dunha claridade meridiana que INDEZA e CAMPOMARZO son dúas sociedades distintas. Dito isto, apuntamos que a casuística da realidade é variada e estamos ante un caso especial e específico de dúas empresas que actúan como unha especie de "conglomerado empresarial" e, sobre todo, a proba testifical do 20 de Xaneiro introduce elementos probatorios moi sólidos

ANEXO A ACTA DA SESION PLENARIA DE 24 DE SETEMBRO DE 2015, QUE FORMA INTEGRANTE DA MESMA. Secretario: Manuel Quintans Queiruga

para cuestionar ese principio base de dúas empresas distintas, dende a perspectiva dunha compensación de débedas. Así, tamén é evidente que o Xerente de ambas as dúas falou e negociou co Alcalde, ante a presenza do Secretario e Interventor, un posible acordo amigable, reunión na que actuou, sen xénero ningún de dúbidas, **recoñecendo a débeda que mantiña Campomarzo co Concello, 152.316,85 € dos anos 2005,2006,2007 e 263.634,00 €, 2008/2009/2010. Un total de 415.950,85 máis o 2011, pendente de liquidación.** E fíxoo en nome das dúas empresas. O Sr. Fdez. Presas, anteriormente, pactou coa ex/Alcaldesa, tamén ex/traballadora da súa empresa, e con quen lle unía unha relación afectuosa, que os 300.000 € que debía o Concello a INDEZA se compensarían coas débedas en similar contía que tiña CAMPOMARZO polo non pagamento do canon do vertedoiro de residuos. Pacto que o Sr. Fdez. Presas incumpriu de xeito evidente.

VISTO que en data 17 de Decembro, rexistrado na Subdelegación Goberno de Pontevedra e rexistro entrada municipal nº 3585, de 22 Decembro 2014, en contestación ao requirimento previo municipal, a sociedade CAMPOMARZO, representado por Angel Fernández Presas, declara o número de toneladas verquidas no vertedoiro nos anos 2008,2009,2010 e 2011 polos importes que se citan a continuación:

Ano	Toneladas	Canon Ayto.	Pagados	Pendente
2008	40.950,00	77.805,00		77.805,00
2009	48.882,00	92.876,37		92.876,37
2010	30.669,80	58.272,62		58.272,62
2011	36.316,65	69.001,64		69.001,64
Subtotal				297.955,63

- **NOTA:** declaración de Angel Fernandez Presas en representación de CAMPOMARZO: 2008, 40.950 Tm; 2009, 48.882,00 Tm; 2010, 30.669,80; 2011, 36.316,65 Tm. Se ha de precisar que esa declaración non foi efectuada anteriormente, polo que a data de cómputo é incuestionablemente a referida de 17 Decembro de 2014, día de rexistro na Subdelegación do Goberno.

TENDO EN CONTA o informe de Intervención que sinala que a débeda dos anos 2008/2011 deberá reclamarse por vía ordinaria previamente e só se pode pasar a vía executiva as dos anos 2005 a 2007, xa que na notificación efectuada en Decembro non incluía o cálculo do canon deses anos, polo que a empresa debe dispor do período de pago ordinario.

CONSIDERANDO que o canon do vertedoiro é un ingreso de dereito público, non suxeito ao mesmo período de extinción das débedas tributarias, xa que non ostenta natureza tributaria senón que constitúe un ingreso de dereito público sometido ao ordenamento xurídico privado en todo aquilo que non se encontre regulado especificamente na LXT/concordantes, tendo en conta ademais que o devengo do mesmo está supeditado a declaración da empresa das toneladas verquidas, a cal deberá computarse no momento que teña lugar a mesma, polo que o período de liquidación comenza a partires dese momento e, en paralelo, a posibilidade da prescrición se computaría tamén desde esa data, o cal queda descartado no caso presente, reflexión a aplicar ao período 2005/2008 en todo caso, nunca ao 2008/2010 xa que a declaración das toneladas verquidas –imprescindible para a liquidación do canon- non tivo lugar ata a data anteriormente citada de 17 de DECEMBRO de 2014.

ANEXO A ACTA DA SESION PLENARIA DE 24 DE SETEMBRO DE 2015, QUE FORMA INTEGRANTE DA MESMA. Secretario: Manuel Quintans Queiruga

Por tódolo exposto, tendo en conta en especial as disposicións da Lei Xeral Tributaria (Lei 58/2003), Regulamento de Recadación(RD939/2005), Lei de Facendas Locais (Real Decreto Lexislativo 2/2004), Lei RXPAC (Lei 30/92), así como as Bases do Orzamento vixente aplicables a este caso, **esta Xunta de Goberno Local**, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros, **ACORDA:**

Apartado A. Reclamación previa (3ª) a vía executiva. (Último requirimento de data 04-12-2014, acuse de recibo de Correos)

- **TRASLADAR O ULTIMO REQUIRIMENTO DE PAGO, previo a dictar providencia de apremio, a empresa EXPLOTACION MINERA DE CAMPOMARZO SL, NIF 35217805-K, adxudataria do servizo público da explotación dun vertedoiro para escombro de construción e demolición, en terreos municipais, segundo contrato suscrito entre a empresa e o Concello en data 23 de Maio de 2002, o canon dos anos 2005/2007,coa advertencia de que, en caso de impago, se procederá pola vía executiva, con remisión a ORAL para o seu cobro, de acordo coas cantidades e conceptos que se citan a continuación:**

Ano	Principal Pendente	Recargo de apremio 20 %	Interés de demora	TOTAL
2005	4.364,54	872,90	970,46	6.207,90
2006	26.869,70	5.373,94	9.281,09	41.524,73
2007	121.082,61	24.216,52	35.772,41	181.071,54
TOTAL	152.316,85	30.463,37	46.023,96	228.804,18

* Interese de demora segundo táboas anexas,

.....

Apartado B. Liquidación canon/Reclamación de pago.

- **REQUIRIR a empresa EXPLOTACION MINERA DE CAMPOMARZO SL, NIF 35217805-K -adxudataria do servizo público da explotación dun vertedoiro para escombro de construción e demolición, en terreos municipais, segundo contrato suscrito entre a empresa e o Concello en data 23 de Maio de 2002-, as liquidacións correspondentes ao canon dos anos 2008/2011, segundo declaración de toneladas verquidas de data 17 de Decembro, rexistrado na Subdelegación Goberno de Pontevedra e rexistro entrada municipal nº 3585, de 22 Decembro 2014, de acordo co cadro que segue:**

Ano	Principal Pendente
2008	77.805,00
2009	92.876,37
2010	58.272,62
2011	69.001,64
TOTAL	297.955,63

- Prazos de ingreso e Medios de pago

Prazos de ingreso

O pago en período voluntario das liquidacións provisionais deberá facerse nos prazos indicados no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria:

a) Se a notificación da liquidacións se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o 20 do mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e derradeiro de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Medios de pago

O Ingreso efectuarase mediante transferencia bancaria á conta que o concello ten aberta en BANCO SANTANDER é que é a seguinte: 0030/6210/22/0925476271.

.....

PUNTO Nº 5 .- PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN, POLO PROCEDIMENTO ABERTO MULTICRITERIO E TRAMITACIÓN ORDINARIA, DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA PERSOAS DEPENDENTES VALORADAS E PRESTACIÓN BÁSICA DO CONCELLO DE SILLEDA

CLÁUSULA PRIMEIRA.

Obxecto e cualificación

O obxecto do contrato é a prestación das actuacións de carácter básico e de carácter complementario que integran o Servizo de Axuda no Fogar (en diante SAF), que inclúe a prestación básica do sistema de servizos sociais en réxime de libre concorrència e persoas en situación de dependencia valorada que contén con asignación deste servizo na correspondente resolución do programa individual de atención, de acordo cos pregos de prescricións técnicas que figuran no expediente de contratación. CPV: 85312400-3. O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, tal e como establece o artigo 10 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de selección e adxudicación

A forma de adxudicación do contrato de SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA PERSOAS DEPENDENTES VALORADAS E PRESTACIÓN BÁSICA DO CONCELLO DE SILLEDA será o procedemento aberto, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición e do que quedará excluída toda negociación dos termos do contrato, de acordo co artigo 157 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro. Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase a varios criterios directamente vinculados co obxecto do contrato, de conformidade co artigo 150.1 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e coa cláusula décima deste prego. Por concorrer o suposto previsto no artigo 40.1.b do TRLCSP, os actos deste procedemento relacionados no apartado 2 do dito precepto serán susceptibles do recurso especial en materia de contratación potestativo e previo á interposición do contencioso-administrativo, non procedendo a interposición de recursos administrativos ordinarios.

CLÁUSULA TERCEIRA. Perfil do contratante

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este concello conta co perfil do contratante, ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na seguinte páxina web: www.silleda.es

CLÁUSULA CUARTA. Importe do contrato

Página 2 de 16

O orzamento de licitación do Servizo de Axuda no Fogar de prestación básica e dependencia calcúlase sobre o prezo/hora de prestación do servizo distinguindo dous tipos de servizos (ordinario e extraordinario), establecéndose a estes efectos os seguintes prezos unitarios: - Prezo ordinario de licitación do Servizo de Axuda no Fogar de prestación básica e dependencia, que corresponde ás horas realizadas os días laborables e sábados pola mañá, 11,70 euros hora, IVE excluído. -Prezo extraordinario de licitación do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de prestación básica e dependencia, que corresponde ás horas realizadas ao sábado pola tarde, domingos e festivos, 13,70 euros hora, IVE excluído. O período de tempo nos desprazamentos aos domicilios para prestar o servizo, considerarase incluído no prezo do contrato por hora realizada. Igualmente, neste orzamento enténdense engadidos calquera tributo ou gasto que poida gravar o obxecto da contratación. O montante previsto de horas anuais –unha estimación seguindo os parámetros fixados pola XUNTA- queda establecido como segue:

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA PERSOAS DEPENDENTES

LABORABLES E SÁBADOS MAÑÁ

DOMINGOS E FESTIVOS

TOTAL

ESTIMACIÓN HORAS/ANO

22.559

1.813

24.372

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MODALIDADE LIBRE CONCORRENCIA

1.584

1.584

Este número de horas sinaladas é unha previsión polo que no caso de que sexa necesario un aumento na prestación do servizo, en aplicación da normativa vixente, o Concello poderá modificar –previa tramitación de expediente que acredite dispoñibilidade orzamentaria- o contrato, incrementando o número total de atención cuxo custo máximo non poderá superar o 20% do prezo de licitación deste contrato excluído o IVE, aplicado sobre o prezo de licitación. Así mesmo e dado que o número de horas do contrato é unha aproximación pode acontecer que o número real sexa inferior ó de estimadas. Neste caso o contratista só terá dereito a percibir o custo das efectivamente realizadas, pero nos casos nos que esta redución supoña unha estimación anual de horas inferior ó 20% poderá instar a resolución do contrato. O valor estimado do presente contrato, tendo en conta as posibles prórrogas e modificacións, ascende á contía de 1.238.761,92 euros, ao que se engadirá o Imposto sobre o Valor Engadido (4%) por valor de 49.550,47 euros, o que supón un total de 1.288.312,40 euros. O importe aboarase con cargo á aplicación 233.227.99 do vixente Orzamento Municipal; existindo crédito suficiente até o importe aprobado polo Concello, quedando acreditada a plena dispoñibilidade das achegas que permiten financiar o contrato.

Página 3 de 16

CLÁUSULA QUINTA. Duración do contrato e prórrogas

A duración do contrato de servizos será de DOUS (2) ANOS, con efectos desde a formalización. O Concello poderá acordar, se así o acorda co adxudicatario antes da finalización do período contractual (ou, se é o caso, da correspondente prórroga), prórrogas anuais, sen que a duración total, incluídas as prórrogas, exceda de CATRO (4) ANOS. Se chegado o remate do período de contratación, inicial ou prorrogado, o Concello de Silleda non conta cun novo adxudicatario, a empresa contratista deberá continuar coa prestación do servizo ata que un novo adxudicatario ou o propio Concello se faga cargo do mesmo, ata un máximo de TRES (3) MESES, nas mesmas condicións técnicas e económicas vixentes nesa data.

ANEXO A ACTA DA SESION PLENARIA DE 24 DE SETEMBRO DE 2015, QUE FORMA INTEGRANTE DA MESMA. Secretario: Manuel Quintans Queiruga

CLÁUSULA SEXTA. Acreditación da aptitude para contratar

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, que non estean incursas en prohibicións de contratar e que acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional. Asemade, as empresas licitadoras deberán estar inscritas no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia, área de comunidade. 1. A capacidade de obrar do empresario acreditarase: a) Dos empresarios que sexan persoas xurídicas, mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, en que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, se é o caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. b) Dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea, pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación. c) Os demais empresarios estranxeiros, co informe da misión diplomática permanente de España no Estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa. 2. A proba, por parte dos empresarios, de non estaren incursos nalgunha das prohibicións para contratar do artigo 60 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, poderá realizarse: a) Mediante un testemuño xudicial ou unha certificación administrativa, segundo os casos. Cando o dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado. b) Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial. 3. A solvencia do empresario: 3.1. A solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos seguintes medios:

Página 4 de 16

a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, se é o caso, un xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais. b) As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán achegar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados. c) Declaración sobre o volume global de negocios e, de ser o caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido como máximo aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias do dito volume de negocios. 3.2. Nos contratos de servizos, a solvencia técnica dos empresarios acreditarase por un ou varios dos seguintes medios: a) Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, destes. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, na falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; se é o caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente. b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade. c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa. d) Cando se trate de servizos ou traballos complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin especial, un control efectuado polo órgano de contratación ou, en nome deste, por un organismo oficial ou homologado competente do Estado en que estea establecido o empresario, sempre que medie acordo do dito organismo. O control versará sobre a capacidade técnica do empresario e, se for necesario, sobre os medios de estudo e de investigación de que dispoña e sobre as medidas de control da calidade. e) As titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato. f) Nos casos adecuados, indicación das medidas de xestión ambiental que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato. g) Declaración sobre o cadro de persoal medio anual da

ANEXO A ACTA DA SESION PLENARIA DE 24 DE SETEMBRO DE 2015, QUE FORMA INTEGRANTE DA MESMA. Secretario: Manuel Quintans Queiruga

empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, xunto coa documentación xustificativa correspondente. h) Declaración en que se indiquen a maquinaria, material e equipo técnico de que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, á cal se xuntará a documentación acreditativa pertinente. i) Indicación da parte do contrato que o empresario ten eventualmente o propósito de subcontratar.

A inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou da Comunidade Autónoma de Galicia acreditará fronte a todos os órganos

Página 5 de 16

de contratación do sector público, segundo o nel reflectido e agás proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira e clasificación, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar que deban constar neste. A proba do contido dos rexistros oficiais de licitadores e empresas clasificadas efectuarase mediante a certificación do órgano encargado deste, que poderá expedirse por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

CLÁUSULA SÉTIMA. Clasificación do contratista
Non se esixe.

CLÁUSULA OITAVA. Presentación de proposicións e documentación administrativa
As ofertas presentaranse no Concello, na r/ Trasdeza, 55, Silleda, en horario de atención ao público, no prazo de QUINCE DÍAS contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no perfil do contratante. As proposicións poderán presentarse por correo, por telefax ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo en 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Cando se envíen as proposicións por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta, o mesmo día, mediante un télex, fax ou telegrama que consigne o número de expediente, o título completo do obxecto do contrato e o nome do licitador. A acreditación da recepción do devandito télex, fax ou telegrama efectuarase mediante unha dilixencia expedida o mesmo día polo secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos os requisitos, non se admitirá a proposición se o órgano de contratación a recibe despois da data en que termina o prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, unha vez transcorridos os dez días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida. Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro. Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figura en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas subscritas por el. A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicional por parte do empresario das cláusulas deste prego.

As proposicións para participar na licitación presentaranse en tres sobres pechados, asinados polo licitador e con indicación do domicilio para os efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda «Proposición para licitar a contratación do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA PERSOAS

Página 6 de 16

DEPENDENTES VALORADAS E PRESTACIÓN BÁSICA DO CONCELLO DE SILLEDA». A denominación dos sobres é a seguinte: — Sobre «A»: Proposición económica e documentación cuantificable de forma automática. — Sobre «B»: Documentación cuxa ponderación depende dun xuízo de valor. Os documentos que se deben incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme a lexislación en vigor. Xunto cos sobres, deberase presentar unha solicitude de participación e declaración responsable, indicativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración, segundo o seguinte modelo:

«DECLARACIÓN RESPONSABLE

D. _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____,
r/ _____, n.º _____, con DNI n.º _____, en representación da Entidade
_____, con CIF n.º _____, a efectos da súa participación na licitación

ANEXO A ACTA DA SESION PLENARIA DE 24 DE SETEMBRO DE 2015, QUE FORMA INTEGRANTE DA MESMA. Secretario: Manuel Quintans Queiruga

do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA PERSOAS DEPENDENTES VALORADAS E PRESTACIÓN BÁSICA DO CONCELLO DE SILLEDA, ante o Concello de Silleda
DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

PRIMEIRO. Que se dispón a participar a contratación do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA PERSOAS DEPENDENTES VALORADAS E PRESTACIÓN BÁSICA DO CONCELLO DE SILLEDA. SEGUNDO. Que cumpre con todos os requisitos previos esixidos polo apartado primeiro do artigo 146 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público para ser adxudicatario do contrato de SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA PERSOAS DEPENDENTES VALORADAS E PRESTACIÓN BÁSICA DO CONCELLO DE SILLEDA, en concreto: — Que posúe personalidade xurídica e, se é o caso, representación. — Que está debidamente clasificada a empresa ou, se é o caso, que conta cos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional. — Que está inscrita no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia, área de comunidade. — Que non está incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e encóntrase ao corrente do cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes. — Que se somete á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador. (No caso de empresas estranxeiras) — Que o enderezo de correo electrónico en que efectuar notificacións é _____, TERCEIRO. Que se compromete a acreditar a posesión e validez dos documentos a que se fai referencia no apartado segundo desta declaración, no caso de que sexa proposto como adxudicatario do contrato ou en calquera momento en que sexa requirido para iso. E para que conste, asino a presente declaración. En _____, a _____ de _____ de 20___. Sinatura do declarante, Asdo.: _____»

Página 7 de 16

Dentro de cada sobre incluíranse os seguintes documentos, así como unha relación numerada deles:

SOBRE «A»

PROPOSICIÓN ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN CUANTIFICABLE DE FORMA AUTOMÁTICA Proposición económica, que expresará o prezo de euros/hora que se ofrece, de acordo co seguinte modelo: «D. _____, con domicilio para os efectos de notificacións en _____, r/ _____, núm. _____, con DNI _____, en representación da entidade _____, con CIF _____, informado do expediente para a contratación do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA PERSOAS DEPENDENTES VALORADAS E PRESTACIÓN BÁSICA DO CONCELLO DE SILLEDA por procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación, anunciado no Boletín Oficial da Provincia núm. _____, do _____, e no perfil do contratante, fago constar que coñezo o prego que serve de base para o contrato e que o acepto integramente, que participo na licitación e que me comprometo a levar a cabo o obxecto do contrato polo prezo ordinario de _____ euros/hora e _____ euros/hora correspondentes ao imposto sobre o valor engadido. Acepto como prezo extraordinario de licitación do SAF na modalidade de dependencia a cantidade de 13,7 euros/hora, aos que habrá que engadir en concepto de IVE 0,548 euros/hora. _____, _____ de _____ de 20___. Sinatura do licitador Asdo.: _____»

SOBRE «B»

DOCUMENTACIÓN PONDERABLE A TRAVÉS DE XUÍZOS DE VALOR

Incluírá aqueles documentos que sexan precisos para a valoración dos criterios que dependan dun xuízo de valor. Proxecto técnico de desenvolvemento do servizo, comprensivo de: Programa de traballo e metodoloxía. Relación de medios materiais que se adscriben.

CLÁUSULA NOVENA. Garantía provisional

Non se esixe. **CLÁUSULA DÉCIMA. Criterios de adxudicación**

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase a varios criterios de adxudicación.

A. Criterios cuantificables automaticamente: prezo ofertado (máximo 70 puntos)

A efectos de valorar a oferta económica terase en conta o prezo/hora do día laborable exclusivamente –prezo ordinario-, avaliándose do modo seguinte: -A proposición que oferte o prezo/hora máis baixo obterá a máxima puntuación -70 puntos- .

Página 8 de 16

ANEXO A ACTA DA SESION PLENARIA DE 24 DE SETEMBRO DE 2015, QUE FORMA INTEGRANTE DA MESMA. Secretario: Manuel Quintans Queiruga

-Por cada fracción centesimal –tomando como referencia a mellor oferta económica- restarase da puntuación máxima 0,5 puntos. A valoración do prezo ofertado realizarase excluíndo o IVE. B. Criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor: proxecto técnico do servizo (máximo 30 puntos)

A súa extensión será como máximo de 20 folios e valoraránse exclusivamente os seguintes aspectos: XESTIÓN Protocolo de inicio de axuda a domicilio: Máximo 3 puntos. Protocolo de seguimento do servizo: Máximo 3 puntos. Protocolo de avaliación do servizo: Máximo 3 puntos. COORDINACIÓN Sistema de información e coordinación interno da empresa (Dirección/coordinación/auxiliares): Máximo 3 puntos. Sistema de información e coordinación empresa/usuarios/as: Máximo 3 puntos.

CALIDADE Programa informático de xestión de axuda a domicilio: Máximo 3 puntos. Sistema de xestión de riscos laborais: Máximo 3 puntos. Sistema de reclamacións e suxerencias por parte do/a usuario/a: Máximo 3 puntos. Protocolo de actuación dos/das auxiliares ante enfermos/as mentais, enfermos/as terminais, mobilización de persoas dependentes e outras circunstancias excepcionais: Máximo 3 puntos

FORMACIÓN Plan de formación das auxiliares que complementa o fixado como obrigatorio: Máximo 3 puntos.

CLÁUSULA DÉCIMO PRIMEIRA. Regras Especiais Respecto do Persoal Laboral da Empresa Contratista

1. Da mera adxudicación deste contrato non pode inferirse a existencia dunha relación funcional ou laboral entre o Concello e a contratista, polo que á extinción do contrato non se producirá a consolidación das persoas que tiveran realizado os traballos obxecto do contrato como persoal do Concello de Silleda, agás as traballadoras que prestaban os seus servizos no SAF cando este era obxecto de xestión directa. O personal necesario para executar o contrato dependerá exclusivamente da entidade adxudicataria, que terá todos os dereitos e obrigas inherentes á súa condición de empregador respecto do dito persoal, sendo o Concello de Silleda en todo alleo ás ditas relación. Polo tanto, en ningún caso poderá alegarse dereito ningún polo referido persoal en relación co Concello de Silleda, nin esixirle responsabilidades de calquera tipo como consecuencia das obrigas existentes entre a empresa adxudicataria e os seus empregados, incluso no suposto de que os despidos ou medidas que a empresa adopte se baseen no incumprimento, interpretación ou resolución do contrato.

O adxudicatario asumirá de forma directa e non trasladable ao Concello de Silleda o custe de calquera mellora nas condicións de traballo e/ou nas súas retribucións, xa sexa como consecuencia de convenios colectivos, pactos ou acordos

Página 9 de 16

de calquera índole, de maneira que, en ningún caso, poderá repercutir as referidas modificacións sobre o importe que se facturará polo contrato. 2. Sen prexuízo das eventuais obrigas de subrogación do persoal que actualmente presta o servizo na empresa contratada ao efecto, nos termos que prevea a normativa laboral, corresponde exclusivamente á empresa contratista a selección do persoal que, reunindo os requisitos de titulación e experiencia esixidos nestes pregos, formará parte do equipo de traballo adscrito á execución do contrato, sen prexuízo da verificación por parte da entidade contratante do cumprimento daqueles requisitos. A empresa contratista procurará que exista estabilidade no equipo de traballo, e que as variacións na súa composición sexan puntuais e obedezan a razóns xustificadas, en orde a non alterar o bo funcionamento do servizo, informando en todo momento á entidade contratante. 3. A empresa contratista asume a obrigación de exercer de modo real, efectivo e continuo, sobre o persoal integrante do equipo de traballo encargado da execución do contrato, o poder de dirección inherente a todo empresario. En particular, asumirá a negociación e pago dos salarios, a concesión de permisos, licenzas e vacacións, as substitucións dos traballadores en casos de baixa ou ausencia, as obrigacións legais en materia de Seguridade Social, incluído o abono de cotizacións e o pago de prestacións, cando cumpra, as obrigacións legais en materia de prevención de riscos laborais, o exercicio da potestade disciplinaria, así como cantos dereitos e obrigacións se deriven da relación contractual entre empregado e empregador. 4. A empresa contratista velará especialmente porque os traballadores adscritos á execución do contrato desenvolvan a súa actividade sen exralimitarse nas funcións desempeñadas respecto da actividade delimitada nestes pregos como obxecto do contrato. 5. A empresa contratista deberá designar polo menos a un coordinador técnico ou responsable integrado no seu propio cadro de persoal, que terá entre as súas obrigacións as seguintes: a). Recibir e Transmitir calquera comunicación que o persoal da empresa contratista deba realizar á Administración en relación coa execución do contrato. b). Distribuír o traballo entre o persoal

ANEXO A ACTA DA SESION PLENARIA DE 24 DE SETEMBRO DE 2015, QUE FORMA INTEGRANTE DA MESMA. Secretario: Manuel Quintans Queiruga

encargado da execución do contrato, e impartir aos devanditos traballadores as ordes e instrucións de traballo que sexan necesarias en relación coa prestación do servizo contratado. c). Supervisar o correcto desempeño por parte do persoal integrante do equipo de traballo das funcións que teñen encomendadas, así como controlar a asistencia do devandito persoal ao posto de traballo. d). Organizar o réxime de vacacións do persoal adscrito á execución do contrato, debendo para ese efecto coordinarse adecuadamente á empresa contratista coa esta entidade contratante, a efectos de non alterar o bo funcionamento do servizo. e). Informar á entidade contratante acerca das variacións, ocasionais ou permanentes, na composición do equipo de traballo adscrito á execución do contrato. 6. En cumprimento do artigo 120 do TRLCSP e con carácter meramente informativo, sen que isto supoña prexulgar a existencia e alcance dunha eventual obriga de subrogación do adxudicatario en determinadas relacións laborais, incorpórase ao expediente a información á que fai referencia o devandito precepto.
Página 10 de 16

CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA. Mesa de contratación

A mesa de contratación, de acordo co establecido no punto 10 da disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, en relación co artigo 21.2 do Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, estará presidida por un membro da corporación ou un funcionario dela e actuará como secretario un funcionario da corporación. Formarán parte dela, polo menos, catro vogais, entre os que estará o secretario ou, se é o caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico e o interventor, así como aquelouros que designe o órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da corporación, ou membros electos dela. Conforman a mesa de contratación os seguintes membros: — O alcalde do Concello de Silleda (ou concelleira/o en quen delegue), que actuará como presidente/a da mesa. — A Secretaria/o do Concello de Silleda, e na súa ausencia o/a funcionario/a que a/o substitúa, que actuará como vogal. — O Interventor/a do Concello de Silleda, e na súa ausencia o/a funcionario/a que o/a substitúa, que actuará como vogal. — A concelleira de Benestar Social e Igualdade do Concello de Silleda, que actuará como vogal. — A traballadora social do Concello de Silleda, dona Rosa Ana Romero García, e na súa ausencia, dona María Celia González Peteiro, tamén traballadora social do Concello, que actuará como vogal. — D. Julio Méndez Castro (funcionario da Corporación), ou funcionario municipal que o substitúa, que actuará como secretario da mesa. **CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. Prerrogativas da Administración**

O órgano de contratación, de acordo co artigo 210 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ten as seguintes prerrogativas: a) Interpretación do contrato. b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento. c) Modificación do contrato por razóns de interese público. d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta. En todo caso, daráselle audiencia ao contratista, para o que deberán seguirse os trámites previstos no artigo 211 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro. **CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Apertura de proposicións**

Á vista das ofertas presentadas, procederase ao exame dos aspectos formais das mesmas, sen abrir os sobres, no prazo máximo de cinco días desde a data de finalización do prazo para presentar as ofertas. Se é o caso, o Alcalde requirirá a corrección das deficiencias formais detectadas nun prazo non superior a tres días.

Página 11 de 16

A apertura das proposicións deberase efectuar no prazo máximo dun mes, contado desde a data de finalización do prazo para presentar as ofertas. Na data, hora e lugar que se sinala pola Alcaldía, e que se publicará no perfil do contratante, unha vez cualificada formalmente a documentación e logo do prazo outorgado, se é o caso, para corrixir deficiencias, constituirase en acto público a mesa de contratación. Esta dará conta do resultado da cualificación da documentación administrativa, con indicación das ofertas que se declaran admitidas e as desbotadas, xunto coas causas de exclusión, invitando aos asistentes a formular observacións, as cales se recollerán na acta. Nese intre non se admitirá a presentación de nova documentación nin a corrección da xa presentada. Logo da lectura das devanditas proposicións, a mesa solicitará os informes técnicos que considere precisos para a valoración delas de acordo cos criterios e coas ponderacións establecidas neste prego.

CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Requirimento da documentación

Unha vez reunida de novo a mesa de contratación, na data, hora e lugar que se sinala pola Alcaldía e que se publicará no perfil do contratante, darase a coñecer a ponderación asignada aos criterios dependentes dun xuízo de valor. Despois procederáse á apertura dos sobres «A». Á vista da valoración dos criterios cuxa ponderación depende dun xuízo de valor (sobre «B») e dos criterios cuxa ponderación é automática (sobre «A»), a mesa de contratación propoñerá o licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa. O órgano de contratación requiriralle ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa que, dentro do prazo de dez días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de dispor efectivamente dos medios que se compromete a dedicar ou adscribir á execución do contrato, conforme o artigo 64.2 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, de ter constituído a garantía definitiva que sexa procedente, de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social (ou que autorice o órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso) e do cumprimento dos requisitos previos a que fai referencia o artigo 146.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, concretamente: a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario. b) Documentos que acrediten a representación. — Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutra persoa, presentarán unha copia notarial do poder de representación, cuxa suficiencia será verificada polo secretario da corporación. — Se o licitador é unha persoa xurídica, este poder deberá estar inscrito no Rexistro Mercantil cando sexa esixible legalmente. — Do mesmo xeito, a persoa co poder verificado para os efectos de representación deberá achegar unha fotocopia compulsada administrativamente ou un testemuño notarial do seu documento nacional de identidade. c) Unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha prohibición de contratar das recollidas no artigo 60 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Página 12 de 16

Esta declaración incluírá a manifestación de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba ser presentada, antes da adxudicación, polo empresario a favor do cal se vaia efectuar esta. d) Os documentos que xustifiquen o cumprimento dos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional. Se a empresa está pendente de clasificación, deberase achegar o documento acreditativo de ter presentado a correspondente solicitude para isto, e deberase xustificar estar en posesión da clasificación esixida no prazo previsto nas normas de desenvolvemento da normativa de contratación para a emenda de defectos ou omisións na documentación. e) De ser o caso, un enderezo de correo electrónico en que realizar as notificacións. f) As empresas estranxeiras presentarán a declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto poidan xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puider corresponder ao candidato. O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o da finalización do prazo de presentación das proposicións. CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. Garantía definitiva O licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa deberá acreditar a constitución da garantía dun 5% do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido. Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas: a) En efectivo ou en valores de débeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas delegacións de Economía e Facenda, ou nas caixas ou establecementos públicos equivalentes das comunidades autónomas ou entidades locais contratantes ante as cales deban producir efectos, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan. b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta lei, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que se deberá depositar nos establecementos sinalados na alínea a) anterior. c) Mediante contrato de seguro de caución, subscrito na forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberase entregar nos establecementos sinalados na

ANEXO A ACTA DA SESION PLENARIA DE 24 DE SETEMBRO DE 2015, QUE FORMA INTEGRANTE DA MESMA. Secretario: Manuel Quintans Queiruga

alínea a) anterior. A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e se cumpra satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá aos conceptos incluídos no artigo 100 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e transcorrido UN ANO desde a data de terminación do contrato, sen que a recepción formal e a liquidación tivesen lugar por causas non

Página 13 de 16

imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á súa devolución ou cancelación unha vez depuradas as responsabilidades a que se refire o citado artigo 100.

CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA. Ofertas con valores anormais ou desproporcionados
O carácter desproporcionado ou anormal das ofertas apreciarase de acordó co establecido no artigo 152 do TRLCSP.

CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Adxudicación do contrato

Unha vez recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. En ningún caso poderá ser declarada deserta unha licitación se existe algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que recolle este prego. A adxudicación, que deberá ser motivada, notificaráselles aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante. A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que lle permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpor un recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación. En particular, expresará os seguintes aspectos: En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimou a súa candidatura. Respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, tamén de forma resumida, as razóns polas cales non se admitiu a súa oferta. En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presentasen os restantes licitadores cuxas ofertas fosen admitidas. Na notificación e no perfil do contratante indicárase o prazo en que debe procederse á formalización.

CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Formalización do contrato

Dado que o contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación conforme ao artigo 40.1 do TRLCSP, a formalización do mesmo en documento administrativo non se poderá facer antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos. O órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato no prazo non superior a cinco días desde o seguinte a aquel no que se tivera recibido o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se tivera interposto recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederase cando o órgano competente para a resolución do recurso tivera levantado a suspensión. O documento de formalización constituirá título suficiente para acceder a calquera rexistro público, se ben o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública e os correspondentes gastos correrán pola súa conta.

Página 14 de 16

CLÁUSULA VIXÉSIMA. Dereitos e obrigas do adxudicatario

O contrato executarase con suxeición ao establecido nas súas cláusulas e nos pregos, e de acordo coas instrucións que o órgano de contratación lle dea ao contratista para a súa interpretación. O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato. Ademais, son obrigas específicas do contratista as seguintes: — Obrigas laborais e sociais. O contratista está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de prevención de riscos laborais. En particular, estará obrigado a subrogarse como empleador nas relacións laborais que figuran na información facilitada na documentación complementaria entregada, previo requirimento do Concello, pola empresa que ven efectuando a prestación obxecto do contrato e que ten actualmente a condicións de empleadora das traballadoras afectadas, aos efectos do artigo 120 do TRLCSP. No suposto eventual de folga xeral ou folga no sector ó que pertencen

ANEXO A ACTA DA SESION PLENARIA DE 24 DE SETEMBRO DE 2015, QUE FORMA INTEGRANTE DA MESMA. Secretario: Manuel Quintans Queiruga

os/as traballadores/as adscritos ó servizo, a entidade adxudicataria comprométese a manter informada á entidade local das incidencias e coordinará coa Concellería de Benestar Social os servizos mínimos. Unha vez finalizada, a empresa adxudicataria deberá presentar, no prazo máximo dunha semana, un informe no que se indiquen os servizos mínimos realizados e o número de horas ou servizos que se deixaron de realizar. — O contratista está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso (artigo 64.2 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro). — Gastos esixibles ao contratista. Son pola conta do contratista os gastos e impostos do anuncio ou anuncios de licitación e adxudicación, ata o límite máximo de 1.500 euros, da formalización do contrato, así como calquera outros que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes, na forma e contía que estas sinalen. — O contratista está obrigado ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 227 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, para os supostos de subcontratación.

CLÁUSULA VIXÉSIMA PRIMEIRA. Prazo de garantía

Non procede, dado que o servizo obxecto do contrato prestarase de xeito continuado, sen que exista a posibilidade de que se produza un deterioro posterior á recepción do servizo que conveña garantir.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA. Execución do contrato

O contrato executarase con suxeición ao establecido neste prego de condicións e no prego de prescricións técnicas, e de acordo coas instrucións que lle dea ao contratista para a súa interpretación o órgano de contratación.

Página 15 de 16

CLÁUSULA VIXÉSIMO TERCEIRA. Modificación do contrato

O Concello poderá modificar o contrato por razóns de interese público, xustificando debidamente a súa necesidade no expediente, e de conformidade co establecido nos artigos 105 e seguintes, 211, 219 do TRLCSP. As modificacións do contrato deberán formalizarse de conformidade co establecido no artigo 156 do TRLCSP. Concretamente, no caso de que sexa necesario un aumento no número de horas de prestación do servizo derivada da aplicación progresiva da normativa vixente en materia de dependencia, o Concello poderá modificar – previa tramitación de expediente que acredite dispoñibilidade orzamentaria- o contrato, incrementando o número de horas de atención cuxo custo máximo non poderá superar o 20% do prezo de licitación deste contrato excluído o IVE.

CLÁUSULA VIXÉSIMO CUARTA. Facturas

Conforme á disposición adicional trixésimo terceira do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, o contratista terá obrigación de presentar a factura que expedise polos servizos prestados ante o correspondente rexistro administrativo a efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a quen corresponda a tramitación da mesma. O prezo do contrato abonarase ó/a adxudicatario/a fraccionado por mensualidades vencidas, previa presentación da correspondente factura das horas de traballo efectivamente realizadas, coa conformidade do/a técnico/a de Servizos Sociais municipais responsable do servizo e fiscalización de Intervención. A entidade prestadora presentará a factura no Concello de Silleda, a mes vencido, nos primeiros cinco días hábiles do mes seguinte, que incluírá os seguintes datos: - Nome e apelidos das persoas beneficiarias. -Horas asignadas a cada persoa beneficiaria. Na factura incluíranse, ademais dos datos e requisitos establecidos no Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación, os extremos previstos no apartado segundo da citada disposición adicional trixésimo terceira, así como na normativa sobre facturación electrónica:

CLÁUSULA VIXÉSIMO QUINTA. Responsabilidade e seguro

O/a adxudicatario/a será responsable de todos os danos e prexuízos ou accidentes de toda natureza que sexan causados a terceiros polo seu persoal ou como consecuencia dos traballos obxectos do contrato. Esta responsabilidade non rematará ata que se cumpra totalmente o prazo de duración do contrato. O/a adxudicatario/a deberá ter contratada, ao comezar a prestación dos servizos, unha póliza de seguro de responsabilidade civil e danos a terceiros,

ANEXO A ACTA DA SESION PLENARIA DE 24 DE SETEMBRO DE 2015, QUE FORMA INTEGRANTE DA MESMA. Secretario: Manuel Quintans Queiruga

cunha compañía aseguradora legalmente constituída, por importe mínimo de 75.000 € euros. Esta póliza xunto co xustificante de pago da prima deberá presentarse no concello de Silleda con anterioridade ao inicio da prestación.

Página 16 de 16

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEXTA. Resolución do contrato

A resolución do contrato producirase nos supostos que se sinalan neste prego e nos fixados nos artigos 223 e 237 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e será acordada polo órgano de contratación, de oficio ou por instancia do contratista. En caso de incumprimento do contrato ou dos prazos establecidos no mesmo por causas imputables ó/a adxudicatario/a, o órgano de contratación poderá optar indistintamente por declarar resolto o contrato, con perda da garantía ou impoñer ó/a adxudicatario/a penalidades de acordo co establecido no artigo 212 do TRLCSP. Os importes das penalidades faranse efectivos/as mediante a dedución dos mesmos da facturación que se produza, en todo caso a garantía responderá da efectividade de aquela. O Concello poderá resolver o contrato cando se produza a redución do número de horas superior ó 20% respecto ó estimado anual sen que neste caso proceda ningún tipo de indemnización por parte do Concello nin incautación de garantía definitiva. Cando o contrato sexa resolto por culpa do contratista, incautaranse da garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e perdas orixinados á Administración no que excedan do importe da garantía.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SÉTIMA. Réxime xurídico do contrato

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexeranse polo establecido neste prego; para o non previsto nel, serán de aplicación o texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro; o Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e o Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, en todo o que estea vixente tras a entrada en vigor do Real decreto 817/2009. De maneira supletoria, aplicaranse as demais normas de dereito administrativo e, na falta delas, as normas de dereito privado. A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes deste contrato, de conformidade co disposto no artigo 21.1 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro. Silleda, 16 de setembro de 2015 O alcalde Manuel Cuiña Fernández

.....

**PUNTO Nº 7.- PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS
CONCELLO DE SILLEDA
BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO ANO 2015**

BASE 1ª.—OBJECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

- 1.1. Finalidade
- 1.2. Beneficiarios/as
- 1.3. Requisitos xerais dos/as beneficiarios/as
- 1.4. Tipo, contía das axudas e gastos subvencionables
- 1.5. Réxime de concesión das axudas

BASE 2ª.—COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

- 2.1. Instrución e tramitación das axudas
- 2.2. Comisión de Valoración e Seguimento

BASE 3ª.—SOLICITUDES, OBRIGAS E PRAZO DE PRESENTACIÓN

- 3.1. Solicitudes
- 3.2. Obrigas
- 3.3. Prazo de presentación .

BASE 4ª.—CONCESIÓN DAS AXUDAS E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO

BASE 5ª.—PUBLICIDADE

- 5.1. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.
- 5.2. Publicidade das subvencións concedidas.
- 5.3. Publicidade do financiamento público.

BASE 6ª.—TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

BASE 7ª.—PERDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN

BASE 8ª.—NORMATIVA DE APLICACIÓN

BASE 9ª.—DISPOSICIÓN ADICIONAIS

BASE 10ª.—DISPOSICIÓN FINAL ANEXOS

ANEXO I. Solicitud.

ANEXO II. Declaración xurada do cumprimento dos requisitos.

ANEXO III. Ficha de solicitud de transferencia bancaria.

ANEXO IV. Declaración xurada doutras axudas.

ANEXO V. Memoria xustificativa do proxecto empresarial.

ANEXO VI. Relación de facturas presentadas.

ANEXO VII. Declaración xurada de que as facturas subvencionadas, relacionadas e presentadas son orixinais.

ANEXO VIII. Declaración xurada do/a perceptor/a

Base 1ª.—OBJECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN 1.1.

—FINALIDADE A presente disposición ten por obxecto fixar as bases reguladoras e convocar a concesión, para o ano 2015 do programa de Axudas Municipais para a Creación de Empresas no ámbito do Concello de Silleda coa finalidade de colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no municipio apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariais.

1.2.—BENEFICIARIOS/AS Poderán acollerse a estas axudas os/as empresarios/as individuais, autónomos e as pequenas e medianas empresas (PEME), independentemente da súa forma xurídica, que iniciasen a súa actividade empresarial entre o 1 Xullo de 2015 e o 31 de decembro de 2015 (entendendo por inicio de actividade a alta no I.A.E., e coa execución recollida no punto 1.4 de esta base).

Para o carácter de pequena e mediana empresa terase en conta o establecido no Regulamento CE número 800/2008 da Comisión de 6 de agosto de 2008.

1.3.—REQUISITOS XERAIS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS:

1. —Que a empresa teña o seu enderezo fiscal e social en Silleda .
- 2.—Que sexan empresas de nova creación, considerando incluídos, neste concepto, os trasposos de negocios, pero non as transformacións de forma xurídica.
- 3.—Que, como mínimo, unha das persoas promotoras estea en situación de desemprego na data de inicio da actividade empresarial e crear, polo menos, o seu propio posto de traballo en calquera das formas xurídicas existentes.
- 4.—Non ter débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), nin a empresa nin as persoas socias.
- 5.—Non ter débedas co Concello de Silleda, nin a empresa, nin as persoas socias.
- 6.—Non poderán obter a condición de beneficiario/a os/as empresarios/as e as pequenas empresas nos que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10, apartados 2 e 3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións (no caso de sociedades, nin a sociedade nin os/as socios/as).

1.4.—TIPO, CONTÍA DAS AXUDAS E GASTOS SUBVENCIÓNABLES

ANEXO A ACTA DA SESION PLENARIA DE 24 DE SETEMBRO DE 2015, QUE FORMA INTEGRANTE DA MESMA. Secretario: Manuel Quintans Queiruga

As axudas son a fondo perdido e a súa finalidade é subvencionar parte dos gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa durante os primeiros meses de actividade.

O importe máximo destas axudas será de 2.000 € por empresa beneficiaria e non poderá superar o 50% dos gastos efectuados durante o período indicado.

Os gastos que poderán ser subvencionables corresponderán aos realizados dende o 1 de xullo de 2015, excepto os gastos de constitución e apertura, que poderán corresponder ao período comprendido dende os seis meses antes (1 de xaneiro de 2015) ata a data límite de presentación das solicitudes:

Gastos subvencionables:

a) Gastos de constitución e apertura Serán subvencionables o 50% dos seguintes gastos xerados no proceso de apertura e constitución da empresa:

- a1) Visado, honorarios e gastos de proxectos técnicos
- a2) Licenza de obra e licenza de apertura
- a3) Alta no Rexistro Mercantil
- a4) Certificación negativa do nome da sociedade
- a5) Honorarios de notarías por escrituras públicas
- a6) Publicación no BORME
- a7) Modelo 600 da Xunta de constitución da empresa.

b) Existencias iniciais de mercadorías. Serán subvencionables o 50% da adquisición de primeiras compras de mercadorías, de materias primas e doutros consumibles utilizados no proceso de produción.

c) Gastos de aluguer de local, do vehículo industrial, de aplicacións informáticas e de equipos informáticos.

Serán subvencionables o 50% dos gastos de aluguer sempre que o elemento alugado sexa imprescindible para a realización da actividade da empresa.

d) Primas de seguros Serán subvencionables o 50% dos gastos da contratación de seguros directamente relacionados coa actividade empresarial. (seguro do local, de responsabilidade civil e, como máximo, dun vehículo, só no caso de que sexa imprescindible para o desenvolvemento da súa actividade).

e) Subministracións e gastos correntes.

Serán subvencionables o 50% dos seguintes gastos correntes derivados directamente da realización da actividade empresarial:

- e1) Auga
- e2) Teléfono
- e3) Electricidade
- e4) Gasóleo / gasolina
- e5) Material de oficina
- e6) Asesoría
- e7) Gas
- e8) Equipos de seguridade nas súas instalacións (só a cota mensual)

f) Dereitos de propiedade industrial Serán subvencionables o 50% dos seguintes dereitos:

- f1) Patentes
- f2) Modelos de utilidade
- f3) Deseño industrial
- f4) Marcas de produtos ou servizos
- f5) Nomes comerciais
- f6) Dominio en Internet.

Queda excluído destas axudas calquera outro gasto non incluído expresamente nos conceptos subvencionables anteriormente relacionados, e en ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

1.5.—RÉXIME DE CONCESIÓN DAS AXUDAS.

O procedemento de concesión destas axudas tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva de acordo co establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu artigo 19.2º establece que as bases reguladoras das convocatorias de axudas poderán exceptuar do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario.

O conxunto de axudas desta convocatoria son compatibles con calquera outra concedida por entidades públicas ou privadas, estatais ou internacionais, sempre que se cumpran os seguintes requisitos. O importe total das axudas percibidas polo mesmo concepto non poderá superar o custo total dos gastos subvencionables polas presentes axudas. En tal caso cando a actividade fose financiada con outros recursos deberá xustificarse o importe, procedencia e aplicación de tales fondos.

Base 2ª.—COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

2.1.—INSTRUCCIÓN E TRAMITACIÓN DAS AXUDAS

A Concellería de Emprego, a través da Concelleira, será a encargada da tramitación das solicitudes e emitirá unha proposta de concesión ou de denegación das axudas á Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas, e o seu acordo será publicado no Taboleiro de Edictos do Concello de Silleda, na páxina web do concello www.silleda.gal ou www.silleda.es, e poderase notificar individualmente no correo electrónico indicado na solicitude.

2.2.— TRAMITACIÓN E SEGUIMENTO

1. De acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007 e no correlativo artigo 31.4, o órgano competente para a tramitación do procedemento comezará a instrución dos expedientes por orde de entrada na unidade tramitadora atendendo ao disposto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, concedendo a subvención en actos sucesivos ata o esgotamento do

crédito. O órgano xestor publicará no taboleiro e na páxina web do Concello de Silleda o esgotamento da partida orzamentaria e non admitirá as solicitudes posteriores destinadas á subvención, salvo que se produza un incremento do crédito.

Cando non se dispoña de crédito suficiente para atender a última solicitude coa intensidade prevista no artigo 1.4 desta resolución, o crédito esgotarase nela coa porcentaxe de axuda que resulte. No caso de coincidencia na data entre varias solicitudes, e cando non se dispoña de crédito suficiente para atender a todas coa intensidade de axuda solicitada, o crédito distribuirase de maneira ponderada entre elas en función da solicitude e respectando o límite de intensidade máxima prevista no artigo 1.4.

2. Conforme ao establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, se a solicitude de axuda non reúne os requisitos esixidos nesta lei e na presente resolución, a persoa interesada será requirida para que nun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte á recepción do

ANEXO A ACTA DA SESION PLENARIA DE 24 DE SETEMBRO DE 2015, QUE FORMA INTEGRANTE DA MESMA. Secretario: Manuel Quintans Queiruga

devandito requirimento, rectifique a falta ou acompañe os documentos preceptivos, coa indicación de que, se non o fixese, procederáse conforme ao que determina o artigo 42.1 da citada lei.

Este requirimento de corrección tamén se fará se das certificacións obtidas de conformidade co artigo 6.1 resulta que o/a solicitante non está ao corrente de pago das súas obrigacións tributarias e sociais co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.

3. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse ao/á solicitante que achegue cuantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

4. Os expedientes que non cumpran as esixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán a disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na que se indicarán as causas da mesma.

Para as accións de control, seguimento o servizo de emprego e desenvolvemento local poderá requirirlle aos/ás empresarios/as e/ou ás pequenas e medianas empresas beneficiarias a documentación necesaria co fin de comprobar que se cumpren as condicións para as que se concedeu a subvención.

Base 3ª.—SOLICITUDES, OBRIGAS E PRAZO DE PRESENTACIÓN

3.1.—SOLICITUDES As solicitudes das axudas reguladas na presente convocatoria, presentadas segundo modelo normalizado (Anexo I), presentaranse no Rexistro Xeral do concello ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As solicitudes (Anexo I) dirixiranse á Concellería de Emprego, debendo ir acompañadas da seguinte documentación (orixinal ou copia compulsada):

- Declaración xurada do cumprimento dos requisitos segundo o punto 1.2 e 1.3 da base 1ª da subvención (Anexo II).
- Ficha de solicitude de transferencia bancaria (Anexo III).
- Declaración xurada das axudas solicitadas e/ou concedidas (Anexo IV)
- Memoria xustificativa do proxecto empresarial (Anexo V).
- Certificados de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda e a AEAT (Axencia Estatal de Administración Tributaria) da sociedade e de todos/as os/as socios/as
 - NIF/DNI da empresa/empresario/a individual e dos socios/as/comuneiros/as e, no seu caso, copia do contrato/escritura de constitución da empresa debidamente inscrita no Rexistro Mercantil (no caso de sociedade limitada só se precisa o DNI da persoa representante da empresa e mais das persoas socias que se autoempreguen).
- Alta no IAE da empresa ou empresario/a individual que solicita a axuda e, no caso das Sociedades Limitadas de Nova Empresa (SLNE) o documento único electrónico (DUE).
- Alta no correspondente réxime da Seguridade Social e vida laboral dos/as empresarios/as traballadores/as que creen os seus propios postos de traballos.
- Facturas dos gastos para os que se solicitou a subvención xunto coa póliza do seguro e contrato de aluguer, no seu caso.

No caso de licenzas deberá indicar a contía aboada.

— Relación de facturas presentadas dos gastos subvencionables recollidos na Base 1ª, punto 1.4 (Anexo VI).

— Solicitude de licenza de apertura, licenza de obras ou comunicación previa cando sexa necesario para o desenvolvemento da actividade. Cando a solicitude non reúna os requisitos esixidos, ou falte algún documento que segundo a base 4ª resulte esixible, requirirase á/ás persoa/as interesada/as para que no prazo de dez días resolva/n a falla ou

ANEXO A ACTA DA SESION PLENARIA DE 24 DE SETEMBRO DE 2015, QUE FORMA INTEGRANTE DA MESMA. Secretario: Manuel Quintans Queiruga

achegue/n os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non se fixese, desistírase da súa solicitude, arquivándose a/s mesma/s, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Toda a documentación deberá presentarse debidamente cuberta, numerada, con data, identificación da persoa solicitante e/ou da empresa e debidamente asinada.

3.2.—OBRIGAS

De acordo co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán obrigas da empresa beneficiaria:

— Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.

— Acreditar, no momento da solicitude da axuda, que está ao corrente das súas obrigas fiscais coa Consellaría de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social.

— Non procederá o pago da subvención en tanto a persoa ou empresa beneficiaria non acredite estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

— Comunicarlle ao Concello Silleda calquera modificación das condicións que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.

— Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.

— O/A beneficiario/a deberá someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola Comisión de Valoración, a quen corresponderá a comprobación destas subvencións, e facilitará a esta e á Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, para o cal deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

3.3.—PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes será ata o 31/12/2015 ou ata esgotar o orzamento, que se contará a partir o día seguinte á data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

A documentación relativa aos proxectos que non resulten subvencionados, poderá ser retirada das dependencias municipais polos/as solicitantes, previa solicitude que debe presentar no rexistro xeral do concello.

Base 4ª.—CONCESIÓN DAS AXUDAS E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO

1.—A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para decidir sobre a concesión ou denegación das axudas, previo informe da Concellería de emprego.

2.—O prazo para resolver será, como máximo, de tres meses dende a presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do concello.

As solicitudes iran resolvéndose a medida que se vaian presentando.

Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda.

Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis.

ANEXO A ACTA DA SESION PLENARIA DE 24 DE SETEMBRO DE 2015, QUE FORMA INTEGRANTE DA MESMA. Secretario: Manuel Quintans Queiruga

Transcorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

A resolución do procedemento publicarase no Taboleiro de Edictos do concello e na páxina web do concello www.silleda.es e poderase notificar individualmente no correo electrónico indicado na solicitude, no prazo de dez días dende a resolución de concesión ou denegación, segundo o artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Contra esta resolución cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición, no prazo de un mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Unha vez concedidas as axudas faranse efectivas nun pagamento único, condicionadas a que a empresa estea ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co concello e á presentación, da documentación seguinte como xustificación da subvención, no prazo anteriormente sinalado:

- a) Unha relación clasificada dos gastos totais, con identificación do/a acreedor/a e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago (Só serán aceptados pagos realizados por medios bancarios). Nas facturas computarase o gasto acreditado deducido o IVE, salvo que a entidade acredite que está exenta de IVE, xa que en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación. Só deberá presentar as facturas relacionadas no Anexo VII.
- c) Facturas orixinais polo importe total da subvención outorgada. As facturas deberán conter os requisitos esixidos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que se aproba o Regulamento polo que regulan as obrigacións de facturación, dos que cabe destacar os seguintes:
 - Número e, no seu caso, serie.
 - Data da súa expedición.
 - Nome e apelidos, razón ou denominación social completa de quen expide a factura e do/a destinatario/a das operacións.
 - Número de identificación fiscal do/a obrigado/a a expedir factura e do/a destinatario/a.
 - Enderezo do/a obrigado/a a expedir a factura e do/a destinatario/a das operacións.
 - Descrición das operacións, consignándose todos os datos necesarios para a determinación da base imponible, o imposto correspondente e o seu importe, incluíndo o prezo unitario sen imposto destas operacións e calquera desconto ou rebaixa non incluído no prezo.
 - O tipo impositivo ou tipos impositivos, no seu caso, aplicados ás operacións
 - A cota tributaria que, no seu caso, repercuta, consignada por separado
 - Especificación, por separado, da parte de base imponible correspondente a cada unha das operacións documentadas na mesma factura nos casos indicados.
- d) Declaración xurada do/a perceptor/a (Anexo VIII), acreditativa dos seguintes extremos:
 - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada. (Só serán aceptados pagos realizados por medios bancarios)
 - Que foron aboadas ás persoas expedicionarias ou, no seu caso, ás persoas titulares do dereito que incorporan.
 - Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi

ANEXO A ACTA DA SESION PLENARIA DE 24 DE SETEMBRO DE 2015, QUE FORMA INTEGRANTE DA MESMA. Secretario: Manuel Quintans Queiruga

practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.

d) Certificados de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda e coa AEAT (Axencia Estatal de Administración Tributaria) da sociedade e de todos/as os/as socios/as.

e) Fotografía do cartel informativo da subvención que será subministrado pola Concellería de emprego.

O prazo para a presentación desta documentación será de 20 días hábiles a contar dende o día seguinte ao da súa notificación da concesión da correspondente axuda.

Toda a documentación presentada deberá estar numerada, con data, identificación da persoa solicitante e da empresa e a sinatura da persoa representante.

A Concellería de emprego, que tramita a concesión, levará a cabo a comprobación da subvención, informando da adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión ou aproveitamento da subvención no momento do pago, sen prexuízo da fiscalización que corresponde ao departamento de intervención.

Base 5ª. PUBLICIDADE

5.1.—PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA E DAS BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DAS AXUDAS.

A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas para o ano 2015 do Programa de axudas municipais á creación de empresas no Concello de Silleda publicarase no boletín oficial da Provincia de Pontevedra, nos xornais de maior tirada da cidade e na páxina web www.silleda.gal e www.silleda.es, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

As citadas bases reguladoras, convocatoria e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes, facilitaranse no servizo de Emprego, na páxina web www.silleda.gal e www.silleda.es e nas dependencias de información do Concello de Silleda.

5.2.—PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS.

Todas as axudas que se concedan serán publicadas, con estas indicacións, na páxina web www.silleda.gal e www.silleda.es, expostas no Taboleiro de Edictos do Concello de Silleda e poderase notificar individualmente no correo electrónico indicado na solicitude.

5.3.—PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PÚBLICO.

Os/as beneficiarios/as das subvencións obxecto desta convocatoria deberán poñer no seu local un cartel de forma visible no que se indique que a actividade está financiada polo Concello de Silleda. O modelo normalizado do cartel será subministrado pola Concellería de Emprego.

Base 6ª.—TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais que deban facilitar os/as solicitantes das axudas só serán aos efectos de comprobar a concorrencia dos requisitos necesarios para obter estas axudas e serán tratados aos exclusivos efectos da concesión das mesmas, sendo responsable do tratamento dos datos a Concellería de emprego.

ANEXO A ACTA DA SESION PLENARIA DE 24 DE SETEMBRO DE 2015, QUE FORMA INTEGRANTE DA MESMA. Secretario: Manuel Quintans Queiruga

Base 7ª.—PERDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

7.1.—PERDA DO DEREITO AO COBRO:

O incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, así como a obtención concorrente doutras axudas compatibles ou incompatibles dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ó reintegro total ou parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pagamento, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.

7.2.—RENUNCIA:

O/a beneficiario/a poderá renunciar voluntariamente á subvención nas condicións que establece a normativa legal de aplicación.

7.3.—NULIDADE, REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S:

En canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En particular a percepción doutras axudas incompatibles coas que son obxecto destas bases dará lugar ao reintegro da axuda municipal, cos correspondentes xuros de demora desde o momento do seu pagamento, salvo que acredite, durante a tramitación do procedemento de reintegro, a renuncia e devolución da axuda incompatible coa municipal. En relación ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os/as beneficiarios/as destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Base 8ª.—NORMATIVA DE APLICACIÓN

A concesión destas axudas rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas bases reguladoras que se conteñen na presente convocatoria, polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Base 9ª.—DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

ÚNICA.- As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á asignación orzamentaria **357631 "PLAN MICROCRÉDITO A EMPREENDEDORES " do orzamento municipal para o ano 2015, cun importe total de 15.000€**. Poderase ampliar o crédito e modificar a partida orzamentaria, logo de declaración de dispoñibilidade do crédito nos termos referidos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, mediante resolución publicada para o efecto.

ANEXO A ACTA DA SESION PLENARIA DE 24 DE SETEMBRO DE 2015, QUE FORMA INTEGRANTE DA MESMA. Secretario: Manuel Quintans Queiruga

Base 10ª.—DISPOSICIÓN FINAL Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no B.O.P. O Concello de Silleda quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que estean obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

Silleda a ,25 de Agosto de 2015.— A Concelleira de Emprego.

E non habendo mais asuntos que tratar se levanta a sesión as 13-25 horas do 24 de Setembro de 2015, do que, eu, o Secretario, dou fe, facendo constar que, a continuación, se incorpora un ANEXO, que forma parte integrante de esta Acta, fórmula usada pola extensión dos textos e porque non afecta ao desenvolvemento e trámites posteriores legalmente esixibles.

Silleda a 24 de Setembro de 2015.

 SECRETARIO

Manuel Quintans Queiruga

